DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 30 de xuño de 2021

ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS

ORDE DO DÍA

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2021, do 28 de maio.....**7**

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia, do 22 de maio de 2021 ata o 21 de xuño de 2021 .....**7**

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello da Coruña para Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2021, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) **7**

Comisión de Benestar Social e Educación

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o Mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2021 e do correspondente convenio. **10**

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2021: accións informativas e formativas e do correspondente convenio de colaboración **18**

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

6. Aprobación do convenio de colaboración que instrumenta a concesión dunha subvención nominativa coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2020" ***26***

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

7. Aprobación do Plan de investimentos 2021, Sexta Fase **35**

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

8. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para cofinanciar as obras de Acondicionamento e

mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns **40**

9. Aprobación da prórroga da vixencia do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Mellora ambiental no Campo de Fútbol de Lariño **49**

10. Aprobación do cambio de titularidade por mutación demanial, a prol do Concello de A Coruña, das estradas: - DP 3001, Acceso ao sanatorio de Sta. Gema en Palavea, - DP 3003, S. Pedro de Visma a Mazaido e - DP 3007, A Grela á Moura **49**

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

11. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 .....**50**

12. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pav. V. P. Nantón", do Concello da Baña, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2200.0207.0. .....**93**

13. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Rehabilitación do convento das Donas" do Concello de Betanzos, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2200.0310.0, levantamento das condicións ás que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra **94**

14. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforma e mellora infraestruturas da agua en ETAP e EDAR de As Lagoas" do Concello de Boimorto, incluída na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/ 2019 co código 2019.2001.0426.0 ..... **96**

15. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora firme viario de Pedrouzo a Igrexa de Pousada e outros", do Concello de Boqueixón, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2200.0211.0, levantamento da condición á que quedara sometida e aprobación definitiva desta obra **97**

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rede de sumidoiros da área recreativa da Veiga a Batán, 2ª Fase", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3110.0136.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento **99**

17. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Colocación de pista

multideporte. Praza As Brañas." do Concello de Negreira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2000.0201.0 ..... **102**

18. Aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado "Colectores xerais e EDAR de Vedra", do Concello de Vedra, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0377.0 ..... **103**

19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viais nas parroquias de Tabeaio e Sergude", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0135.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento **106**

20. Aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado "Obras de rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0157.0 ..... **108**

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

21. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de maio de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de maio de 2021. ..... **110**

22. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a abril de 2021 e proxección a 31/12/2021. ..... **111**

23. Aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2021 ..... **112**

24. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2021 de aprobación polo Pleno. **210**

25. Aprobación da modificación da Base 10ª das de Execución do Orzamento do exercicio 2021. ..... **212**

26. Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios dos exercicios 2019 e 2020. ..... **214**

27. Aprobación da adhesión ao convenio entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas

entidades locais. **214**

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o catálogo do Pazo de Meirás **233**

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre parque eólico no Monte do Gato **242**

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para esixir ao Goberno de España que respete as decisións xudiciais e non conceda o indulto aos líderes independentistas cataláns condenados por sedición **253**

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para que ceda a titularidade aos concellos da provincia nos tramos que así o soliciten, as estradas de titularidade provincial que discorran polos seus municipios **267**

Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local **275**

FÓRA DA ORDE DO DÍA

I. M oción do Grupo BNG sobre a situación da planta de Ferroatlántica..... **290**

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 30 de xuño de 2021.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 30 de xuño de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa Mª Gallego Neira	PP
Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Excusados/as:

María Milagros Castro Sánchez	PSOE
José Manuel Pequeño Castro	PSOE

Actúa como secretario: José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2021, do 28 de maio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 5/2021, do 28 de maio.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia, do 22 de maio de 2021 ata o 21 de xuño de 2021

Dáse conta das Resolucións da Presidencia, do 22 de maio de 2021 ata o 21 de xuño de 2021

3.- Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello da Coruña para Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2021, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a prórroga do Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2021, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM),* de acordo co texto que se achega.

2.- Aprobar a aportación da Deputación da Coruña, por importe de **120.926,27 €**, que representa unha porcentaxe do 28,22 % do total do gasto previsto que é de 428.456,50 €.

Acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2021*, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM).

Na Coruña, o ____ de_____ de 2021, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente”, e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”.Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Coruña no ámbito das súas competencias, ten unha rede municipal de acollida que conta con dous equipamentos de titularidade municipal:

* unha Casa de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orden do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as e os menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero,

* dous pisos de inclusión e transición a vida Autónoma (PITVA).

A Casa de Acollida e/ou pisos de inclusión e transición a vida autónoma forman parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Titulo III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero; o art. 48.1 establece que “Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Con este obxecto asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña o día 2 de novembro de 2020, formalizándose en documento administrativo 66/2020.

A cláusula XIV do dito convenio establece no seu apartado 1 unha vixencia ata o 31 de maio de 2021 e no apartado 2 que *poderá ser prorrogado anualmente* ***ata un máximo de 4 anos****, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio, logo da solicitude previa do Concello da Coruña realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia.*

Con data do 10 de decembro de 2020 o Concello da Coruña solicita a prórroga do convenio para o ano 2021.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello da Coruña ambas as dúas partes acordan formalizar a presente prórroga do convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeiro.- Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 2 de novembro de 2020,

por un ano, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

Segundo.- A achega da deputación da Coruña prevista na prórroga do convenio de colaboración para o ano 2021 é de 120.926,27 €, o que representa unha porcentaxe de 28,22 % do total do orzamento previsto que é de 428.456,50 €.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 0611/23122/46201.

Terceiro.- Este acordo de prórroga entenderase condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

Faise constar que a presente prórroga do convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o Mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2021 e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 70.000,00 €, ao Concello de Culleredo para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2021,* cun orzamento subvencionado de 144.228,35 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 13 de abril de 2021.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2021*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Concello de Culleredo.

EXPOÑEN

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Na lei de servizos socias para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificado o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual, denominado "A Escada".

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan

suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Culleredo, con CIF: P1503100H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2021.*

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Pedagoga	51.698,69 €
	Monitora taller	30.103,38 €
	Animadora social	25.834,51 €
	Auxiliar administrativa	4.102,81 €
	Xefa de Sección de Atención especializada	8.018,96 €
Mantemento de edificio e maquinaria	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mantemento calefacción, contenedores hixiénicos, extintores, fontanería, pintura do centro, etc	6.700,00 €
Subministracións	Obradoiros artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz, etc	500,00 €
Transporte		14.500,00 €
Seguros		800,00 €
Traballos a realizar por outras empresas	- Obradoiro físico deportivo	1.970,00 €
TOTAL GASTOS		144.228,35 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 48,53 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 48,53 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Culleredo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Culleredo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Culleredo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer a*s actividades do Concello de Culleredo*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Centro Ocupacional A Escada.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Culleredo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

*** Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2020.

*** Orzamento** da entidade para o exercicio 2021**,** plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

*** Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

*** Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

*** Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades

realizadas durante o ano 2021.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada polo Concello de Culleredo.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Culleredo terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés

legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Culleredo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Culleredo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro

órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Culleredo, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2021: accións informativas e formativas e do correspondente convenio de colaboración

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **17.000,00 €**, á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2021: accións informativas e formativas,* cun orzamento subvencionado de 24.285 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 11 de maio de 2021.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2021: accións informativas e formativas.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación da Fundación Paideia Galiza

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos,

estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

2.- Segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Fundación Paideia Galiza,** con CIF G15798655, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2021: accións informativas e formativas.*

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Paideia Galiza levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	
Gastos de persoal (nóminas e seguridade social)		18.120,00 €
Persoal técnico e administrativo	17.120,00	
Persoal xestión publicidade e difusión	1.000,00 €	
Material difusión (memorias USB, cadernos/blocs,..)		2.000,00 €
Gastos da actividade (desprazamentos)		500,00 €

Gastos da actividade (subscrición plataforma dixital on line, difusión en redes sociais e plan de soporte de bases de datos)		880,00 €
Gastos xerais:		2.785,00 €
Subministracións (auga e electricidade)	700,00 €	
Teléfono e internet:	600,00 €	
Material oficina e informático:	785,00 €	
Limpeza (nóminas e seguridade social):	700,00 €	
TOTAL		**24.285,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 70%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación Provincial da Coruña só achegará o importe que represente o **70 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación Provincial da Coruña é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Paideia Galiza obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia

Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Fundación Paideia Galiza, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demáis documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito

desde o **1 de xaneiro de 2021**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación do convenio de colaboración que instrumenta a concesión dunha subvención nominativa coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2020"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe
2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

- A Confederación Galega de Persoal con Discapacidade (COGAMI) a través do proxecto “Servizo de Intermediación Laboral 2020” ten por finalidade principal conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dous seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativa.
  O colectivo de persoas con discapacidade é un colectivo cunhas especiais dificultade de inserción, tal e como o avalan os datos publicados nos informes do Mercado de Traballo publicados polo observatorio das ocupacións -Servizo Público de Emprego-

- A concesión da achega da Deputación fóra das convocatorias de concorrencia competitiva, que en cada exercicio orzamentario tramítanse no Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, segundo a memoria presentada pola citada entidade, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, consiste principalmente pretende lograr a promoción a inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.

- Un dos obxectivos principais que pretende a entidade é: Informar, asesorar, formar e capacitar para o emprego a persoas con discapacidade/incapacidade laboral permanente que estean en situación de desemprego así como aumentar o nivel de autonomía na busca de emprego, o incremento da motivación da persoa usuaria e a elaboración de estratexias máis realistas na procura de emprego.

- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse

nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva da Área.

- O importe da axuda provincial vén determinado pola dimensión económica do proxecto. Neste sentido, a porcentaxe de financiamento determinouse na consideración de que a actividade non ten fin lucrativo

- Por outra banda o servizo desenvolvido pola entidade COGAMI é o único que cubre o conxunto do territorio galego, que contempla o achegar o servizo á persoas, facendo atención directa ás persoas no conxunto das comarcas galegas, e que ven acadando grandes resultados de inserción laboral do colectivo polo que a concesión directa da subvención prevista nominativamente no orzamento provincial e regulada por convenio, considérase suficientemente motivada a dita concesión por todo o exposto queda probado o interese público da actividade proposta.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) CIF G32115941, para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2020" A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 90.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 22,43 %.

4º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24101/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

5º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de "Servizo de Intermediación Laboral 2020".

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e CONFEDERACIÓN GALEGA DE

PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

1 Consideran de gran interese para a provincia a realización do congreso dado que “Servizo de Intermediación Laboral 2020” ten como obxectivo lograr a promoción a inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.
.

2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), con CIF G322115941, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “Servizo de Intermediación Laboral 2020”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	**IMPORTE**
GASTOS DE PERSOAL (SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL):	
Persoal orientador	309.857,94€
Persoal complementario (Traballador/as sociais, técnico/a xurídco, proxectos…)	24.909,72 €
Persoal de coordinación	23.559,65 €
Persoal de xestión económica	14.664,38 €
GASTOS XERAIS:	
Aprovisionamentos	4.921,37 €
Reparacións e mantemento	3.354,51 €
Subministros	5.244,54 €
Comunicacións	3.973,99 €
Gastos de desprazamentos	4.066,39 €

Mantenimento (limpeza)	5.972,01 €
Outros aprovisionamentos (Sistema control horario)	615,94 €
TOTAL	**401.140,44€ €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **90.000,00** € o que representa unha porcentaxe de **22,43%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 22,43 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/24101/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.
3. No caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON

DISCAPACIDADE (COGAMI) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2020**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable le lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na

presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2020**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2021 sempre e cando exista crédito para tal fin**
2. Para o caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de setembro de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, por resolución de presidencia, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da

Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade

CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)"

7.- Aprobación do Plan de investimentos 2021, Sexta Fase

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeras y compañeros de Corporación.

Es cierto que he hablado con el portavoz del Partido Socialista y me ha aclarado algo, ha intentado aclararme algo al respecto de este asunto, pero nosotros nos vamos abstener porque en el proyecto de Galanas, que es un proyecto tan necesario en el concello de Teo, que nosotros entendemos que es muy necesario, pero hay un informe de Intervención que textualmente dice lo siguiente y quiero leerlo:

“Con respecto a la obra de terminación de ampliación de la plataforma y mejora del trazado DP-8202 Galanas a Cacheiras punto kilométrico 3.5-4.24, es preciso poner de manifiesto que el proyecto que se propone aprobar ha sido redactado en junio de 2021 y que la autorización de la Dirección General de Patrimonio, imponiendo una serie de condiciones y que propició por parte de la redacción de este nuevo proyecto es de julio de 2018”.Bueno, por algo más yo os pido, por favor, que vayáis al expediente y lo leáis.

Es cierto que se comenta por parte del Grupo Socialista que el proyecto está adecuado al informe en su momento de Patrimonio, pero no es menos cierto que lo que es preceptivo es que haya un informe de Patrimonio sobre el proyecto no sobre las recomendaciones que en su momento hizo para modificar un proyecto. En consecuencia, si queremos que esta obra se ejecute lo antes posible, si queremos que esta obra se ejecute para bien de todos, como tiene que hacerse, lo suyo es que se pida una actualización de este, que se mande a patrimonio este proyecto para una actualización de este informe, porque, si no, lo que podemos conseguir es que se retrase aún más algo que tenía que estar ya hecho. Entonces, nosotros, con toda la intención de que esto se haga, que es necesario, y es importante para la zona, pero entendiendo que no se están haciendo las cosas bien, nos vamos a abstener y, es más, yo recomendaría que en este punto, la parte de Galanas se retirara y que se trajera lo antes posible como Dios manda, porque, si no, esto puede conllevar un retraso mayor en esta obra.

Nada más y gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todas e a todos.

Como xa lle comentei ao voceiro do Partido Popular, unha vez revisado o expediente, hai unha autorización, que iso pasa en moitas ocasións na Dirección Xeral de Patrimonio, informando favorablemente esas obras cunha serie de condicións, é dicir, é un informe favorable condicionado. Esas condicións cúmprense e acredítase no informe elaborado polo propio Departamento de Vías e Obras no que, transcribo literalmente, “Este servicio informa que la redacción del mismo se finalizó en julio de 2021 y que se cumplen los condicionantes establecidos en la autorización de la Dirección General de Patrimonio, en la cual se encuentra”, número de expediente, etcétera. A resolución de Patrimonio concretamente o que di é: “Resolvo autorizar esas obras solicitadas coas condicións sinaladas no informe do Consello Territorial de Patrimonio”.

Polo tanto, esas condicións cúmprense en base ao informe redactado polos técnicos da Deputación e, polo tanto, non hai ningún impedimento para continuar con esa obra e esa autorización é plenamente firme, non había que remitir novamente ningún tipo de proxecto para que se puidera executar.

Sr. Ben Otero

Muy brevemente, yo no quiero abrir un debate sobre esto porque es un tema en que todos coincidimos en que esta obra tiene que ejecutarse y ejecutarse lo antes posible. Yo lo que espero, confío y deseo es que no venga una paralización de esta obra porque entonces sí los términos de nuestra intervención, si esto sucede, serán de otro sentido.

Hemos avisado con la mejor de las intenciones y, en consecuencia y haciendo caso de los informes de los técnicos de la casa, no los técnicos de parte, que son los que presentan el proyecto, sino de los que fiscalizan, controlan el funcionamiento de esta casa, a los habilitados; en consecuencia nosotros nos vamos a abstener y avisamos y advertimos de que, si esta obra sufre un nuevo retraso por una mala praxis en este caso que nosotros estamos dando cuenta de ella, pues nosotros evidentemente actuaremos de otra manera y afearemos la conducta mucho más. Simplemente hoy es una advertencia y simplemente una advertencia en el buen sentido de la palabra que nos preocupa que esto se demore más en el tiempo y que hagamos las cosas bien y hagamos bueno aquel dicho de vísteme despacio que tengo prisa.

Gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

No informe de Intervención ao que se facía referencia no apartado doutras consideracións o que se fai constar é: “Antes de la aprobación de los proyectos se emita informe técnico acreditando fehacientemente que el proyecto de junio de 2021 cumple las condiciones impuestas por Patrimonio”. Isto é o que di a Intervención, e hai un informe precisamente dicindo que se cumpren; polo tanto, en principio, estariamos dando tamén cumprimento a estas consideracións que se establecen no informe de Intervención, polo menos na copia que eu teño aquí. Pero, ben, en todo caso, agradécese a preocupación polo tema, pero xa lle traslado que en principio se está cumprindo con todo o establecido.

Sr. Lema Suárez

Eu quería pedirlle presidente que dea quenda de palabra segundo se solicita, porque se non, entramos aquí nun diálogo, e creo que o que corresponde é que se respecte a petición de quenda de palabra.

A verdade é que creo que xa está exposto sobradamente polo portavoz do Goberno que o novo proxecto se axusta a aqueles requirimentos establecidos por Patrimonio da Xunta no ano 17 e que por iso se trae aquí a aprobación hoxe. A min sorprendíame, igual que non deixa de sorprenderme o ton intimidatorio, creo, ou pretendidamente intimidatorio do voceiro do Partido Popular hoxe, sorpréndeme esta teimosía do Partido Popular en retrasar esta obra en particular. Tanto é así que preguntei ao alcalde de Teo quen era o propietario desta finca en concreto que se pretende salvagardar con tanto, tanto interese por parte do representante do Partido

Popular aquí hoxe. E, efectivamente, como non podía ser menos, “con la Iglesia hemos topado, Sancho”. Efectivamente, non quero supoñer que o Partido Popular defende intereses particulares por riba dos intereses da veciñanza de Teo e dos lugares polos que pasa esta estrada pero, como hai precedentes, e tantas veces nas que isto sucede, pois eu pregúntome se o Partido Popular hoxe está defendendo máis os intereses do dono desta finca en particular e deste muro, ou os intereses da veciñanza de Teo. Porque a verdade é que como hai tanto interese e tanta teimosía en retrasar, en retardar o máximo posible a execución deste proxecto que vai ir en proveito de todos os veciños de Teo, pois a verdade é que non deixa de parecerme sospeitoso, porque xa estamos, é a segunda vez que se trae aquí, volvemos a buscarlle defectos cando está sobradamente exposto que se adapta o proxecto novo aos requirimentos de Patrimonio e. por tanto. empezo a pensar que hai outro tipo de motivos á hora de intentar impedir que se aprobe este proxecto.

Nada máis e grazas.

Sr. Ben Otero

Es obvio que esto requiere de una intervención que no tenía ni pensado. No hay un tono intimidatorio, no lo hay, simplemente es un tono de advertencia; en muchas ocasiones se han retirado puntos del orden del día, en esta propia sesión y lo hemos facilitado para evitar que las cosas fueran mal en otros sentidos.

Hasta ahí la primera parte de la intervención. Ahora bien, no sé lo que vienes a sugerir con tu intervención, Lema, no lo sé. Primero, no sé ni de quién es este muro ni de quién es la finca, no tengo ni idea, ni me importa. El Partido Popular nunca paró este proyecto, nunca, lo paró Patrimonio, que no es lo mismo que el Partido Popular, no es lo mismo. Y estos comentarios que tú haces me parecen fuera de punto, fuera de tono y me parecen fruto de la desesperación de lo que las encuestas os dan, lo que los últimos resultados han traído y de alguna manera vienen a dar cuenta de la situación en la que estáis, que sois el sueño de una noche de verano que empezó el 15M y se va a acabar y se está diluyendo en el tiempo. Ese no es mi problema, buscad acogida en el BNG, de donde salisteis, o en algún otro sitio, aunque dudo mucho que os vayan a acoger. Y fue bonito mientras duró.

Nada más y muchas gracias, señor Lema.

Sr. Presidente

Ben, para falar de estradas, simplemente rematar dicindo que creo que non está de máis en calquera caso para maior seguridade, evidentemente todos estamos a favor deste proxecto, vamos continuar coa tramitación, con normalidade, se os servizos técnicos de absoluta solvencia como son os da Deputación confirman, como confirmaron no informe, que se cumpren as condicións de Patrimonio, é o habitual, evidentemente, polo tanto nós vamos continuar a tramitación, pero imaxino que será xa o pertinente e o correcto administrativamente que este proxecto xa coas modificacións ordenadas por Patrimonio se remitira tamén a Patrimonio para o seu coñecemento, e incluso tampouco estará demais que nas conversacións habituais

que teñen entre Vías e Obras e Patrimonio da Consellería falen abertamente desas modificacións, non hai ningún tipo de problema, non? Ademais, haberá tempo, porque nosoutros licitando tampouco é que sexamos Speedy González na Administración e, polo tanto, haberá tempo para que, se hai que facer algunha modificación a maiores, que supoño que non, se puidera facer.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e a abstención do PP, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTOS EN VIAS PROVINCIAIS 2021 SEXTA FASE cun orzamento total de 584.859,97.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
2021.1110.0007.0	DP 8202 TERMINACIÓN AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO DA DP 8202 GALANAS A CACHEIRAS, P.Q. 3+500 AO 4+240	TEO	478.383,98
2021.1110.0008.0	MELLORA OBRA DRENAXE TRANSVERSAL PQ 1+720 DP 1707, OLEIROS A PRAVIO. RÍO SAN PEDRO.	OLEIROS	106.475,99

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para cofinanciar as obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para cofinanciar as obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns cunha achega provincial de **52.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/3230/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do **65.88917%** respecto dun orzamento de **78.920,40 euros,**

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA TÉRMICA DE CUBERTA E FACHADAS DA EIM O BOSQUE EN BERTAMIRÁNS

Na Coruña, a _____ de_____de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, _____o representante da Deputación Provincial da Coruña.
Doutra parte, _____o representante do Concello de Ames.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.
A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.
Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local
O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:…. d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
Neste sentido, o Concello de Ames considera de primeira necesidade as actuacións ao considerar o seguinte:
O Concello de Ames ven experimentando desde fai varios anos un importantísimo crecemento poboacional, senón o maior de toda Galicia, si desde logo un dos mais importantes, e que trouxo consigo que nos últimos 25 anos este Concello pasara duns 10.000 habitantes aos mais de 32.000 que ten na actualidade, é dicir, que triplicou a súa poboación. Este elevadísimo crecemento poboacional presenta tamén unha característica moi peculiar que non se da en outros lugares, e que resulta ser que a maior parte deses novos veciños do Concello son nenos nados en Ames (sobre 350 nacementos/ano, é dicir practicamente nace un neno/a cada día). Este dato por sí solo da unha idea moi clara da gran cantidade de nenos pequenos que hai neste Concello, o que trae consigo unha gran demanda de prazas de gardería.

As instalacións modulares que pretenden repararse e acondicionar son 3 aulas destinadas a nenos de 1-2 anos e que dan servizo a uns 39 usuarios e nestas instalacións existen servizo sde dormitorio, baño, etc que coas deficiencias actuais non poden utilizarse a pleno rendemento. A maior abundamento estas deficiencias están provocando deterioros na estrutura que resulta necesario atallar para evitar males maiores e que ao final de non solucionarse agora suporan un maior desembolso económico. Coa execución destas obras de reparación e mellora conseguiríase unha instalación acorde a súa demanda, unha redución dos custes de mantemento (menor consumo enerxético pola mellora das condicións térmicas da instalación). Dada a escaseza de recursos económicos deste Concello que ten un elevadísimo gasto corrente debido en boa parte á gran cantidade de servizos que se ve obrigado a prestar polas características da súa poboación composta principalmente por nenos, mozos e xente menor de 40 anos (garderías, escolas deportivas, comedores escolares, tardes divertidas, servizos de conciliación, etc.) non se dispón de recursos económicos suficientes para afrontar a totalidade da inversión para o acondiconamento e mellora térmica da cuberta e fachadas da gardería municpal “O

Bosque" de Bertamiráns.."

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Ames** ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello da Ames** con CIF **P1500200I** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Salgado e Liñares SLP de data 13.11.2020.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

CONCEPTO	**IMPORTE (€)**
Presuposto execución materíal	54.809,64
13 % gastos xerais	7.125,25
6 % beneficio industrial	3.288,58
Presuposto base de licitación IVE Incluído	65.223,47
Imposto sobre valor engadido 21%	13.696,93
Total presuposto das obras	78.920,40

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **52.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **65,88917 %.** A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cabanas do proxecto modificado do investimento denominado “Rede de sumidoiros da área recreativa da Veiga a Batán, 2ª Fase”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3110.0136.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación

coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 8 de xuño de 2017, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Cabanas cos seguintes datos:

			FINANCIAMENTO			
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento Total**	**Condicións pendentes**
2017.3110.0136.0	Cabanas	Rede sumidoiros da área recreativa da Veiga a Batán, 2ªFase”	112.425,66	0,00	112.425,66	-Autorización de Augas de Galicia -Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural -Acreditación da dispoñibilidade de terreos

Logo de aprobar o Concello de Cabanas un proxecto modificado deste investimento co único propósito de cambiar parte do trazado do saneamento inicialmente previsto ante as dificultades xurdidas para a obtención da dispoñibilidade dos terreos, dado o elevado número de parcelas privadas afectadas e servidumes necesarias para a execución das obras inicialmente previstas e que este proxecto modificado conta con todas as autorizacións sectoriais esixidas polo novo trazado (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e de Augas de Galicia) e que cumpre cos condicionantes impostos polos respectivos organismos sectoriais segundo indica o arquitecto municipal nos informes que emite o 7 de xuño de 2021

Logo de acreditar a secretaria do concello, no seu informe do 7 de xuño de 2021, a dispoñibilidade dos terreos para a execución do investimento previsto neste proxecto modificado

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que non varía o orzamento de contrata con respecto do proxecto inicialmente aprobado e que ademais consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 7 de xuño de 2021 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado asinado na mesma data

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no BOP número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento “Rede de sumidoiros da área recreativa da Veiga a Batán, 2ª Fase”, do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3110.0136.0, que foi aprobado de forma condicionada a obtención das autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e Patrimonio Cultural, así como á acreditación da dispoñibilidade de terreos polo Pleno desta deputación na sesión extraordinaria realizada o 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que aínda non está adxudicado, que mantén o mesmo orzamento de contrata con respecto do proxecto inicial, pero que implica un cambio do trazado inicialmente previsto, motivado polas dificultades xurdidas para a obtención da dispoñibilidade dos terreos, dado o elevado número de parcelas privadas afectadas e servidumes necesarias para a execución das obras, que fan necesaria ademais a autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, que tamén consta no expediente, sendo os seus datos os que figuran na seguinte táboa:

			FINANCIAMENTO			
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento Total**	**Condicións realizadas**
2017.3110.0136.0	Cabanas	Rede sumidoiros da área recreativa da Veiga a Batán, 2ªFase”	112.425,66	0,00	112.425,66	-Autorización de Augas de Galicia -Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural -Acreditación da dispoñibilidade de terreos

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida esta obra, segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación do 8 de xuño de 2017, polo que se aprobou o POS+ 2017, consistente na obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia, así como da constatación da dispoñibilidade dos terreos, toda vez que o Concello de Cabanas presentou un proxecto modificado que obtivo esas autorizacións e para o que se conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2017, que ademais conta cun informe favorable da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, que non era necesario para o proxecto inicial pero é preciso para o proxecto modificado, segundo informa o arquitecto municipal nos seus informes do 6 de agosto de 2020 e do 7 de xuño de 2021.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/1604/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle esta Resolución ao Concello de Cabanas para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución desta obra incluída no POS+ 2017."

17.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Colocación de pista multideporte. Praza As Brañas." do Concello de Negreira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2000.0201.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018.

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019.

Logo de ver que na listaxe dos investimentos que se inclúen no Anexo do citado acordo plenario de aprobación do POS+2019, figura entre outros, a obra do Concello de Negreira denominada “Colocación de pista multideporte. Praza As Brañas.”, co código 2019.2000.0201.0.

Logo de presentar o Concello de Negreira un proxecto modificado desta obra, que xa está adxudicada, e que o citado proxecto non ten incremento no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, que se achega a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente xunto coa demais documentación técnica e administrativa xustificativa da modificación e que conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Negreira denominada “Colocación de pista multideporte. Praza As Brañas” incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2000.0201.0, aprobada polo Pleno desta deputación na

sesión ordinaria realizada o 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que non varía o orzamento de contrata da obra respecto do proxecto técnico inicial, nin o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que presenta unha variación interna nas súas partidas superior ao 30% do PEM para adecuar as instalacións ás necesidades requiridas e ás máximas condicións de funcionalidade e seguridade.

Proxecto Modificado “ Colocación de pista multideporte. Praza As Brañas ” Concello de Negreira 2019.2000.0201.0			
Axentes financeiros	**Orzamento de contrata**	**Orzamento de Adxudicación**	**Baixa**
Deputación	46.203,75	41.666,54	4.537,21
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	46.203,75	41.666,54	4.537,21

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Negreira para os efectos oportunos."

18.- Aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado "Colectores xerais e EDAR de Vedra", do Concello de Vedra, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0377.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado “Colectores xerais e EDAR de Vedra”, do Concello de Vedra, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0377.0., no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos datos que se indican a continuación:

			Financiamento		
Concello	**Código**	**Denominación**	**Préstamo deputación**	**Achega concello**	**Orzamento Total**
Vedra	2019.2200.0377.0	Colectores xerais e EDAR de Vedra	149.177,38	350.308,27	499.485,65

Tendo en conta que este investimento aprobouse condicionado á supervisión técnica favorable do proxecto técnico e á obtención das autorizacións de Augas de Galicia (obras e vertidos), do Servizo de Conservación da Natureza e a avaliación de impacto ambiental simplificada da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e que mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial núm. 2020/6342, do 19 de febreiro de 2020, tómase coñecemento da aprobación polo Concello de Vedra dun proxecto modificado asinado o 5 de xuño de 2019 polo mesmo enxeñeiro industrial, César del Río Tapias, que xa redactara o proxecto inicial, coa única finalidade de corrixir no proxecto inicial as deficiencias advertidas nel polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación (SATM) no seu informe do 8 de abril de 2019 e apróbase definitivamente o investimento logo de cumprirse as condicións ás que estaba sometido, tras obter as autorizacións dos organismos sectoriais citados e terse incorporado ao expediente un informe de supervisión técnica favorable emitido o 17 de outubro de 2019 polo SATM

Tendo en conta que o Concello de Vedra adxudicoulle este investimento á empresa Espina y Delfín, S.L. co NIF B15026693, mediante Resolución da Alcaldía do 29 de setembro de 2020, e que no día de hoxe constan dúas certificacións de execución deste investimento por un importe total 111.565,84 €, quedando pendente de certificar 265.296,09 €

Logo de aprobar o Concello de Vedra, previos os informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do director da obra, do representante da empresa adxudicataria e do redactor do proxecto, un proxecto modificado número 2 deste investimento, asinado dixitalmente o 21 de maio de 2021 polo enxeñeiro industrial César del Río Tapias, que xa redactara o proxecto inicial e o modificado anterior, que mantén o mesmo orzamento de contrata, coa única finalidade de introducir unha serie de modificacións solicitadas pola empresa adxudicataria para adecuar as discrepancias existentes entre a realidade da obra e as previsións contidas no proxecto orixinal, en canto a novas necesidades xurdidas e outros condicionantes relativos á propia execución, pretendendo desta forma que as obras se poidan levar a bo termo e optimizar o mantemento da EDAR.

Logo de ver a certificación emitida o 9 de xuño de 2021 polo secretario do concello da Resolución da Alcaldía da mesma data, na que resolve que todas as referencias feitas ao Proxecto modificado nº 1, asinado dixitalmente con data 21 de maio de 2021, enténdense feitas ao Proxecto modificado nº 2, asinado dixitalmente o 21 de maio de 2021

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 25 de maio de 2021

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado número 2 do investimento denominado “Colectores xerais e EDAR de Vedra”, do Concello de Vedra, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0377.0, que foi aprobado mediante acordo plenario desta deputación do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 2019/19076, do 31 de maio de 2019, de forma condicionada á obtención da supervisión favorable do SATM e das autorizacións de Augas de Galicia (obras e vertidos), do Servizo da Conservación da Natureza e a avaliación de impacto ambiental simplificada da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e aprobado definitivamente, logo de presentar un proxecto modificado, pola Resolución de Presidencia número 6342 do 19/02/2020; que está adxudicado e parcialmente certificado por importe de 111.565,84 €; que se aprobou polo concello previa conformidade do redactor do proxecto e do director da obra e coa conformidade do contratista, que ten como único propósito reflectir as modificacións solicitadas pola empresa adxudicataria da obra para adecuar as discrepancias existentes entre a realidade da obra e as previsións contidas no proxecto orixinal, en canto a novas necesidades xurdidas e outros condicionantes relativos á propia execución, pretendendo desta forma que as obras se poidan levar a bo termo e optimizar o mantemento da EDAR, e que conta cos correspondentes informes técnico e xurídicos favorables, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Vedra Código: 2019.2200.0377.0 “Colectores xerais e EDAR de Vedra”	**Préstamo deputación**	149.177,38	149.177,38	0,00	44.162,32	105.015,06
	Achega concello	350.308,27	227.684,55	122.623,72	67.403,52	160.281,03
	Total	499.485,65	376.861,93	122.623,72	111.565,84	265.296,09

2.- O achega do préstamo provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/9436/82120 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Vedra para os efectos de que poida continuar coa execución deste investimento."

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viais nas parroquias de Tabeaio e Sergude", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0135.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo ao proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de viais nas parroquias de Tabeaio e Sergude” ,do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0135.0 no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Carral.

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

			FINANCIAMENTO			
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento Total**	**Condicións pendentes**
2019.2000.0135.0	Carral	Mellora viais	61.439,00	0,00		-Autorización de Augas

		parroquias de Tabeaio e Sergude			61.439,00	de Galicia -Autorización de Patrimonio Cultural

Logo de aprobar o Concello de Carral un proxecto modificado deste investimento, asinado o 15 de maio de 2021 polo mesmo arquitecto técnico que xa redactara o proxecto inicial, Diego Manuel Rivas Rodríguez, con idéntico orzamento de contrata, previos os correspondentes informes favorables, que foi redactado coa única finalidade de substituír nel a actuación prevista no Vial en A Lameira (parroquia de Tabeaio), non autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola actuación na mesma parroquia da mellora e acondicionamento no acceso e zona de aparcadoiro do Campo de Fútbol Municipal Borja Rodríguez Ans, Polígono de Os Capelos, que xa non fai necesaria a autorización de Patrimonio Cultural para a execución deste investimento

Logo de ver que este proxecto modificado do 15 de maio de 2021 é o que xa redactara o dito arquitecto técnico o 17 de maio de 2020 e se presentara polo concello na plataforma subtel desta deputación o 13 de abril de 2021como proxecto modificado autorizado por Augas de Galicia, que tivo que corrixirse para emendar as deficiencias indicadas nos informes de supervisión desfavorables emitidos o 14 de abril e o 11 de maio de 2021 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación (SATM)

Logo de ver a Resolución asinada o 17 de decembro de 2020 pola Dirección Xeral de Augas de Galicia, autorizando as obras contidas nun proxecto modificado presentado no dito organismo o 20 de maio de 2020, cunha serie de condicións e cun prazo de validez de 24 meses

Logo de ver un informe do arquitecto municipal do 1 de xuño de 2021, no que indica que o proxecto modificado asinado o 15 de maio de 2021 non precisa da autorización de Patrimonio Cultural, que conta coa autorización de Augas de Galicia e que cumpre os condicionantes impostos na Resolución emitida por este organismo o 17 de decembro de 2020

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que consta ademais no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 27 de maio de 2021 polo SATM desta deputación respecto deste proxecto modificado asinado o 15 de maio de 2021

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas polo Pleno desta deputación o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de viais nas parroquias de Tabeaio e Sergude”, do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0135.0, que foi aprobado de forma condicionada á obtención das autorizacións sectoriais de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia, polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que ao estar condicionado aínda non está adxudicado, que mantén o mesmo orzamento de contrata con respecto do proxecto inicial, pero que implica un cambio do trazado inicialmente previsto motivado pola necesidade de substituir na mesma parroquia as actuacións previstas no vial de Lameira, ao non ser autorizadas por Patrimonio Cultural, polas de mellora e acondicionamento no acceso e zona de aparcadoiro do Campo de Fútbol Municipal Borja Rodríguez Ans, Polígono de Os Capelos, que xa non fan necesaria a autorización de Patrimonio Cultural para a execución do investimento, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

			FINANCIAMENTO			
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento Total**	**Condicións cumpridas**
2019.2000.0135.0	Carral	Mellora viais parroquias de Tabeaio e Sergude	61.439,00	0,00	61.439,00	-Autorización de Augas de Galicia -Non é necesaria a autorización de Patrimonio Cultural

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido este investimento, segundo o apartado 2 do citado acordo plenario desta deputación adoptado o 26 de abril de 2019, consistentes na obtención da autorización de Augas de Galicia, mediante a Resolución asinada o 17 de decembro de 2020 pola Dirección Xeral de Augas de Galicia e que xa non é necesaria a autorización de Patrimonio Cultural, polo cambio de trazado realizado a través deste proxecto modificado, consonte ao indicado polo técnico municipal no seu informe do 1 de xuño de 2021 e, en consecuencia, levantar as condicións suspensivas ás que fora sometido e aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2019.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carral para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

20.- Aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado "Obras de rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100. 0157.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado *"*Obras de rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena*"*, do Concello das Pontes de García Rodríguez (en adiante As Pontes de G.R.), incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100. 0157.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de febreiro de 2016 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica, que foi aprobada definitivamente mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial núm. 2016/6844, do 29 de marzo de 2016, logo de levantarse a condición consistente na ratificación polo Pleno municipal da aprobación do proxecto, a que fora sometida a súa aprobación definitiva

Logo de aprobar o Concello das Pontes de G.R. un proxecto modificado número 1 desta obra, que non estaba adxudicada, que foi aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 30 de outubro de 2020, sen variación económica, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para solucionar os problemas de condensación e luminarias defectuosas atopados neste pavillón secundario do concello

Logo de aprobar o Concello das Pontes de G.R. un proxecto modificado número 2 desta obra, que segue sen estar adxudicada, con incremento do seu orzamento de contrata que é asumido integramente polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de introducir nel un material de pista que sirva para multideporte pero que garanta tamén que se poidan practicar nela os deportes de rodas

Tendo en conta que consta tamén no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 31 de maio de 2021 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación en relación con este proxecto modificado núm. 2 asinado dixitalmente o 14 de maio de 2021, asi como unha declaración responsable ante Augas de Galicia, presentada polo concello o 14 de xuño de 2021, necesaria para a súa execución segundo indica o arquitecto municipal no seu informe do 11 de xuño de 2021

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado número 2 do investimento denominado “Obras de rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena”, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, co código 2016.2100.0157.0, que aínda está sen adxudicar, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes favorables, que supón un incremento do seu orzamento total que é asumido integramente polo concello para o que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente, segundo informa a interventora municipal, que foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e que non precisa máis que dunha declaración responsable ante Augas de Galicia que xa foi presentada polo concello, para introducir no proxecto un material de pista que sirva para multideporte pero que garanta tamén que se poidan practicar nela os deportes de rodas, cos datos que se indican a continuación:

“Rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena” 2016.2100.0157.0 As Pontes de G.R.	**MODIFICADO Nº 1**	**MODIFICADO Nº 2**	**DIFERENZA**
Deputación	97.187,33	97.187,33	0,00
Concello	0,00	30.222,15	30.222,15
Total	97.187,33	127.409,48	30.222,15

O financiamento da achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Notificarlle este acordo ao Concello das Pontes de García Rodríguez para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento incluído no POS 2016."

21.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de maio de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de maio de 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de maio de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de maio de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

22.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a abril de 2021 e proxección a 31/12/2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de abril de 2021, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2021, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2020 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

O Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 e o Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro acordaron suspender as regras fiscais

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

23.- Aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2021

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 13 deputados/as

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

"Vistas as peticións formuladas dende os diferentes servizos/unidades en relación co asunto de referencia e que conforman os seguintes

I.- ANTECEDENTES.

Dende o Gabinete de Presidencia con motivo do volume de traballo existente solicitan a creación dun posto de Xefatura de sección de Prensa (A1/A2), en réxime de especial dedicación e un Técnico superior, administración especial, subgrupo A1.

A Asesoría xurídica manifesta a necesidade de reforzar o servizo coa creación dun novo posto de Letrado/a asesor adxunto/a, así como reconfigurar un dos postos xa existentes como técnico xurídico, en atención ao seu contido funcional. Propón tamén, eliminar a especial dedicación dun posto de administrativo ao non existir xa as circunstancias polas cales se estableceu no seu momento.

O Servizo de fiscalización e control financeiro reitera a súa necesidade de contar cun maior número de efectivos, especialmente no tocante ás subvencións de entidades con ánimo de lucro, para o que solicitan a creación dunha xefatura de negociado. Asimesmo, solicitan modificar o actual organigrama do Servizo cambiando algunhas

dependencias entre as xefaturas de sección e as de negociado (que se renomean de xeito numérico para simplificar a súa identificación) e pasando os postos base a depender directamente da Xefatura de servizo.

Dende a Tesourería Provincial poñen de manifesto a necesidade de reforzar a atención ao contribuínte tanto de xeito telemático e telefónico como presencial, polo que solicitan a creación de catro prazas e postos de Técnico/a de xestión tributaria que presten servizo con carácter rotatorio entre as distintas unidades de atención ao contribuínte.

A dirección do IES Rafael Puga Ramón informa que nese centro algunhas materias, que con anterioridade se consideraban temporais e conxunturais, na actualidade teñen carácter continuista, xa que se consideran esencias para a correcta formación do alumnado.

As modificacións das Leis orgánicas que regulan a educación e nas que se da un papel prioritario e cada vez mais importante á oferta educativa dos centros, reflectido nunha cada vez maior optatividade, traen como consecuencia a necesidade da creación dunha praza de profesor/a de Bioloxía e outra de Lingua Inglesa.

As diferentes modificacións dos currículos formativos e a ampliación da oferta formativa do centro motivan que desde a dirección do IES Rosalía Mera se solicite a creación dun posto de profesor/a de ensino secundario na especialidade de sistemas electrotécnicos e automáticos e un posto de profesor/a técnico de FP coa especialidade de mecanizado e mantemento de máquinas.

O Servizo de desenvolvemento territorial e medio ambiente solicita cambiar a denominación do mesmo para adaptalo á realidade das funcións que desenvolve polo de: Servizo de desenvolvemento territorial e transición ecolóxica, e a creación de dúas prazas e postos de Técnico de xestión de administración xeral, subgrupo A2, para o PEL, dada a carga de traballo existente.

O Servizo de acción social, cultura e deportes manifesta a sobrecarga de traballo existente na Sección de Servizos Sociais, concretamente en materia de igualdade, onde unicamente contan cunha técnica de políticas de igualdade, e propoñen a creación doutra praza e posto coas mesmas características que esta engadindo ás titulacións xa requeridas na actualidade para acceder a estas prazas as seguintes: Grao en Educación social, en Traballo social ou en Igualdade.

A Dirección do Fogar Infantil Emilio Romay solicita a creación dunha praza e posto de Titor/a de garda para reforzar os servizos que se prestan no centro e poder cubrir de maneira axeitada as quendas de traballo do persoal.

Dende a Biblioteca Provincial informan que o posto existente de Auxiliar técnico de biblioteca ven desempeñando as súas funcións en quenda de tarde, polo que sería preciso modificar a valoración do dito posto adecuándoa ao dito horario.

Por Resolución de Presidencia de 28/08/2020 (BOE nº 239 de 7/9/2020) convocouse concurso xeral de méritos para a provisión de postos de traballo que foi resolto mediante Resolución de Presidencia de 03/05/2021. Como resultado do mesmo é necesario realizar axustes puntuais no cadro de persoal para dar cobertura aos

postos base que quedan vacantes.

En base aos seguintes

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo.

Artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Á vista do exposto

ACÓRDASE

1. Realizar as seguintes adaptacións no cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama:

GABINETE DE PRESIDENCIA

Creación dun posto de Xefatura de sección de prensa (A1/A2), nivel 24, especial dedicación con praza asociada de Técnico de administración xeral, subgrupo A1 e aberto a outras administracións (A3).

Creación dunha praza e posto de Técnico/a superior, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnico superior, subgrupo A1, nivel 26, especial dedicación e aberto a outras administracións (A3). Titulación requirida: Grao ou licenciatura universitaria en dereito.

ASESORÍA XURÍDICA

Transformar o posto de Letrado asesor adxunto, con código 1.1.60.3, nun posto de Técnico xurídico cos requisitos de: Licenciatura en Dereito e Habilitación procesal, e a súa praza asociada de Letrado adxunto nunha de Técnico de administración xeral.

Creación dunha praza e posto de Letrado/a asesor/a adxunto/a, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, nivel 26, subgrupo A1, especial dedicación.

Eliminar a especial dedicación do posto de administrativo de administración xeral con código 1.1.15.166.

INTERVENCIÓN XERAL SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO

Creación dun posto de Xefatura de negociado para a fiscalización de subvencións de entidades con ánimo de lucro, escala administración xeral/especial, nivel 22, con praza vinculada de Técnico/a de administración xeral, dependente da Xefatura de sección control III.

Modificar o organigrama no sentido de que dependan da Xefatura de servizo directamente as tres Xefaturas de sección, das cales dependerán as súas

correspondentes Xefaturas de negociado, e o resto do persoal dependerá directamente da Xefatura de servizo.

Renomear as Xefaturas de negociado e a súa dependencia como se indica:

Xefatura de Sección de Control I:

o Negociado de Fiscalización I (actual de Contratos e outros gastos correntes)

o Negociado de Fiscalización II (actual de Plans e outros gastos con financiación afectada).

o Negociado de Fiscalización III (actual de Personal)

o Negociado de Fiscalización IV (actual de Control de Ingresos)

Xefatura de Sección de Control II :

o Negociado de Fiscalización V (actual Control Financeiro)

Xefatura de Sección de Control III :

o Negociado de Fiscalización VI (actual de Subvencións)

o Negociado de Fiscalización VII (nova creación)

TESOURERÍA ZONAS RECADATORIAS

Creación de catro prazas e postos de Técnico/a de xestión tributaria, administración especial, subgrupo A2, que desempeñarán as súas funcións con carácter rotatorio entre as distintas unidades de atención ao contribuínte.

IES RAFAEL PUGA RAMÓN

Creación de dúas prazas e postos de profesor/a de secundaria, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, subgrupo A1, nivel 24, especialidade: un de bioloxía e outro de lingua inglesa.

IES CALVO SOTELO

Adaptar o nome do centro á súa nova denominación: IES Rosalía Mera, segundo o acordo plenario de 29 de xaneiro de 2021, (BOP nº 58 de 29/03/2021).

Creación dunha praza e posto de profesor/a de secundaria, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, subgrupo A1, nivel 24, especialidade: sistemas electrotécnicos e automáticos.

Creación dunha praza e posto de profesor/a técnico/a de formación profesional, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos de grao medio, subgrupo A2, nivel 24, especialidade: mecanizado e mantemento de máquinas.

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE

Cambiar a denominación do Servizo de desenvolvemento territorial e medio ambiente polo de Servizo de desenvolvemento territorial e transición ecolóxica.

Cambiar a denominación do posto de Xefatura de servizo de desenvolvemento territorial e medio ambiente polo de Xefatura de servizo de desenvolvemento territorial e transición ecolóxica.

Creación de dúas prazas e postos de Técnico de xestión de administración xeral, subgrupo A2, para o PEL.

ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Creación dunha praza e posto de Técnico/a de políticas de igualdade, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, subgrupo A1, nivel 22.

Engadir á titulación requerida para estas prazas as titulacións seguintes: Grao en Educación Social, Grao en Traballo Social, Grao en Igualdade.

Creación dunha praza e posto de Técnico/a de deportes, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, subgrupo A1, nivel 22 e aberto a outras administracións (A3). Titulación requirida: Grao en ciencias da actividade física e do deporte ou equivalente.

ARQUITECTURA - CDM FERROL

Adscribir organicamente o posto de Operario de servizos I (código 1.1.402.3) ao Servizo de arquitectura, mantendo a súa adscrición funcional ao Centro de día de menores de Ferrol.

FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

Creación dunha praza e posto de Titor/a de garda, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos facultativos, grupo B.

BIBLIOTECA

Modificar a valoración do posto Auxiliar técnico de biblioteca, subgrupo C1, para incluir horario de tarde.

Como resultado da resolución do concurso xeral de méritos para a provisión de postos de traballo convocado por Resolución de Presidencia de 28/08/2020 (BOE nº 239 de 7/9/2020) e para dar cobertura aos postos base que quedan vacantes:

Amortizar:

- 7 prazas de Técnico/a de administración xeral (subgrupo A1)

Crear:

Na escala de administración xeral:

-1 praza de Técnico/a de xestión de administración xeral (subgrupo A2)

-1 praza de Administrativo/a de administración xeral (subgrupo C1)

Na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores:

-1 praza de Técnico/a financeiro tributario (subgrupo A1)

-1 praza de Técnico/a superior en informática (subgrupo A1)

-1 praza de Técnico/a superior Unión Europea (subgrupo A1)

Na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos de grao medio:

-1 praza de Técnico/a de servizos sociais (subgrupo A2)

-1 praza de Asesor/a técnico/a (subgrupo A2)

2. Aprobar a matriz para a determinación do complemento específico dos postos de nova creación que figura como anexo I.

3. Aprobar as funcións dos postos de traballo que figuran como anexo II.

4. Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo 2021 que figura como Anexo III e dispor, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes. De non producirse estas a aprobación elevarase a definitiva.

5. Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal para o ano 2021 que figura como Anexo IV, dispoñendo a súa exposición ao público mediante o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións, segundo o disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais normativa de aplicación. De non producirse reclamacións durante o citado prazo o cadro de persoal quedará definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004.

6. Aprobar a modificación do organigrama 2021 que figura como Anexo V.

7. A entrada en vigor do presente acordo queda condicionada á aprobación definitiva do correspondente expediente de modificación de crédito.

8. Unha vez aprobados definitivamente, remitir copia da relación de postos de traballo e do cadro de persoal aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia no prazo de trinta días.

9. Publicar íntegramente a relación de postos de traballo e o cadro de persoal 2021 no Boletín Oficial da Provincia."

Deputación DA CORUÑA

ANEXO I - Matriz para a determinación do complemento específico dos postos de nova creación

POSTO	NIVEL	GRUPO	FI.A	27%	FI.B	3%	FII	5%	FIII	5%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	5%	FVI.A	25%	FVI.B	10%	PUNTUACIÓN TOTAL	C. ESPECÍFICO
Xefatura de sección de prensa	24	A1	7	50,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	6	50,00	4	100,00	3	100,00	7	50,00	7	70,00	58,50	30.115,61
Técnico/a (Gabinete de Presidencia)	26	A1	8	65,00	2	66,67	3	100,00	1	33,33	6	50,00	4	100,00	3	100,00	8	65,00	7	70,00	67,97	34.988,92
Técnico/a xurídico/a	26	A1	8	65,00	2	66,67	3	100,00	1	33,33	6	50,00	4	100,00	3	100,00	8	65,00	7	70,00	67,97	34.988,92
Técnico/a de deportes	22	A1	6	35,00	1	33,33	2	66,67	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	5	30,00	6	60,00	34,50	17.760,40
Auxiliar técnico de biblioteca (Quenda de tarde)	19	C1	3	20,00	3	100,00	2	66,67	1	33,33	4	30,00	1	25,00	2	50,00	3	20,00	3	30,00	29,55	15.212,22

ANEXO II

CATÁLOGO DE FUNCIÓNS DOS POSTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Denominación	Grupo Subbrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación á asistencia aos Concellos
Xefatura de sección de prensa	A1 A2	AX/AE	Asesoramento ao grupo de Goberno en todo o relativo á publicidade e comunicación institucional. Asesoramento a outros departamentos das necesidades de posta en coñecemento aos concellos e aos cidadáns das actividades que se realizan neses departamentos a través das mensaxes institucionais. Asistencia in situ naqueles actos que se desenvolvan como consecuencia dunha actuación de difusión institucional. Realización de campañas de publicidade institucional. Negociación de custos da publicidade institucional. Proposta de contratación das canles máis adecuadas á iniciativa que se pretende publicitar. Seguemento e control das campañas de comunicación e publicitarias co fin de verificar a súa adecuación aos fins institucionais requiridos. Reunións técnicas con xerentes e responsables da publicidade e comunicación dos medios. Estudio e toma de decisión relativas aos proxectos presentados polos medios de comunicación locais, autonómicos ou nacionais. Organización e dirección dos instrumentos a utilizar en cada campaña. Toma de decisión nas estratexias de difusión dos contratos propios do Gabinete de Prensa e doutros departamentos e áreas da Deputación. Resolución de problemas e incidencias na planificación e acordos cos medios de comunicación. Análise e medición de resultados obtidos nas campañas institucionais. Planificación e coordinación cos concellos da difusión dos investimentos, programas e actividades da Deputación.	Xornada especial dedicación, incompatibilidade total e dispoñibilidade total	
Técnico/a superior (Gabinete Presidencia)	A1	AE	A realización de tarefas de xestión, estudo e informe, e realización de propostas relacionadas coa súa profesión. A realización de informes técnicos, previa actividade de investigación, para a adopción de decisións por parte da Presidencia da	Xornada especial dedicación, incompatibilidade total e dispoñibilidade total	

Deputación DA CORUÑA

Denominación	Grupo Subbrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación á asistencia aos Concellos
			Deputación Provincial Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia.		
Técnico/a xurídico/a	A1	AX	Emisión de informes xurídicos que, con carácter xeral, sexan recabados por otros servizos administrativos. Emisión de informes de subastas, tercerías..., solicitados polo Servizo de Recadación. Control e seguemento dos procedementos xudiciais concursais, en coordinación e conexión co Servizo de Recadación. Posibilidade de habilitación procesal, para actuar ante os tribunais administrativos e de xustiza, en representación e defensa da Deputación e doutros entes locais. Calesquera outras que, formando parte do contido funcional da Asesoría xurídica, se considere adecuada a súa asignación.	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Transversalidade funcional grao 2	
É un acto administrativo da Xunta de Galicia, completamente de doada execución e hai, entendemos nós, tal vez unha vez máis unha coincidencia de ao mellor é a simpatía polo antigo inquilino desta casa o que motiva que a Xunta de Galicia non actúe coa dilixencia coa que caracteriza xeralmente a actuación da nosa

querida Administración autonómica.

Polo tanto, propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura a que se incoe expediente de modificación do Decreto 299/2008, do 30 de decembro, para os efectos de incorporarlle o anexo de bens mobles asociados á categoría de Sitio Histórico, o que automaticamente lles outorgaría a estes as facultades de tutela e protección dos BIC.

En segundo lugar, a que a Xunta de Galicia faga público o catálogo de Bens Mobles contidos no Pazo de Meirás.

Por último, dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e aos grupos políticos representados no Parlamento galego, así como ao Concello de Sada.

Graciñas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todas e a todos.

Ben, así un pouco para comezar, quería facer mención á parte expositiva que arroupa esta moción por unha pincelada, quero pensar que froito do despiste ou de esquecemento no que, ben, cando construímos un relato sobre un feito tan relevante para o pobo galego como foi a recuperación do pazo, pois que nese relato non se faga mención a ese rol proactivo por parte da Deputación da Coruña, e nomeadamente a través daquela vicepresidenta Goretti Sanmartín á hora de promover a constitución desa xunta prodevolución. Tamén sinalar que as claves deste proceso estiveron na mobilización social constante e na investigación do acontecido e que, evidentemente, o papel da Deputación a ese nivel non foi menor e que entendemos que debería de ser nomeado.

Por outro lado, tamén dicir que todos cantos avances se deron neste proceso foi froito de ir sumando sinerxías e da incorporación progresiva de diferentes administracións para acadar un proceso de éxito e proceso que nin moito menos está rematado, que neste momento co pazo xa en mans do Estado pois estamos noutro momento para acadar outro tipo de acordos, tanto en relación aos usos, que coincidimos plenamente en que o principal uso do pazo ten que ser relativo á memoria.

E tamén dicir que en canto á parte resolutiva, efectivamente, si que coincidimos na necesidade da declaración de BIC deses bens como un paso necesario para que estes bens poidan ser reclamados e para dotar de facultades de tutela e protección a un inventario de bens que non está completo e, nese sentido, pois, ben, pois si que imos dar o noso voto a favor a esta moción.

Sr. Rodríguez Martínez

Ben, bo día a todos.

Pois, señor Lema, nós non imos apoiar esta moción, e vou explicar moi brevemente por que non podemos apoiala. Este voto en contra non é coa intención de frustrar un posible consenso que non existe sobre esta cuestión, que é concretamente a de que quen ten que incoar ese expediente para ampliar a declaración de BIC aos bens mobles do pazo. Precisamente o noso voto en contra é para protexer un consenso que si existe, que é o que se acadou por unanimidade no Parlamento de Galicia. Eu entendo que o seu grupo non está actualmente representado no Parlamento, isto evidentemente non ten que ver, vostede está perfectamente lexitimado obviamente para poder traer aquí as iniciativas que considere, pero, ben, nós estimamos que iso non o faculta ou non o lexitima para intentar dinamitar ese consenso que alí se acadou hai escasamente unhas semanas, concretamente o 5 de maio.

Sorpréndeme porque ademais foi un acordo ao que se chegou a través dunha proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que foi obxecto de transacción e que foi aprobado unanimemente por todos, e que ademais corrixía exactamente a cuestión que vostede hoxe trae aquí no sentido contrario no que vai votar o propio Bloque Nacionalista Galego, porque precisamente daquela o que se acordara fora demandar da Administración Xeral do Estado que se interpoñan as accións xudiciais pertinentes para defender a titularidade pública dos bens mobles que deben forman parte do BIC; actuar como parte coadxuvante nos procedementos xudiciais que interpoña a Administración Xeral do Estado; traballar conxuntamente coa Administración Xeral do Estado, isto é importante porque aquí substituíase adoptar por parte da Xunta as medidas por traballar conxuntamente, tal e como se está a facer coa Administración Xeral do Estado. E no punto catro dicíase precisamente incoar de maneira urxente a incoación e ampliación do BIC e substituíuse co acordo de todos, incluído o grupo propoñente, que é o Bloque Nacionalista Galego, por este texto: “defender a incoación de maneira urxente do procedemento para a inclusión no BIC Torres de Meirás dos bens mobles que pola súa vinculación co inmoble forman parte inseparable del e a aplicación provisional a estes bens mobles do réxime de protección previsto para os bens de interese cultural”. Este matiz eu entendo que non é menor, estamos falando dun consenso no que están implicadas cinco administracións gobernadas por catro grupos políticos distintos, e, polo tanto, por que se fixo ese matiz e por que se acordou? Pois moi sinxelo, mire, aquí estamos estritamente ante unha cuestión de técnica xurídica, sobre quen ten a competencia para incoar esa cuestión, non?

E, polo tanto, eu sei que aquí o Partido Popular se desmarca un pouco do que é a tónica xeral da actualidade política de hoxe en día que, ben a nós, que quere que lle diga, a nós as cuestións técnicas xurídicas impórtannos. Pois, por exemplo, cando hai un informe, aínda que non sexa vinculante, por parte da Sala do Penal do Tribunal Supremo, pois, ben, pensamos que hai que facerlle caso, ás cousas que di o Tribunal de Contas tamén pensamos que hai que facerlles caso, ben, xa sabemos, chámenos

raros, pero non está moi de moda este tipo de cuestións.

Pero aquí é unha cuestión técnica, e que ocorre?, que non hai acordo entre a Asesoría Xurídica da Xunta e a Avogacía do Estado. E, polo tanto, que é o que fai a Xunta neste caso? Busca propostas e solucións dentro da legalidade, dentro do marco xurídico. Por iso propuxo de xeito case inmediato a esa solicitude que recibiu do Concello de Sada, propuxo a sinatura dun convenio entre ambas as dúas administracións, para que?, para evitar que as posibles dúbidas xurídicas poidan darlle razón á familia que ostentaba a titularidade do pazo e que, como sabemos, ten a vontade de exercer todos os recursos e trabas que o noso sistema de dereitos pon ao seu dispor. Polo tanto, do que se trata é de evitar darlle dende o consenso, darlle armas xurídicas, neste caso á parte contraria, que non é outra que evidentemente a familia Franco. Se eu aplicara a mesma lóxica que vostede vén de aplicar a este Grupo hai escasamente uns minutos, pois podería chegar á conclusión de que vostede o que pretende é favorecer a familia Franco, Deus me libre!, eu non manexo esa lóxica pero do que se trata evidentemente é de evitar darlles argumentos xurídicos para que poidan seguir preiteando. E, polo tanto, coa sinatura dun convenio dentro dese marco de colaboración leal que están a desenvolver, do que foi mostra o que ocorreu a pasada fin de semana, tanto Xunta como Estado, como esta mesma Administración, a Deputación, como o Concello de Sada e mesmo o Concello da Coruña, pois pensamos que esa é a liña que se ha seguir. E, polo tanto, penso que non ten vostede tampouco motivos para dubidar do compromiso que vén acreditando a Xunta de Galicia en relación con todo o relativo a esta cuestión, coa protección do propio pazo, coa protección máxima que garante a lexislación de ámbito patrimonial e cultural ás estatuas do Mestre Mateo, á biblioteca de Pardo Bazán, mesmo á propia Casa Cornide. E polo tanto, o que nós defendemos é que se siga nesa vía de consenso e que a través dese convenio se poida realmente desenvolver o que agora está pendente, que é poder incorporar a esa declaración de BIC os bens mobles do pazo.

Non tiña previsto, pero remato con isto, facer ningunha referencia e xa anticipo tamén que non teño intención de volver intervir porque penso que esta é unha cuestión que está bastante clara, pero non tiña intención de facer referencia ao futuro destino do pazo. Aí si que tamén é certo que hai unha proposta, pero, en calquera caso, o que non debe dubidarse, e que penso que todos estamos de acordo aquí, en que é imprescindible coñecer a historia, en que é necesario restituír a memoria, pero sería un erro vivir nela. É dicir, todas as decisións que deban de tomarse, incluso aínda que se proxecten sobre o pasado, deben de tomarse mirando cara ao futuro, e por iso quizais incluíndo todos os usos previstos, si que é certo que probablemente hoxe neste ano que estamos celebrando o centenario de dona Emilia Pardo Bazán, pois probablemente dentro de 100 anos o que corresponde é que traeremos para que se fale de bicentenario e se fale dunha vez por todas das torres de Pardo Bazán e non do Pazo de Franco, aínda que, evidentemente, incluíndo dentro dos seus usos un espazo para o coñecemento da historia, para non volver a repetila e, por suposto, para a restitución da memoria. Pero sempre, insisto, coa vista no futuro e non coa vista no pasado, intentando romper consensos que a día de hoxe xa existen e penso que están superados por todos.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, eu brevemente nós imos apoiar esta moción, se ben tamén sumarme ás verbas da voceira do BNG en canto a que na súa exposición de motivos non se fai referencia a esta casa, a pesar de que esta moción está presentada neste Pleno da Corporación Provincial e, sobre todo, tendo en conta o papel que xogou esta Deputación para a recuperación do Pazo de Meirás. Polo tanto, entendemos que por deferencia si debería estar incluída na exposición de motivos, pero en todo caso tampouco é que a exposición de motivos ao final sexa o importante, senón os acordos que se propoñen para a súa adopción por parte deste Pleno e que nós vamos a votar.

Sobre isto último un pequeno inciso: nin son as torres de Pardo Bazán nin o Pazo de Franco, é o Pazo de Meirás, así é como hai que chamalo e como deberiamos de chamalo. Eu non son dos que viven no pasado, pero son dos que digo que recordar o pasado nos axuda a facer un mellor futuro e, polo tanto, que se dedique ese espazo á recuperación da memoria histórica e a posta en valor de todo iso non me parece que sexa en absoluto vivir no pasado. Temos exemplos noutros países que sufriron ditaduras, algunhas incluso máis cruentas, como pode ser a Alemaña nazi por poñer algún exemplo, no que hai vestixios destas características, que se manteñen en pé como lembranzas; algúns deles incluso foron demolidos, pero non é o caso doutros. Polo tanto, non nos equivoquemos, non pensemos que recordar o pasado é vivir no pasado, que era o que dicía moito o señor Casado cando falaba daquilo de que “los de la izquierda solo hablan de la guerra del abuelo”, seguramente porque el sabe onde está enterrado o seu avó, outros non teñen esa sorte. Por aí é importante que lembremos o pasado e que non nos esquezamos nunca do ocorrido para que non volva ocorrer.

Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Ben, non pretendo aquí entrar na cuestión museográfica de cal debe ser o destino que deba ter o futuro das Torres de Meirás, creo que si é conveniente, desde logo, que a cidadanía de Sada teña un rol protagonista nese futuro.

En canto ás cuestións ausentes na exposición de motivos, efectivamente, comentaba antes a compañeira do BNG que non se recoñecera debidamente o rol no pasado desta institución na recuperación do pazo, debo dicir que, a iniciativa do noso grupo provincial, esta institución compareceu no xuízo que tiña lugar no Xulgado n. 2 da Coruña. Nós tamén tivemos, eu creo, o Grupo Provincial da Marea Atlántica o noso labor nesta cuestión, sen que iso, desde logo, vaia en menoscabo do traballo feito tamén por esta casa no seu conxunto.

En canto tamén a outras institucións protagonistas, eu creo que, sen dúbida, a máis atinxida é o propio Concello de Sada, que é quen promove esta actuación que nós hoxe traemos a esta Cámara porque, como ben di, e ademais sen ningún tipo de

retranca o compañeiro Roberto Martínez, é a cámara máis alta na que estamos, entón pois por iso traemos a esta Cámara este acordo, que non pensamos que sexa contraditorio cos acordos acadados noutras cámaras, con outro tipo de representación e con outra aritmética. O que aquí pedimos é algo que se sustenta tamén en argumentos xurídicos que están expostos na parte anterior, na redacción desta moción, e que entendemos que é absolutamente executable por parte da Xunta de Galicia, que é simplemente ampliar mediante un anexo o catálogo dos bens que forman parte do Ben de Interese Cultural. Pensamos que é perfectamente factible desde a Administración á que nos diriximos, que é a Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: 13 deputados/as (PP)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o catálogo do Pazo de Meirás

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, a presión e mobilización social devolveron ao debate público a situación do Pazo de Meirás, patrimonio espoliado pola familia do ditador desde os primeiro anos da ditadura. A presión exercida polo Concello de Sada, os partidos políticos da oposición ao goberno da Xunta e plataformas sociais pola memoria histórica tense expresado estes anos propoñendo solucións a respecto dos usos, da titularidade e da xestión dun centro que por consenso debe ser devolto á sociedade.
Sen embargo, dito consenso vén trabado pola Xunta de Galiza e pola súa pretendida dilución da necesidade de destinar o Pazo a usos relativos á memoria histórica e pola falta de celeridade á hora de adoptar decisións que protexan o presente e o futuro do inmoble.

Así, a Xunta, e mediante o Decreto 299/2008, de 30 de decembro, declarou ben de interese cultural (BIC), coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás. Unha categoría que, definida no art. 8.4º da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galiza daquela vixente, era *"a que se adecúa con máis exactitude aos valores culturais que se transmiten a través da rica estrutura espacial do conxunto de elementos que conforman as Torres de Meirás, que conteñen en si mesmos a memoria de momentos importantísimos da historia de Galiza e do Estado español*", tal e como se contén na exposición de motivos do mencionado Decreto.

Unha exposición de motivos na que tamén se facía expresa referencia a que tal categoría de sitio histórico *"engloba todos os valores de distinta índole que favorecen*

a súa declaración como ben de interese cultural, e permitirá ás xeracións futuras acercarse a elas cun espírito positivo e ecuánime".

E unha fundamentación para tal categoría de sitio histórico que se asociaba directamente á *"súa destacada importancia como lugar de memoria"*, relacionando esta tanto coa de Emilia Pardo Bazán como coa do ditador Francisco Franco.

A categoría de sitio histórico é indisociable da relación condensada entre continente (inmoble e conxunto espacial) e contido (elementos materiais mobles de todo tipo) que conforman, todo el, ese lugar de memoria que xustificou a declaración BIC.
Consecuencia do cal é que un BIC categorizado de sitio histórico quedaría degradado, desvalorizado e sen significancia material como lugar de memoria histórica, en ausencia normativa de tal relación normativa identificativa de bens mobles conformantes do BIC, e co posible efecto pernicioso de que, en ausencia da mesma, puidese quedar despoxado ou baleiro daqueles bens que, precisamente, lle outorgan esa referencia material ao sitio histórico.

Precisamente, e co antecedente do previsto no art. 11.1.a) da Lei 8/1995, a vixente Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galicia obriga, no seu art. 22.2.b), a que na declaración BIC de bens inmobles (e para calquera categoría dos mesmos, incluído o de sitio histórico) se conteña *"A identificación e a descrición das partes integrantes e bens mobles que, pola súa vinculación co inmoble, se incorporen á declaración. Así mesmo, identificarase a posible existencia de bens inmateriais"*.

Se ben é certo que no Anexo I do mencionado Decreto 299/2008 se fai descrición de determinados elementos mobles, tanto sitos no interior como no exterior do inmoble, tal resolución non conten unha relación detallada e identificativa dos mesmos, en especial aqueles que pola súa natureza e significancia dotan de contido substantivo material a dito "lugar de memoria" coa categoria BIC de sitio histórico. Unha omisión ou carencia (en relación co previsto no art. 11.1.a) da Lei 8/1995) que, sen dúbida, foi motivada polas dificultades que a propia Consellería de Cultura e os seus servizos técnicos tiveron para acceder ao inmoble e realizar un informe detallado e inventariado de ditos bens mobles, do cal é unha boa mostra os sucesivos recursos e accións xudiciais que a persoa daquela propietaria do inmoble interpuxo en relación coas ditas actuacións previas necesarias para a resolución BIC.

Dado o tempo transcorrido desde a declaración BIC do 2008, a omisión no dito Decreto 299/2008 da relación de bens mobles asociada á categoría BIC, a entrada en vigor da Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galiza, así como o cambio de circunstancias acaecidas desde entón (en especial os efectos xurídicos da sentenza do Xulgado de 02/09/2020 e da súa execución provisional, que outorga a titularidade do inmoble ao Estado) aconsellan e xustifican a modificación complementaria de dito Decreto 299/2008.
O Concello de Sada, por acordo da súa corporación, ten traslado á Xunta de Galiza a necesidade de que esta acorde a incoación de expediente de modificación do Decreto 299/2008 aos efectos de incorporar ao mesmo Anexo de bens mobles asociados á categoría de sitio histórico, o que automaticamente outorgaría aos mesmos as facultades de tutela e protección dos BIC, de conformidade co previsto no art. 16 da

Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza, así como a publicación do catálogo de bens mobles como anexo da declaración BIC para que queden asociados á categoría de sitio histórico.

Posteriormente, a 10 de maio, reiterouse e complementouse dita demanda, instando a que a modificación do Decreto 299/2008 incluíse como obxecto parcial da mesma un réxime transitorio de usos do inmoble e ata a aprobación e entrada en vigor do futuro plan especial de protección, ao que remite tanto o PXOM de Sada de 2017 como os art. 55 e 56 da Lei 5/2016. Un réxime transitorio de usos que se axustaría e sería concordante, amais, co obxectivo, finalidades e destino dotacional público que se pretenden polas administracións para dito inmoble, tanto pola actualmente titular (Administración Xeral do Estado) como pola propia Xunta de Galiza e Concello de Sada, e dentro das competencias que as mesmas ostentan sobre o réxime patrimonial, cultural e urbanístico de afectación ao dito BIC.

Por último, e con independencia da titularidade dominial do Estado (titularidade derivada da execución provisional da sentenza do Xulgado de 02/09/2020), o BIC non forma parte do Patrimonio Nacional nin está adscrito a ningún servizo público xestionado polo Estado, polo que a competencia para adoptar as medidas propostas é da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto, solicitamos ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña o seguinte ACORDO;

1.- Instar á Xunta de Galiza, a través da Consellería de Cultura, a que se incoe expediente de modificación do Decreto 299/2008, do 30 de decembro, aos efectos de incorporar ao mesmo Anexo de bens mobles asociados á categoría de sitio histórico, o que automaticamente outorgaría aos mesmos as facultades de tutela e protección dos BIC.

2.- A que a Xunta de Galiza faga público o catálogo de bens mobles contidos no Pazo de Meirás.

3.- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galiza, aos grupos políticos representados no parlamento galego así como ao Concello de Sada."

Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada tamén polo Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o parque eólico no Monte do Gato. Hai unha emenda presentada polo Partido Socialista e BNG.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre parque eólico no Monte do Gato

O pasado 6 de xuño tivemos a oportunidade de inspeccionar in situ os terreos nos que Greenalia e Galenergy pretenden instalar unha gran poligonal para a explotación

do vento de varios montes dos concellos de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga, nunha zona que forma parte da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

O proxecto foi deseñado, como vén sendo habitual nestes casos, sen consulta previa a uns veciños que vén como moitas das súas propiedades se verán atinxidas, non só pola instalación dos grandes muíños de vento de máis de 200 metros de altura, senón tamén polas zonas de servidume e de paso das liñas de alta tensión soterradas ou en altura precisas para o transporte da enerxía producida, viais de acceso, subestacións e outras infraestruturas.

O parque, ademais, incorre noutros vicios na súa tramitación que veñen sendo xa endémicos nestes casos, como o da fragmentación do mesmo en unidades menores para evitar a avaliación máis rigorosa do seu impacto ambiental e patrimonial. Deste xeito, atopámonos con que, aínda que serán máis de corenta os aeroxerados finalmente instalados e cunha potencia total superior aos 120 megavatios, a súa división fraudulenta en seis unidades menores, Parque Eólico de Felga, Gato, Seselle, Feás, Penas Boas e Fontella, pretende evitar a tramitación unitaria do seu estudo de impacto ambiental.

Ademais do gran valor paisaxístico e natural deste parque, instalado como dixemos, no interior da Reserva da Biosfera, o espazo afectado atesoura tamén un gran valor patrimonial, como testemuñan as numerosas mámoas e outros vestixios arquitectónicos que conforman unha necrópole megalítica no Monte do Gato.

É a cidadanía organizada na Plataforma S.O.S. Monte do Gato a que, ata o de agora, vén denuciando os abusos de Greenalia e Galenergy, presentando alegacións ao proxecto e informando aos veciños sobre o impacto que esta poligonal situada no horizonte da Costa da Sal terá para as súas vidas.

Cómpre dicir, neste sentido, que xa foi aprobada unha declaración institucional no Concello de Oza-Cesuras denunciando este feito e trasladándolle o seu apoio á veciñanza, unha acción que debe ser hoxe tamén convalidada nesta cámara provincial, pois estamos ante unha actuación que afecta a tres concellos e que, polo seu elevado impacto ambiental e polo modelo extrativo de explotación dos recursos que pon de manifesto, forma parte dos intereses dos coruñeses no seu conxunto e tamén dos galegos e galegas.

Por todo o devandito, propoñémoslle ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes acordos:

1 A Deputación da Coruña manifféstalle o seu apoio á Plataforma SOS Monte do Gato na súa defensa dos intreses da veciñanza dos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós afectados pola instalación da poligonal.

2 A Deputación da Coruña prestaralle apoio técnico e asesoramento aos veciños afectados pola instalación dos parques que así o requiran de xeito colectivo.

3 A Deputación da Coruña reclámalle á Xunta de Galicia a paralización inmediata da tramitación dos parques eólicos que deberán ser tramitados de xeito unitario e tendo e conta o seu valor patrimonial.

Sr. Lema Suárez

Ben, anuncio que aceptamos esa emenda proposta polo Goberno, que nos parece que entendemos que é completamente compatible coa parte resolutiva orixinal da nosa e que tamén, en aras a facilitar a súa aprobación, pois non temos ningún problema en aceptar.

Ben, para os que non son de Oza-Cesuras, que está aquí o alcalde, a quen saúdo, Sr. González Cacheiro, o Monte do Gato está situado entre outros concellos neste no de Oza-Cesuras, tamén no de Aranga, tamén no de Coirós, e alí preténdese instalar un gran parque eólico composto por 60 aeroxeradores, algúns dos cales na súa meirande parte van superar os 200 metros de altura, promovidos por dúas empresas: Galenergy e tamén por Greenalia, e eu aquí creo que hai que facer unha pequena paréntese dicindo que Greenalia é unha empresa na que se senta agora mesmo, na que ten capacidade executiva, ou iso lle supoñemos, a que foi conselleira de Medio Ambiente no pasado, Beatriz Mato. Non pretendo desde logo supoñer tampouco aquí que haxa ningún tipo de conflito de intereses nin tampouco de cuestións que non veñen ao caso. Eu desde logo ás veces creo que peco de desconfiado, pido que se me perdoe este defecto do animal, pero, efectivamente, estamos nunha situación na que incorren certas cuestións que entendemos que non van, que non garanten a seguridade deste procedemento, que xa ten presentadas varias alegacións por parte das persoas que compoñen unha asociación en defensa do Monte do Gato, que se chama así, S.O.S. Monte do Gato, ao que quero saudar desde aquí e darlles os parabéns e o recoñecemento polo labor que fan en defensa dos intereses dos veciños e tamén de defensa do patrimonio natural e histórico-cultural desta zona. Pero nesas alegacións o que eles denuncian é unha evidencia, que é que para evitar que a suma total dos megavatios instalados supere os 50 MW co cal pasaría a ser avaliado, hai un estudo do impacto ambiental por parte do Ministerio, para evitar esa obriga, que sería a que lles tocaría en realidade se consideramos que aquilo é unha unidade, un único parque, pois o que se recorre é a un truco, de feito é o que consta o que está denunciado nas alegacións, que é a subdivisión desta unidade en 6 parques menores, que vou relacionar aquí, que son parque eólico de Felga, Gatos, Seselle, Ceás, Penas Boas e Fontella.

Está claro que estamos ante unha actuación, e iso despois, como noutras ocasións anteriores tamén se verificará, unha vez que se complete o trámite de alegacións, e talvez haxa que ir ao contencioso como noutras cuestións, como noutros casos anteriores, pois probablemente esta cuestión tamén acabe sendo xudicializada sobre todo porque, quen debería encargarse de administralo, que son as instancias de representación política, é dicir, a Xunta de Galicia, non actúa en defensa dos intereses da veciñanza e tampouco dos propietarios e tampouco, por suposto, das cuestións referidas antes de impacto ambiental, paisaxístico e cultural, senón

máis ben permitindo esta fragmentación e, polo tanto, desde o noso punto de vista, aínda que haberá que demostralo cos feitos máis adiante, unha praxe fraudulenta de fragmentación desta unidade que é este gran parque eólico.

Ben, por todo o anteriormente sinalado, propoñémoslle a esta Cámara a adopción dos seguintes acordos:

- A Deputación da Coruña manifesta o seu apoio a toda a veciñanza dos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós afectados pola instalación deste parque.
- Poñer á disposición dos concellos afectados os recursos da Asesoría Xurídica para defender os intereses e as vontades destes na interpretación do parque eólico Monte do Gato.
- Por último, instar a Xunta de Galicia á paralización inmediata dos parques aos que se refire a moción: Monte do Gato, para seren tramitados de xeito unitario realizando a avaliación do impacto ambiental e patrimonial de xeito conxunto.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Buenos días de nuevo, presidente, compañeros.

Es que ya no sé por dónde empezar y como decía vamos a empezar un poco por el principio. Es decir, todos coincidimos en que la energía eólica es una energía limpia y que es importante que haya una implantación de una fuente de energía limpia que combata las emisiones de CO_2 y también todos estamos de acuerdo en que tiene que haber una ordenación y un control respecto de la implantación de estas energías. Es obvio que la sociedad actual es una sociedad gran consumidora de energía, que el precio de la luz estamos viendo lo que está pasando, el cierre de As Pontes ha sido una tragedia absoluta a todos los niveles, pero no vamos a volver a todo esto.

Pero vamos a centrarnos en el tema este del Monte do Gato y podríamos también hablar del parque eólico de Pena do Corvo, que está muy próximo, con una diferencia, que en Pena do Corvo la Xunta de Galicia ha emitido ya un informe negativo y el Estado, el Gobierno de España lo ha sacado a exposición pública, lo ha publicado en el BOE, con un informe negativo de la Xunta de Galicia, informe negativo de la Xunta de Galicia. Espero, confío y deseo que el Gobierno paralice, evidentemente, esa tramitación porque ahí sí se daba ya un caso para paralizarla, que es el informe negativo de los técnicos de la Xunta de Galicia.

Al respecto de la moción que presentáis con las enmiendas, que yo creo que han enriquecido bastante la parte resolutiva, porque se ha centrado un poquito más el tema, respecto al punto primero nosotros no tenemos ningún problema en apoyar a los vecinos, no a las plataformas, a los vecinos, claro que sí, cómo no, claro que sí. Pero respecto a la parte tercera hay un tema que nos preocupa mucho. El problema es que estamos en un país democrático y estamos en un estado de derecho y aquí hay que seguir las normas y hay que seguir los procedimientos conforme están marcados. Es decir, esto no es ni Venezuela, ni es Corea del Norte, ni Cuba, ni sitios así donde alguien dice lo paralizo porque lo digo yo o lo autorizo porque lo digo yo.

No, no, esto no va así. Aquí tiene que haber un procedimiento claro y tiene que haber informes preceptivos que digan se paraliza por esto o se sigue adelante con un informe positivo. No es nadie quien, ni el presidente Feijóo ni el *conselleiro* ni nosotros de decir que algo no se puede hacer si no hay informes de los técnicos que nos digan qué es legal y qué no es legal. Esto no es una cuestión de caprichos, ni de ideología, ni de escuchar música de manifestaciones y de sumarnos al baile, no, esto no va así, esto va de otra manera o debe ir de otra manera. Yo no voy a aprobar un texto, ni mi grupo va a aprobar un texto que está de alguna manera sugiriendo que prevariquemos, que paralicemos porque sí, sin que haya un informe preceptivo que diga que se tiene que paralizar. Paralicemos Pena do Corvo, que ahí sí hay un informe de la Xunta de Galicia y espero que el Estado impere la razón. ¿Queremos este parque? No, porque tampoco lo quieren los vecinos, pero que sean los técnicos quien determine que no se puede hacer.

Mire, le voy a poner dos casos que vienen muy al hilo de esta cuestión. Mina de Corcoesto, "la calle, manifestaciones, la Xunta va a hacer, la Xunta expoliar..." Oiga, la Xunta finalmente determina con un informe negativo que no se puede hacer. Mina de Touro, "el marisqueo se acaba, no sé qué, pum pum..." La Xunta ha paralizado ese proyecto con informe preceptivo, pero hay que seguir unos procedimientos establecidos y claros. ¿Usted cree que la Xunta de Galicia va a actuar porque usted se manifieste o usted venga aquí con una moción de este tipo? No, la Xunta de Galicia va a actuar conforme a las normas establecidas en la ley de un estado de derecho y con los informes preceptivos. Nosotros no vamos a ser partícipes de mociones en las que se sugiera o se incite a que alguien prevarique. Nuestro voto en esta moción, a pesar de estar con los vecinos, como estamos también en Pena do Corvo, a pesar de que hemos ayudado a tramitar alegaciones en Pena do Corvo y estamos ayudando a tramitar alegaciones en Monte do Gato, eso es trabajar, no venir aquí a hacer una exhibición y decir: Feijóo paralízalo, esto no va así, nuestro voto es en contra.

Y, bueno, yo entiendo que usted dice que es la Administración más alta en la que está. No, ustedes tienen diputados nacionales, ustedes están en el Gobierno de España, ustedes están ahí, ustedes son copartícipes de cerrar As Pontes, ustedes son copartícipes de cerrar Ence, ustedes son copartícipes de que el precio para las electrointesivas de Kilowatio sea inasumible cuando están condenando a la industria gallega en general y de la provincia de A Coruña en particular a una situación gravísima, ustedes son corresponsables de todo esto, sí lo son, pero no se orientan hacia allí, no, vienen hacia aquí.

Nuestro voto es en contra, y yo, desde luego, ya no voy usar el segundo turno de intervención porque yo no voy a formar parte de los sainetes de nadie.

Nada más y muchas gracias.

Sra. Muíño Filgueira

Por centrar o discurso no contido da moción. Evidentemente, eu creo que na parte resolutiva o que non se pide é que se salte ningún procedemento, pero dende

logo, entón, onde fallamos é no marco regulador, e entendo que do mesmo xeito que se tomaron medidas para modificar diferentes normativas que facilitaran a tramitación, pois tamén poderemos analizar as eivas coas que nos atopamos cando para paralizar ou estimar que un parque está fraccionado temos que recorrer á vía xudicial cando xa hai sentenzas ao respecto, verdade? Neste caso valórase así pola existencia de seis proxectos contiguos que, á súa vez, van compartir infraestruturas no que se basean as sentenzas xudiciais que existen para determinar que, efectivamente, se trata dun proxecto fraccionado.

O que recolle esta moción é unha cuestión que se vén repetindo no que é o desenvolvemento da enerxía eólica no país, é dicir, estanse presentando numerosos proxectos, proxectos enormes, a maioría deles efectivamente con esta fórmula de fraccionamento de proxectos que teñen un enorme impacto sobre a vida das persoas, sobre a vida das persoas no sentido de que condicionan outras actividades nun territorio que ten semellante riqueza patrimonial, que seguramente servirá como elemento dinamizador para a industria do turismo, evidentemente, vaise sentir. Do mesmo xeito que aquelas outras persoas que desenvolven actividades agrarias ou mesmo teñen as súas propiedades vinculadas a certas axudas, pois ten un impacto. Entón, este enorme desequilibrio que se produce entre o impacto real que teñen estas instalacións e o retorno pois, evidentemente, son cuestións das que tomar nota e que se deberían reconducir.

O que se pide aquí é que se valore esta situación de fraccionamento e que se proceda á súa tramitación de xeito unitario para poder facer a valoración de xeito conxunto, a valoración do impacto patrimonial e ambiental. É o que se solicita e un pouco o que recolle pois do sentir dos veciños e veciñas e tamén dos concellos afectados na comarca.

En canto a paralizar ou non paralizar, pois en ningún lugar desta moción se pide que non se faga mediante as canles ou procedementos debidos, pero tamén é verdade que no seu momento mediante decreto se paralizou o Plan eólico do bipartito, e a pesar de que no Supremo se dixo que era legal e si se procedeu desa maneira.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, nós loxicamente, unha vez aceptadas as nosas emendas, imos apoiar esta moción, tanto no primeiro punto, onde se solicitaba que ese apoio se estendese a toda a veciñanza dos concellos, onde están incluídos loxicamente tamén esas persoas da plataforma e polo tanto sería coincidente ou inclusiva coa presentada pola Marea. A segunda delas estableciamos ou solicitabamos, mellor dito, que a Deputación puxera á disposición dos concellos afectados os recursos e non así a todos os veciños como se propoñía inicialmente porque sería inasumible polos propios departamentos da Deputación, e a terceira delas clarificouse, aínda que a orientación dese terceiro acordo era a mesma, pero clarificouse que se estaba referido á paralización do Monte do Gato.

Dito isto, hai certa incoherencia ou contradición, Sr. Ben, na túa intervención,

sabes que cho digo desde o aprezo. Por un lado afeamos ao Estado que continúe coa tramitación establecida na exposición pública de Monte do Corvo, efectivamente hai un informe da Xunta pero agora está a exposición pública o proxecto, polo tanto pode haber outro tipo de alegacións, e afeas ao Estado que continúe con esa tramitación e solicitas que o paralice, ou polo menos propós que esta Corporación ou o Grupo propoñente desta moción, que é a Marea, solicite a paralización. No entanto utilizas o argumento contrario para dicir para aplicarllo neste caso ao Monte do Gato, é dicir, o Goberno do Estado continúa cunha tramitación porque é así como está establecida e solicítase que se paralice o Monte do Corvo porque a Xunta dixo que non nun informe. No caso do Monte do Gato dis que non se pode solicitar a paralización que si solicitas no caso do Monte de Corvo porque hai unha tramitación que hai que cumprir. Entón, claro o que non pode ser é que se utilice un argumento para unha Administración e outro argumento para a outra, porque a tramitación, se hai que cumprila, hai que cumprila en ambos os dous casos e, polo tanto, xa chegará o momento en que o Estado teña que tomar unha decisión sobre a continuidade ou non dese proxecto do Monte do Corvo, que é o mesmo argumento que ti nos acabas de ofrecer para o Monte do Gato, no caso da Xunta e para xustificar o feito de que non apoies o terceiro punto.

Por tanto, a fin de contas eu o que penso que se evidencia é algo que xa vimos comentando de forma reiterada nos distintos plenos e é o feito de que todo o que sexa instar outras administracións onde non goberna o Partido Popular non hai ningún tipo de problema, pero todo o que sexa instar a Xunta a facer algo sempre se vota totalmente en contra. Non ten ningún sentido, á parte cónstame que os grupos municipais do Partido Popular, por exemplo, nalgúns concellos afectados, como poida ser Coirós ou Oza-Cesuras ou Monfero, neste caso en Monfero goberna o Partido Socialista, pero hai por unanimidade acordos de todos os grupos das corporacións nos que se solicita precisamente a paralización deste tipo de proxectos, deste proxecto en concreto. Por tanto, non hai ningún tipo de contradición en continuar con esa liña por parte do grupo provincial, de aí que non entendamos moi ben por que non se apoia este terceiro punto e, polo tanto, esta moción.

Ademais que hai unha cuestión que evidentemente dis, Sr. Ben, que é verdade, que hai que tramitalo pola Xunta, que ten que haber unha serie de informes, etcétera, etcétera, pero hai unha cuestión que é indiscutible, e é que se fragmentou precisamente ese parque que debería ser un único parque de máis de 120 MW en 6, para eludir unha tramitación de impacto medioambiental que é un pouco máis, digamos, rigorosa, ou un pouco máis complexa, que a que se tramita no caso de parques individuais. E iso é un feito constatado que denuncian todos os veciños deses concellos e os propios concellos en si. Por tanto, non entendemos moi ben a postura do Partido Popular se non se xustifica en base a que non se quere instar a Xunta por esa defensa a toda custa que se fai de todo aquilo que ten que ver coa Xunta de Galicia, que neste caso goberna o Partido Popular. E por tanto nós entendemos que a defensa dos intereses dos veciños ten que estar por riba dos das propias siglas, diso levamos dando mostras en moitos plenos e lamentamos loxicamente que o Partido Popular siga instalado nesa estratexia de non instar absolutamente nunca a nada a Xunta de Galicia, aínda que estea errada, que pode errar como erramos todos, non hai ningún tipo de problema, ninguén é perfecto.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. García Seoane

Si, eu vou aprobar a moción, pero eu quería facer un pequeno comentario porque pon un a televisión hoxe nos debates do Parlamento de España, no Parlamento galego, en calquera sitio o Partido Popular está obsesionado con Cuba e con Venezuela, poñéndoo como exemplo malo no mundo, as ditaduras sanguentas, a destrución, o Holocausto. Eu pediríalle ao Partido Popular que fora cambiando esa mensaxe, que xa non cuaxa, xa ninguén cre nesas fanfarronadas que se din sobre estes países, e que se fixen máis en China, en Emiratos Árabes, onde temos o emérito, en Arabia Saudí, en Hungría que goberna a dereita, en Polonia que goberna a dereita, en Alxeria, que ninguén fala de Alxeria e é unha ditadura terrorífica e está aí, pero, claro, como consumimos o petróleo e o gas, pois non falemos diso que igual se nos enfadan como Marrocos e nos mandan máis inmigrantes. Marrocos, Exipto... Vaian mellorando, vaian modificando esa mensaxe e deixen de maltratar e de ultraxar a países tan importantes e tan valentes e tan españois como é Cuba, como é Cuba, outro tema é Venezuela, pero tan españois como é Cuba, vostedes que falan de España tiñan que aprender moito dos cubanos e de españolidade e de patriotismo. Por tanto, cambien a mensaxe, por favor, pídollo por favor, cambien a mensaxe basta xa de tanta merda sobre un país soberano, un país que o único que está facendo é atentando durante 60 anos para acabar coa forma de funcionar. Por favor, cambien a mensaxe.

Sr. Lema Suárez

Parece que o debate se ampliou demasiado, non?

De onde vén a subida, o tarifazo e como chegamos ata aquí. Eu creo que vostede, señor Evaristo Ben, non debería talvez elevar o debate ata ese punto porque non lle convén, porque a desregulación e a privatización do sector eléctrico vén dos decretos do Goberno de Aznar do ano 95 e do ano 97, e os titulares dese Goberno na prensa dicían que “grazas ao libre mercado e a competencia entre as grandes empresas acabariamos tendo o mellor servizo e unha das facturas da luz máis baratas”, pois acabamos de ver que a situación na que estamos é nun oligopolio con prezos pactados e unha sociedade enteira, un país enteiro prisioneira dese oligopolio e tamén, por certo, materialmente incapaz de ter unha industria electrointensiva, que son a maioría das industrias. Despois máis adiante, penso, tamén falaremos do caso de Ferroatlántica. Volvemos a estar un pouco na mesma situación. Polo tanto, a verdade, é que leccións en materia de regulación do mercado enerxético moi poucas porque vostedes son, o seu Goberno, supoño que seguen considerando a Aznar un modelo de gobernante, e é o responsable da desregulación e privatización do sector que finalmente dá lugar a esta situación.

Pero, falando do presente, e non tanto do pasado, se vostede trae aquí unha moción na que denuncia a mala praxe do Estado no que atinxe a Pena do Corvo, que é un parque que por certo eu descoñezo, nós estaremos encantados de apoialo, se é

así o que vostede acaba de denunciar aquí. Nós non pensamos desde logo que ningunha das dúas administracións, nin a Xunta de Galicia nin a Administración estatal, estean operando nin en defensa dos intereses dos galegos, é dicir, nós non temos un retorno, unha compensación económica, polo impacto enorme que este tipo de parques van ter no noso país, non temos unha compensación nin económica nin doutro tipo. Isto sucede tanto nos parques que autoriza a Xunta de Galicia como nos que autoriza o Estado. Aproveito para denunciar tamén que nos parece unha absoluta barbaridade o plan anunciado por Iberdrola para a instalación dun parque de 600 km cadrados fronte a Ortegal, que desde logo ataca directamente un sector clave para a nosa economía, como é a pesca. Igualmente tamén nos parece, e así o verificamos sobre o terreo, que o parque que esta mesma empresa, Iberdrola, quere instalar cerca do Monte do Gato nas terras de Aranga tamén é absolutamente incompatible cos intereses da veciñanza, que vai ver como se van instalar torres de 250 m de altura a 500 metros das súas casas, o cal é unha absoluta barbaridade.

Dito isto, nós pensamos que o que non poden facer as administracións públicas é deixar sempre, delegar en instancias xurídicas as súas propias competencias en defensa dos intereses da veciñanza e da cidadanía. É dicir, por que ten que ser o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o que realmente denuncie que estamos ante unha situación na que este país carece das ferramentas normativas para ordenar a instalación de enerxías renovables no noso territorio. Convídoos a que lean esa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 20, se non me equivoco, na que, falando dos parques que se instalaban en Sasdónigas denunciaba a falta dun trámite previo de consulta á veciñanza, estes parques caen do ceo, caen literalmente do ceo, non hai unha consulta previa, incúmprese, xa que tanto falamos de autonomía local, incumpre calquera precepto de autonomía local, porque son operacións que se deseñan desde fóra. Entón, é realmente complexo para un concello, aínda que teña vontade política de facelo, enfrontarse a este tipo de operacións que, insisto, non son en absoluto compatibles co principio de autonomía local.

Tamén denuncia esa mesma sentenza, ademais da falta de participación cidadá, que non se contempla a ampliación futura da Rede Natura; teño que dicir neste caso que unhas declaracións recentes, poden vostedes poñer en Google, da señora conselleira de Industria, Ánxeles Vázquez, dicindo –de Medio Ambiente, grazas, Sr. Ben– un 77% do territorio galego está protexido fronte aos parques eólicos. Moi ben a consecuencia inevitable é que un 23% está á disposición das enerxéticas, iso é unha cifra absolutamente escandalosa, unha cuarta parte deste país pódese converter nun parque eólico.

E, por último, para ir á cuestión final, que é que estamos ante un modelo extractivista e privatizador onde o retorno social practicamente non existe, ou sexa, estamos ante as migallas dun negocio millonario que é a compensación, a fórmula de compensación que isto ten para os propietarios, un arrendamento forzoso en forma de concesión das súas terras que lles deixa un lucro absolutamente irrisorio.

E tamén, por suposto, finalmente por atender á última parte da cadea desta cuestión, tampouco hai unha compensación na tarifa da luz. Co cal realmente

estamos ante un modelo absolutamente extractivista e privatizador. Ou sexa, aquí non existe, o noso país vai soportar o enorme impacto da extracción desta enerxía, que estariamos de acordo talvez en aturalo se a cambio recibísemos a compensación que nos toca, non é o que está sucedendo, non é o que está sucedendo.

Por último, dicía vostede que aprobar esta moción sería tanto como dicir que se prevarica; non, sería dicir que se incorre nun vicio na tramitación desta cuestión, por que non? Por que as instancias políticas delegan sempre na instancia xudicial a súa obriga que temos de fiscalizar e de defender os intereses da cidadanía? Por suposto, ou isto é simplemente un xogo administrativo? Non, non, claro que temos que facelo.

E refírome con isto a que me parece bastante curioso, digamos no argumentario que expuña antes o señor Ben, que aparezan de súpeto informes favorables ou contrarios á mina de Touro ou á mina de Corcoesto, non deixa de parecerme tamén unha curiosa coincidencia que despois das mobilizacións populares apareza un técnico que elabora un informe contrario á instalación do que sexa. Non quero abusar unha vez máis da miña condición de desconfiado, que xa expuxen ao principio deste día, pero tampouco deixa de parecerme curioso.

Nada máis.

Sr. Ben Otero

Perdón me fastidia mucho no cumplir con mi palabra. Yo me equivoco muchas veces pero no suelo mentir. Dije que no iba a intervenir y lo siento mucho, pero voy a ser muy breve.

Primero, señor Fernández, yo no he dicho que el Estado vaya a autorizar este parque, espero, confío y deseo en que no, podría hacerlo con una resolución del Consejo de Ministros, espero que no, porque tiene en su mano el argumento jurídico para no hacerlo, que son los informes negativos preceptivos medioambientales y de Patrimonio, que ha emitido la Xunta de Galicia. Yo no digo que lo vaya a hacer, espero, confío y deseo en que no. De la misma manera que lo que tenemos que hacer es esperar a los informes preceptivos de la Xunta de Galicia para el parque de Monte do Gato. El parque Pena do Corvo es el de Iberdrola, que hace mención usted, que afecta evidentemente a Monfero, y aparte hay otras muchas cuestiones a las que usted no hace mención que también son muy fastidiadas como son las líneas de evacuación, etcétera, etcétera. Este es un tema muy complicado, muy complicado, muy complicado, y como es un tema muy complicado es un tema también muy serio en que hay una gran oportunidad para Galicia y tenemos que tratarlo con seriedad, no estilo charangueo; el charangueo está bien para las manifestaciones, hombre, eso está muy bien, pero es que la realidad es de otra manera, la realidad es de otra manera y hay que vivir en el día a día.

Yo reitero, espero, confío y deseo que los informes preceptivos para este parque le den la razón a los ciudadanos, pero yo no soy quien hago esos informes ni los mando hacer, ni lo es usted, ni son siquiera, o quien orienta esos informes.

Y respecto al precio de la luz, mire usted señor Lema, su exjefe de Galapagar, el señor Iglesias, hace unos años se manifestaba, iba a los actos del Partido Popular y se comprometía a bajar el precio de la luz, se comprometía a bajar el precio de la luz y hostigaba al Partido Popular diciendo que se podía hacer, y hemos conseguido el top de los precios energéticos en la historia de este país. La hemeroteca es lo que tiene, hombre, la hemeroteca es lo que tiene. Pero en todo caso reitero nuestro apoyo absoluto a los vecinos, esperemos que todo vaya bien, pero que todo vaya bien dentro de los cauces legales establecidos, no por el capricho o por el gusto o el ánimo de un partido político o del otro, sino porque la ley así lo marca y los técnicos así lo deciden.

Nada más y muchas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: 13 deputados/as (PP)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre parque eólico no Monte do Gato

O pasado 6 de xuño tivemos a oportunidade de inspeccionar in situ os terreos nos que Greenalia e Galenergy pretenden instalar unha gran poligonal para a explotación do vento de varios montes dos concellos de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga, nunha zona que forma parte da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

O proxecto foi deseñado, como vén sendo habitual nestes casos, sen consulta previa a uns veciños que vén como moitas das súas propiedades se verán atinxidas, non só pola instalación dos grandes muíños de vento de máis de 200 metros de altura, senón tamén polas zonas de servidume e de paso das liñas de alta tensión soterradas ou en altura precisas para o transporte da enerxía producida, viais de acceso, subestacións e outras infraestruturas.

O parque, ademais, incorre noutros vicios na súa tramitación que veñen sendo xa endémicos nestes casos, como o da fragmentación do mesmo en unidades menores para evitar a avaliación máis rigorosa do seu impacto ambiental e patrimonial. Deste xeito, atopámonos con que, aínda que serán máis de corenta os aeroxerados finalmente instalados e cunha potencia total superior aos 120 megavatios, a súa división fraudulenta en seis unidades menores, Parque Eólico de Felga, Gato, Seselle, Feás, Penas Boas e Fontella, pretende evitar a tramitación unitaria do seu estudo de impacto ambiental.

Ademais do gran valor paisaxístico e natural deste parque, instalado como dixemos, no interior da Reserva da Biosfera, o espazo afectado atesoura tamén un gran valor patrimonial, como testemuñan as numerosas mámoas e outros vestixios arquitectónicos que conforman unha necrópole megalítica no Monte do Gato.

É a cidadanía organizada na Plataforma S.O.S. Monte do Gato a que, ata o de agora, vén denuciando os abusos de Greenalia e Galenergy, presentando alegacións ao proxecto e informando aos veciños sobre o impacto que esta poligonal situada no horizonte da Costa da Sal terá para as súas vidas.

Cómpre dicir, neste sentido, que xa foi aprobada unha declaración institucional no Concello de Oza-Cesuras denunciando este feito e trasladándolle o seu apoio á veciñanza, unha acción que debe ser hoxe tamén convalidada nesta cámara provincial, pois estamos ante unha actuación que afecta a tres concellos e que, polo seu elevado impacto ambiental e polo modelo extrativo de explotación dos recursos que pon de manifesto, forma parte dos intereses dos coruñeses no seu conxunto e tamén dos galegos e galegas.

Por todo o devandito, propoñémoslle ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes acordos:

1.- A Deputación da Coruña manfiesta o seu apoio a toda a veciñanza dos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós afectados pola instalación.

2.- Poñer a disposición dos concellos afectados, os recursos da Asesoría Xurídica para defender os intereses e as vontades destes, ante a implantación do parque eólico Monte do Gato.

3.- Instar á Xunta de Galicia á paralización inmediata dos parques aos que se refire a moción (Monte do Gato) para seren tramitados de xeito unitario, realizando a avaliación de impacto ambiental e patrimonial de xeito conxunto. "

Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada polo Grupo Popular, para exixirlle ao Goberno de España que respecte as decisións xudiciais e non conceda indultos aos líderes independentistas cataláns condenados por sedición. Hai unha moción do propio Grupo Popular ao respecto.

3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para esixir ao Goberno de España que respete as decisións xudiciais e non conceda o indulto aos líderes independentistas cataláns condenados por sedición

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2017, diversos partidos e membros do Goberno de Cataluña organizaron un referendo ilegal co obxectivo de separar esta comunidade autónoma

do resto de España e crebar a indisoluble unidade do noso país que recoñece a nosa Carta Magna.

Ademais, proclamaron de forma ilegal a independencia e a constitución dunha ilegal república catalá.

Por iso, dous anos despois os impulsores destes actos (Oriol Junqueras, Carme Forcadell, etc.) foron condenados polo Tribunal Supremo a penas que oscilaban entre os 9 e os 13 anos de prisión así como a penas de inhabilitación.

O alto tribunal considerou probado que devanditos condenados cometeran delitos de sedición e/ou malversación.

No momento de coñecerse a sentenza, o Presidente Sánchez "garantía tanto á cidadanía catalá como ao conxunto da cidadanía española que esa sentenza ía cumprir na súa totalidade" posto que "ninguén está por encima da lei" mentres que outros membros do seu goberno defendían que as penas impostas debían cumprirse integramente.

Pero tanto Sánchez como o seu goberno seguían necesitando os votos dos partidos independentistas cataláns para manterse no poder; unha necesidade que se fixo máis perentoria tras as eleccións xerais celebradas en novembro de 2019 nas que o PSOE perdeu case 800.000 votos e 3 escanos respecto a celébralas no mes de abril do mesmo ano.

Esa necesidade foi o detonante de que o goberno propuxese realizar unha modificación do delito de sedición, incluída dentro unha reforma máis amplía do Código penal, que supoñería unha rebaixa das penas aos condenados polo 1-Ou.

Unha reforma que como explicou en setembro de 2020 o actual Ministro de Política Territorial e Función Pública, Miquel Iceta, era necesario abordar porque "é importante que o Goberno demostre que quere ir resolvendo temas concretos" (dito en referencia á situación dos presos polo 1-Ou).

E agora, en 2021, o Presidente Sánchez e o seu goberno non esconden a súa vontade de indultar a uns condenados que non só non mostraron nadiña de nada de arrepentimento senón que deixaron claro (tanto no xuízo, ao exercer o seu dereito á última palabra, como en declaracións posteriores) que teñen intención de reincidir nos delitos cometidos.

Ademáis, tanto a Fiscalía como o Tribunal Supremo opóñense ao indulto.

O alto tribunal, nun demoledor e clarísimo informe aprobado por unanimidade dos seus membros, explica que o que pretenden o Presidente Sánchez e o seu goberno é retorcer a natureza do indulto e cuestionar "os orzamentos que fan lexítimo o exercicio da función xurisdicional".

É dicir, o goberno está a poñer en dúbida, do mesmo xeito que os fan os líderes independentistas, o funcionamento da xustiza española, co que iso significa de ataque a unha institución que constitúe o piar fundamental da nosa democracia.

Por último, destacar que o Tribunal Supremo deixa en evidencia a verdadeira

intención do Goberno ao defender o indulto, que nos é outra que a súa mera supervivencia política, ao lembrar que "algúns dos que aspiran ao beneficio do dereito de graza son precisamente líderes políticos dos partido que, neste momento, garanten a estabilidade do Goberno chamado ao exercicio do dereito de graza".

Por todo o exposto e #ante a fundada sospeita de que non nos atopamos ante un indulto senón ante un pago político, o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.-Expresa o seu respaldo incondicional e absoluto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico español como garantes da integridade e unidade da nación e do estado de dereito e a democracia no noso país.

SEGUNDO.- Manifesta o seu apoio sen fisuras ao labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza españois, con especial mención ao Tribunal Supremo, de maneira independente, responsable e sometidos unicamente ao imperio da lei como establece o artigo 117 da Constitución Española.

TERCEIRO.- Condena á decisión do gobierno de España de conceder o indulto a aqueles que vulneraron- como declarou probado o Tribunal Supremo- non sólo a nosa Carta Magna senón tamén outras leis españolas e que, como repetiron en numerosas ocasións, pretenden reincidir no delito de sedición cometido.

CUARTO.- Esixe a dimisión do Presidente do Goberno e a inmediata convocatoria de eleccións por ter incumprido o Sr. Sánchez o seu xuramento constitucional e enganado ao pobo español que, como único depositario da soberanía nacional- tal e como proclama a Constitución no seu artigo 1.2- e fonte da que emanan todos os poderes do estado, debe e ten que opinar sobre esta decisión

QUINTO.- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministro de Xustiza e aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso e do Senado.

Sra. Gallego Neira

Sí, buenos días, muchas gracias. Bueno, no vamos a hablar de Cuba ni de Venezuela, aunque podríamos hacerlo porque tenemos aquí en Teixeiro a un coruñés preso político venezolano que ahora quiere extraditar España, pero bueno vamos a hablar de España.

Esta moción la hemos presentado con anterioridad a que Sánchez dejase en libertad a los políticos presos del *procés* y por eso presentamos la enmienda, para condenar enérgicamente la decisión del Gobierno de vulnerar la Constitución española. Sánchez debería dimitir y convocar elecciones por haber incumplido su juramento constitucional y por haber engañado a los españoles. Es muy amplia la hemeroteca y muchas han sido sus declaraciones.

En 2017, en octubre, diversos partidos y miembros del Gobierno de Cataluña

organizaron un referéndum ilegal, proclamaron de forma ilegal la independencia y la constitución de una ilegal República catalana. Por eso dos años después los impulsores de estos actos fueron condenados por el Tribunal Supremo a penas entre los 9 y 13 años de prisión, así como a penas de inhabilitación por delitos de sedición y/o malversación. En el momento de conocerse la sentencia, Sánchez garantizaba tanto a la ciudadanía catalana como la ciudadanía española que esta sentencia se iba a cumplir en su totalidad, puesto que nadie, decía él, está por encima de la ley, y que iba a traer a España a Puigdemont. Pero tanto Sánchez como su Gobierno necesitan los votos de los partidos independentistas catalanes para mantenerse en el poder y por eso ahora Sánchez ha concedido el indulto, en contra del criterio de la Fiscalía y del Tribunal Supremo, a unos condenados que ni siquiera solicitaron los indultos, que no solo no mostraron ningún arrepentimiento, sino que dejaron claro que tienen intención de reincidir en esos delitos cometidos y que sus objetivos siguen siendo los mismos que en 2017 y, por lo tanto, igual de ilegales que entonces.

El Tribunal Supremo, en un demoledor y clarísimo informe aprobado por unanimidad de sus miembros explica lo que pretenden y ya consumaron, claro, el presidente Sánchez y su Gobierno, que es retorcer la naturaleza del indulto y cuestionar los presupuestos que hacen legítimo el ejercicio de la función jurisdiccional. El Tribunal Supremo deja en evidencia la verdadera intención del Gobierno al defender el indulto, que no es otra que su mera supervivencia política, al recordar que algunos de los que aspiran al beneficio del derecho de gracia son precisamente líderes políticos de los partidos que en este momento garantizan la estabilidad del Gobierno llamado al ejercicio del derecho de gracia, es decir, un autoindulto.

El Gobierno pone en duda, al igual que lo hacen los líderes independentistas, el funcionamiento de la justicia española. No cabe el argumento de la concordia y de la paz. Estas condenas no son ni una revancha ni una venganza, como dice ahora Sánchez. Ese es el argumento de los secesionistas que ahora asume en primera persona el presidente del Gobierno. O se está a favor de la justicia y del Estado de derecho o se está a favor de los delincuentes y de los que rompen la convivencia.

Mostramos nuestra más enérgica condena a esta decisión del Gobierno de España y exigimos la dimisión del presidente del Gobierno por haber engañado a los españoles. Es una traición incluso a muchos de sus votantes y son muchos los socialistas que además han levantado la voz. Esto no es un indulto, es un auténtico insulto. Por supuesto, el Partido Popular va a recurrir esta decisión.

Muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

Ben, nós imos votar en contra, evidentemente. O certo é que non deixa de ser unha sutileza retórica a diferenza entre político preso e preso político. A verdade é que non acabo, estaría ben intentar definir cal é a diferenza, ou sexa, son políticos presos aqueles que incorreron en delitos de tipo administrativo, prevaricaron ou algo así. Entón quen son os presos políticos? Os de conciencia, aqueles que non acatan certas

cuestións do ordenamento xurídico. Creo que é unha diferenza difícil de facer porque eu son dos que pensan que son presos políticos, efectivamente, e non é que o pense eu que é indiferente, senón que tamén o pensan cortes xurídicas internacionais, e eu creo que a ninguén se lle escapa que no que está sucedendo agora mesmo hai máis puntos de vista implicados que os meramente internos do Estado español. Tamén hai outras instancias que acusaron de xeito moi taxativo as deficiencias de todo o procedemento xurídico penal que levou á cadea os presos políticos cataláns. Iso creo que a ninguén se lle escapa, que as iniciativas no seu momento de Lamela e tamén as que nos acompañaron nos delitos de sedición e outros non foron ben vistas máis alá das fronteiras do Estado e que, talvez, o que está sucedendo agora é o cumprimento dunha folla de ruta que excede os límites da propia soberanía estatal española.

Estamos ante cuestións, insisto, que tamén ao mellor non son manifestas pero que son evidentes, que tamén obedecen a unha axenda externa, unha axenda na cal o Estado español está, creo, tentando darlle efecto a finalmente darlle solución política e democrática aos problemas de índole política.

Eu creo que sen dúbida é unha operación dificilísima, complexa, entre outras cousas porque o ambiente que se está creando, xa non digo só desde a bancada do Partido Popular, senón máis á dereita do Partido Popular, o que está sucedendo é que está, penso, desquiciando completamente o que debe ser un debate político e convertendo ironicamente aqueles que no seu momento tiñan tantas pegas á Constitución española converténdoa nun dogma de fe inamovible. Vai ser necesario abrir, o Estado español ten, é innegable, conflitos localizados sobre cuestións referidas ao seu modelo territorial e isto ten que ter canles políticas de solución.

Xa sei que é completamente inútil pola miña parte pedirlle certo sentido de Estado ao Partido Popular sobre esta cuestión, tampouco o Partido Popular ten moito que perder en Cataluña, a verdade, talvez iso explica por que ten estas hipóteses tan de máximos, tan agresivas, e tamén unha vez máis condicionadas pola axenda da ultradereita. Estamos moi lonxe do clima necesario para, creo, levar isto a unha solución política, que no contexto da Unión Europea, ou no seu momento cando o propio Reino Unido formaba parte da Unión Europea se lle deu unha saída pola vía democrática, que finalmente é o que recolle a propia Declaración de Dereitos Humanos.

Eu estou seguro de que o Partido Popular, desde logo, rexeita completamente este tipo de solucións, pero outras solucións vai haber que tomar e para iso creo que desde logo o que é completamente irresponsable e amosa moi pouco sentido de Estado é ir a un absoluto inmobilismo respecto de algo que forma parte dos contenciosos do Estado español desde hai centos de anos, que é o modelo de Estado, e, polo tanto, aínda que sexa inútil, felicitamos o Goberno por tomar esta senda tan complexa, como é a de abrir unha vía de negociación e de arranxo político a esta cuestión.

Nada máis e grazas.

Sra. Muiño Filgueira

Bo día outra vez, e non hai sorpresa en relación a esta cuestión, ao debate de fondo que hai detrás da moción do Partido Popular, evidentemente por cuestións de posicionamento político ideolóxico somos como auga e aceite, difícil de mesturar os nosos posicionamentos.

Aínda que as posibilidades de debate e de análise ao redor desta moción son amplísimas e como nos imos estendendo no tempo dos debates, pois, ben, para comezar unha primeira valoración dos indultos que, dende logo, pola nosa parte en primeiro lugar é positiva, na medida en que alivia a situación das persoas presas e por suposto das súas familias, do mesmo xeito que temos que valorar este xesto como un paso adiante para poder traer esta cuestión de conflito á vía política, porque dende logo consideramos que é unha senda da que nunca antes debeu saír.

Por outro lado e en relación tamén aos propios indultos, si que é certo que valoramos a medida como insuficiente. Hai argumentos e é permitido facer unha valoración da propia sentenza que nos levou a este punto para valorala como desproporcionada, e así o sustentan o voto particular formulado por dous maxistrados do Tribunal Constitucional e dalgunha maneira así se recolle no recente informe emitido polo Consello de Europa. Consideramos que é insuficiente, xustamente por ser unha medida individual, non deberiamos esquecer que hai aínda máis de 3.000 persoas que están a ser investigadas por distintos tribunais pola súa participación en diferentes procesos do proceso soberanista, e que a ningunha delas lles vai afectar esta medida por tratarse dunha medida limitada. Lembremos que efectivamente non anula a inhabilitación e tampouco a indemnización de responsabilidade civil para Junqueras, para Forn, Turull, Rull, Romeva e a conselleira Bassa, entón daquela temos tamén un posicionamento crítico como medida insuficiente.

Detrás desta cuestión é certamente que hai todo un proceso previo que nos ten levado ata aquí e é efectivamente cando existe discrepancia acerca do modelo de Estado e o tipo de relacións entre as diferentes nacións ou pobos que o compoñen, e é lexítimo cuestionar e, dende logo, reivindicar que se abra unha vía e sistemas democráticos para poder modificalo e un pouco tamén rachar cun modelo autonómico co que dende logo moitas forzas políticas, como é a nosa do BNG, somos críticas e aspiramos a poder modificar.

Logo, a belixerancia en relación co tema dos indultos pois tamén cando menos resulta rechamante, cando por parte do Partido Popular se teñen emitido numerosísimos indultos, por parte de José María Aznar nada máis e nada menos que 5.956, ou Mariano Rajoy 962. O indulto utilizouse para casos, nada máis e nada menos, como o de Alfonso Armada, un dos xenerais condenados polo golpe de Estado do 23 F, para Jesús Gil condenado por estafa, pero tamén por parte de Aznar a Vera e Barrionuevo, condenados por terrorismo de Estado e malversación e outros casos. Entón resulta cando menos paradoxal que nesta cuestión se sexa tan belixeramente e entendo que é un pouco para dar continuidade con ese proceso que nos levou ata aquí. Cando xorde un problema de índole política no que ao noso modo de ver había máis dunha vía para conducilo, unha sería a vía política democrática, a

base do diálogo e a negociación, tendo exemplos próximos nos que se mirar, no marco da democracia, como podería ser Escocia ou o Quebec, e outra opción, outra vía, que desde logo foi a de negar o interlocutor político, actuar de xeito represivo e que conduce a unha vía de violencia, de desencontro e que alimenta posicións extremas de odio e ademais dá de comer a outra dereita e a movementos fascistas.

Neste sentido pensamos que pouco contribúe á democracia este posicionamento e preguntámonos tamén se en aras de contribuír a un avance democrático e de dereitos no canto de recoller sinaturas contra os indultos ou participar da man de Vox no esperpento de Colón alimentando o fascismo, que pouco contribúe ao entendemento e ao diálogo, non sería mellor poñernos a traballar para reclamar máis autogoberno para Galicia, reclamar as transferencias recollidas no actual Estatuto, activar a Comisión para reformar o actual Estatuto, avanzar cara ao recoñecemento, en fin, da nosa condición nacional e dos dereitos que nos son inherentes para contribuír a un mellor e máis pleno desenvolvemento de Galicia como noso pobo.

Pero, neste sentido, tamén eu quero dicir que non pecan vostedes de inocentes neste aspecto, que cando convocamos eleccións autonómicas somos moi conscientes do valor diferenciador e collemos como lema inequivocamente Galicia, Galicia, Galicia, para poñela por diante de todo. Que pasa?, que cando nos tocan a corneta parece que despois só nos queda Madrid, Madrid e Madrid, entón parece unha mágoa para os intereses dos galegos e galegas cun Goberno que vostedes lideran neste momento pois chegar a estes posicionamentos que penso que, honestamente e de xeito responsable, pouco axudan ou nada ao entendemento, ao diálogo e que van en contra dos valores esenciais democráticos. E non estaría mal preguntarse que poñemos por diante? Se a democracia ou outros intereses partidistas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Na liña das intervencións precedentes. En primeiro lugar, lendo esta moción e escoitando o dito e o escrito polo Partido Popular dos últimos tempos sobre os indultos dá a impresión de que o indulto é unha cousa que se acaba de inventar Pedro Sánchez, que non existía e que se nos saca da manga e de repente decide indultar uns señores.

Dicía a compañeira do BNG, e é verdade, dende o ano 96 lévanse concedidos 10.622 indultos. O Goberno que máis indultos concedeu con moitísima diferenza, dicía antes e é verdade, foi o do señor Aznar, en 8 anos 5.948 indultos, 700 ao ano, máis que os concedidos polo Goberno Zapatero e os gobernos de Mariano Rajoy xuntos.

No 2012 incluso o Partido Popular indultou un kamikaze que provocou a morte dun rapaz en Valencia; tiña unha condena de 13 anos de cárcere e conmutouna por 4.000 € de multa, un indulto que despois tombou o Tribunal Supremo. Dígoo porque

antes falábase e fálase nesta moción do respecto ao ordenamento xurídico, etcétera, habería que introducir algún tipo de matices a ese respecto, pero en todo caso aí temos un exemplo dun indulto concedido en contra do criterio do tribunal e que finalmente unha vez que foi concedido, o Tribunal Supremo o tomba e ninguén pediu ningún tipo de dimisión, e estamos a falar da morte dunha persoa.

Falaba tamén antes do indulto ao xeneral Armada, un golpista condenado, efectivamente foi indultado polo Goberno socialista, xa sabía que me ía dicir iso, pero naquel momento, Alianza Popular que era a matriz do Partido Popular non pediu a dimisión do presidente do Goberno, ninguén do Partido Popular naquel momento dixo nin que Felipe González ía contra o Estado de dereito español, nin contra a Constitución, nin cousas como as que acabo de escoitar, que debería dimitir por incumprir o seu xuramento constitucional e enganar os españois; ninguén naquel momento en Alianza Popular, que moitos deles continúan no Partido Popular a día de hoxe, dixo nada a este respecto. Non sei se é que, dependendo da ideoloxía do golpista, hai golpistas de primeira e de segunda, e cando se indulta uns hai que dimitir e cando se indulta outros non. Para min nese aspecto serían todos iguais, pero é que é importante salientar neste caso que este indulto non é unha consideración cara aos indultados, senón que o que busca é solucionar un problema gravísimo que afecta a este país, que ten que ver coa unidade territorial, recoñecendo e dando por feito que temos un problema gravísimo en Cataluña, e iso é así.

É curioso tamén cando goberna o Partido Popular no Estado con maioría absoluta medra o independentismo, pódeno ver vostedes facendo un estudo de todos os resultados electorais das distintas eleccións cando goberna o Partido Popular con maioría absoluta nas comunidades autónomas ou históricas, como queiramos chamalo, sempre se incrementa o independentismo, digo cando goberna con maioría absoluta porque, cando goberna en minoría, non pasa iso. Cando goberna en minoría, pois por exemplo ETA é un movemento de liberación Vasco, xa non son terroristas, ou indúltase 13 terroristas de Terra Lliure, como fixo o Goberno de Aznar. Poderá dicir vostede que ese foi un expediente iniciado tamén polo Partido Socialista cando gobernaba Felipe González, pero é certo que todas as peticións de indulto, se hai que facer pedagoxía, están obrigadas a tramitarse, así o establece a lei, non é unha cuestión discrecional. Por tanto, houbo un Goberno que iniciou esa tramitación e o señor Aznar decidiu indultar 13 terroristas condenados por terrorismo, dunha organización terrorista extinta xa afortunadamente en Cataluña. Aí non houbo ningún tipo de problema, claro que naquel momento facíanlle falta ao señor Aznar os votos de Convergència i Unió. De aí que entendo que, pensando o ladrón –entendamos que isto é un refrán– que os demais son da súa condición, se diga que neste caso Pedro Sánchez indulta porque como ten os votos de ERC ou dalgún outro partido catalán para sustentar o Goberno no Congreso, pois que poida ser por iso. Claro, porque o Partido Popular xa o fixo no ano 96, entón pensará que os demais tamén o fan por iso. Pero hai unha diferenza inmensa no que acabo de dicir, hai un problema grave que hai que atallar.

E dende o punto de vista estrito seguramente todos os que estamos aquí, incluso os que imos votar en contra desta moción, non estariamos a favor dos indultos se fora por indultar esas persoas, pero, repito, trátase de explorar unha vía para dar

solución a un problema que non se vai amañar e que, se seguimos con esa política de confrontación contra o independentismo catalán e parte de Cataluña que fai o Partido Popular, e xa non digo a extrema dereita, o único que imos conseguir é ter unha fábrica de independentistas, e iso é así. E hai un feito que non podemos dende logo deixar de ter en conta e é que hai un montón de millóns de cidadáns de Cataluña que votan independentismo e que queren independizarse de España e, por tanto, ou se aborda, señora Gallego, dende a concordia e dende o entendemento este problema, ou non vai haber solución. E, repito, a min de primeira seguramente non estaría de acordo cos indultos, pero entendo que se fan por un ben superior neste caso; se non, non hai arranxo posible. E, home, o Partido Popular algunha responsabilidade tamén terá en toda esta desfeita porque todos recordamos aquel esperpento que foron esas eleccións nas que supostamente dicía o ministro de Interior que estaba todo controlado e despois resulta que non aparecían as urnas, despois resulta que uns votaban, que os Mossos non cumprían, que a policía non era capaz de impedilo. É dicir, a xestión de todo ese proceso que culminou con esa declaración de independencia unilateral que vostedes di e que, é verdade, que non é legal, con despois o apresamento e condena destas persoas iniciouse tamén porque a xestión do Partido Popular daquela crise foi totalmente terrible, por dicir malísima ou pésima.

Pero, claro, o fácil é chegar e botarlle lume alí ao tema e despois que veñan os demais apagalo, porque claro, dende a oposición ás veces un pensa erroneamente que non hai que ser responsables, e a responsabilidade hai que tela cando se está no Goberno e hai que tela tamén cando se está na oposición. Non vale aquilo de “hay que dejar a España caer que ya la levantaremos nosotros”, que isto é unha cousa similar ao que estamos vendo agora, porque é verdade o Partido Popular cando non goberna sempre ten esa estratexia de apelar aos sentimentos máis básicos da xente; cando se negociaba con ETA para conseguir o que ao final se conseguiu, que era o final da loita armada, dicíase que se traizoaba as vítimas, que o Estado de dereito, que dálle que dálle. Cando gobernaba o PP, xa digo, era un movemento de liberación, cando se indulta unhas persoas se son terroristas cataláns pero gobernamos nós, non pasa nada, cando o fan os demais... É dicir, hai que ser un pouco máis serios e un pouco máis coherentes neste tipo de posturas e asumir que temos un problema grave neste país.

E, efectivamente, hai moitísimos cidadáns que non estaban a favor destes indultos. Tamén é certo que hai unha desinformación brutal en gran medida inducida polo seu grupo, porque se presenta isto como unha medida de graza, de vender o Estado ao independentismo, e hai unha cousa ademais que é importante ter claro, que establece a propia Lei do 18 de xullo de 1870, que é a que regula os indultos, no seu artigo 1.º establece que todos os condenados poden ser indultados menos os condenados, os que non estean condenados en sentenza firme, os que non estivesen a disposición do tribunal ou os que que fosen reincidentes. Pero no artigo 6 establece que se non se fai de forma explícita, se non se establece explicitamente na concesión do indulto, exime de todas as penas, excepto da de non poder exercer cargo público. Polo tanto, estes señores con este indulto non van poder reincidir dende o cargo público que ostentaban, no suposto de que poidan ostentar ese ou algún outro, porque non van ter esa capacidade, porque o indulto non chega ata aí. E iso establéceo a propia lei.

Ademais de que hai outra cuestión a maiores, é un indulto condicionado: se volven a delinquir entre 9 e 3 anos dependendo das condenas, ese indulto revógase. Polo tanto ese argumento de que van a volver a facer non ten ningún sentido. Poderano facer outros, pero eles dende logo, unicamente que queiran volver a prisión, non o van poder facer, e ademais hai un impedimento legal dende o momento en que quedan inhabilitados para cargo público. Poderán colaborar con ese proceso a título individual como cidadáns ou dalgún ente ou plataforma ou entidade, pero non dende as institucións públicas. E iso non se di e é importante dicilo tamén, porque non é verdade.

Ademais, na súa moción, claro, hai unha serie de propostas que incluso todos os que estamos aquí poderiamos votalas sen ningún tipo de problema. Na primeira delas que está por aquí, primeiro: “por todo o exposto, a fundada sospeita de que non nos atopamos ante un indulto senón ante un pago político, o Grupo Popular da Deputación presenta a seguinte proposta de acordo: Primeiro, expresa o seu respaldo", non sei se quen expresa o seu respaldo é o Partido Popular, se esta Corporación, se quen, porque non o di, aí hai unha errata ou un erro na redacción. Pero en todo caso pon: “Expresa o seu respaldo incondicional e absoluto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico español como garante da integridade e unidade da nación”, etcétera, etcétera. Iso todos os que estamos aquí o imos apoiar, de feito fixemos un xuramento para ser deputados desta Cámara asumindo iso, non vai en contradición cos indultos, porque os indultos, o sistema dos indultos está regulado por unha lei que está contemplada no ordenamento xurídico deste país, polo tanto non hai ningún tipo de ilegalidade.

Sobre o segundo punto: “manifesta o seu apoio sen fisuras ao labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza españois con especial mención ao Tribunal Supremo de maneira independente, responsable e sometidos unicamente ao imperio da lei, como establece o artigo 117 da Constitución española”. efectivamente, pero é que o indulto é un mecanismo contemplado no ordenamento xurídico que entra en funcionamento despois dos tribunais. Non hai ningún tipo de contradición, non se vulnera ningún tipo de lei, polo tanto este punto segundo tampouco é ningún tipo de problema, dá a impresión de que vostedes queren facer entender primeiro que non se cumpre a Constitución, que se vulnera a Carta Magna e que se vulnera, ou que polo menos non se respecta a independencia do poder xudicial ou non se ten en conta, cousa que non é así, porque, repito, é un mecanismo que está regulado legalmente e polo tanto, non ten ningún tipo de discusión a ese respecto.

E despois presenta unha emenda máis cargada de bombo, que é xa o realmente importante, o que realmente lle importa neste tema ao Partido Popular, non é todo o que acabamos de falar, é o que vén na emenda: “Condena a decisión do Goberno de España de conceder o indulto a aqueles que vulneraron, como declarou o Tribunal Supremo, e pretenden reincidir no delito de sedición cometido”. E cuarto, que isto é importante, “exixe a dimisión do presidente do Goberno e a inmediata convocatoria de eleccións”. Xa está, esa é a cerna do asunto. O importante é que Pedro Sánchez dimita e que convoque eleccións, que é o que nos importa de

verdade. Non nos importa a cuestión territorial, porque isto é o mesmo que dixen antes de “dejen caer España que ya la arreglamos nosotros”. Isto igual, bota leña, leña ao lume porque o importante é que haxa eleccións e como agora as enquisas dan que estamos aí aí a ver se temos sorte e soa a frauta.

E gústelles a vostedes ou non, antes o señor Ben facía unha apelación á tramitación dos expedientes segundo a norma, etcétera, etcétera, pois neste caso dr está facendo así, segundo a norma. E unha vez que están concedidos estes indultos veremos se os quero tombar en Tribunal Supremo, deixemos que actúe, señor Ben, deixemos que actúe o Tribunal Supremo, igual que deixemos que actúen os técnicos da Xunta e do Estado no Monte do Gato, do Corvo e calquera outro animal que teña un monte como nome. Pero, claro, temos uns argumentos para unha serie de cuestións e outros moi distintos para outras, porque no fondo o único que nos interesa é chegar ao Goberno do Estado, e aínda encima apoiados nesa extrema dereita defensores de España porque, claro, defendemos sempre España todos de boquilla, pero defender España tamén é ir a Europa precisamente a facer o contrario do que facía señor Casado, que é pedir para que non nos deran os fondos do Next Generation, por exemplo, aí é onde se ve a españolidade. Calquera interese está supeditado aos intereses do partido por riba do dos españois, porque iso témolo dito en moitas ocasións. Por tanto vir aquí coa bandeiriña a presentarse como defensores da unidade de España e os únicos e os mellores xa está moi pasado de moda, xa está moi pasado de moda, e xa pouca xente cae nesa trampa, e moito menos os que estamos aquí sentados porque xa nos coñecemos uns e outros, e estou a falar dos partidos non das persoas, loxicamente por vostedes saben que profeso o maior dos respectos, pero sexamos un pouco máis serios. E digan vostedes o que queren de verdade, que é que haxa unhas eleccións porque as enquisas lles dan máis ou menos ben, entón se se pode desgastar o Goberno do Estado con este tema... Porque a min gustaríame saber cal é a alternativa do Partido Popular a esta problemática. Se mañá gobernan vostedes, que van facer? Non van falar co independentismo, polo tanto alí quedan nesa esquina. Se volven a convocalo, vano facer un pouco mellor do que o fixeron para non facer ese esperpento, van mandar o exército a Cataluña, como propoñen os seus socios de goberno nalgunha comunidade autónoma de Vox. Porque, claro, se o que está facendo está moi mal e é malísimo e vai contra a Constitución e contra España e contra... é importante que vostedes nesta moción tamén deixaran de manifesto que é o que van facer vostedes, porque ata o de agora non o sabemos. Non hai nin unha proposta en positivo do Partido Popular para saír deste apuro. Pode ser en tal caso que ao Partido Popular lle interese ter ese independentismo alí porque así contrapoñemos e temos máis cinguidas as filas, pero esa é unha cuestión estratéxica electoral que non ten nada que ver coa unidade de España nin moitísimo menos.

E, en todo caso, repito, sería importante que sexamos un pouco máis serios e que fagamos as propostas como hai que facelas, e digamos o que pensamos de verdade, non hai que terlle medo, non nos escudemos na unidade de España para intentar facer o que realmente nos interesa, que é que haxa unhas eleccións para chegar ao Goberno.

Nada máis, moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Hombre, muchísimos indultos, claro que sí, que es una figura legal pues por supuesto, que ya solo faltaba. ¿Qué ocurre?, que es que aquí ni los propios presos políticos, políticos presos, mejor dicho; no, al revés, presos políticos, la diferencia es que los políticos presos no existen en España porque la gente es condenada primero y luego se mete en la cárcel, no es como en otros países, aquí hay una comisión de un delito, ni siquiera han solicitado ellos el indulto, y están diciendo que van a cometer los mismos delitos, que van a convocar referéndum, que van a declarar la independencia y ese es su objetivo, esa es la gran diferencia.

Pero, claro, hay un problema gravísimo en Cataluña, pero es que en 2017 ya lo había y Sánchez apoyó la aplicación del artículo 155. Antes de las elecciones de noviembre de 2019 dijo que los condenados debían cumplir íntegramente las penas y se comprometía a acabar con indultos políticos, a recuperar el delito de referéndum ilegal y a traer a Puigdemont. Y ya el colmo en el debate de abril de 2019 dijo, yo no pacto con independentistas. Es mentira, falso es falso, nunca es nunca, y no es no. Y ahora todo es sí. Y, claro, para reformar la Constitución la tienen que votar todos los españoles, aquí no se trata de que los catalanes se quieren marchar, no se trata de eso, es un tema que tienen que votar todos los españoles. Y ahora, claro, hablamos de comprensión y magnanimidad de los españoles para impulsar el diálogo; bueno, es que aquí lo que se está buscando claro que sí, es seguir en el poder, cómo no, cómo no, cómo no.

Pero bueno, claro, el BNG habla del agua y el aceite en posicionamientos, por supuesto, cómo no vamos a ser el agua y el aceite. ¿Qué va a decir el BNG compartiendo cartel con Bildu, con Esquerra, con la CUP? Qué dicen que quieren terminar con el régimen del 78, porque aquí juramos todos o prometemos la Constitución, pero es que algunos se la quieren cargar así ya de un plumazo, el régimen del 78 le llaman, además, así.

Hace unos días Ana Pontón se trajo a Rufián a Galicia, que comparte los mismos argumentos, porque representan el nacionalismo más radical, es lo mismo. Entonces claro el agua y el aceite por supuesto, por supuesto. Y no nos asimilen a ninguna extrema derecha, porque aquí quienes hablan de Vox son todos menos el PP, fíjense, todos menos el PP, porque son a los que les interesa que Vox suba. No tiene nada que ver nuestro posicionamiento para nada, aquí hay una ilegalidad total y absoluta, aquí hay unos políticos que fueron condenados por sedición y malversación, no nos olvidemos que es dinero público el que han utilizado. Entonces, yo creo que lo mínimo, lo mínimo es ser coherente con la postura que se tuvo hasta hace dos días, que es la de Sánchez, hasta hace dos días estas declaraciones las hizo él, la hemeroteca es extensísima y de repente cambia de un día para otro. Hombre, claro que es un motivo electoral, a ver qué le dice Tezanos dentro de un tiempo porque, y si vuelven otra vez a cometer los mismos delitos, ¿los van a volver a indultar? O dependerá de lo que diga Tezanos en ese momento, o no son ellos o son otros porque, bueno, si vuelven, ya se revoca el indulto; claro, es que no vengamos con esos argumentos.

Entonces, nosotros estamos totalmente en contra, condenamos estos indultos y, por supuesto, el Partido Popular los va a recurrir y, siendo coherente, Sánchez debería dimitir porque ha engañado a sus votantes, ya al resto de los españoles, pero a sus propios votantes, porque les dijo exactamente que no iba a pactar con independentistas y que no es no. ¿Qué parte no entendemos del no es no? Pues, en fin.

Sr. García Seoane

Si ben eu despois de todo este rollo centollo que dorme os santos, os que estamos aquí coñecemos a historia todos e ás veces é canso boom boomboomboomboomboom, darlle ao bombo tanto, para iso está Manolo o do Bombo, que xa por certo agora xa non existe. Eu quero felicitar o presidente do Goberno, e felicitalo polo traballo que está facendo, polo diálogo entre españois, cataláns, madrileños, vascos e quen sexa. Eu quero felicitalo nese aspecto.

Neste caso eu creo que o Partido Popular neste país, que non é a extrema dereita, o Partido Popular, que ten unha responsabilidade moi grande, que gobernou e ao mellor algún día volve gobernar España, debía valorar moito máis algunhas decisións que toma, e que xa tomou no seu día e que hai unhas contradicións despois no que se pon. Neste caso está quedando só, non se dan conta de que están quedando sós porque ata os empresarios, ata os empresarios, que non coñezo moitos de esquerdas, hai algúns, pero non coñezo moitos de esquerdas, o empresario vai ao negocio, vai ao del, e sempre ten máis doado dende a dereita facer cartos que dende a esquerda, daquela maneira, usando aquelas maneiras, e ata a Igrexa, ata a Igrexa que neste momento cambia de chip e recoñece que hai que ir á conciliación, que hai que respectar a maneira distinta de pensar de españois e, por tanto, eu non creo que ninguén se teña que arrepentir de defender unhas crenzas, ninguén se ten que arrepentir, e tamén digo que ninguén ten que estar privado de liberdade por defender unhas ideas políticas en democracia.

Indubidablemente aqueles que queren pegar un golpe de Estado, indubidablemente ao cárcere, aqueles que queiran acabar coa democracia, indubidablemente ao cárcere, pero non é o caso do que estamos a falar aquí. Eu creo que son distintas formas de ver como se pode dirixir un país e hai que respectar, dentro da democracia, hai que respectar esas distintas formas de velo e debatelas nos foros en que haxa que debatelos, e dar, como fai neste momento para buscar..., hai que recordar, aquí díxose, a metade deses cataláns están a favor desa España que uns defenden e hai outros cataláns que están a favor dunha España catalá que eles defenden. Ben, pois terán que dirimilo ao longo do tempo, pero isto non dá lugar a que haxa que prender a uns ou a outros.

Por tanto, unha vez máis felicitar o presidente do Goberno, felicitarnos de que os empresarios e a Igrexa tamén se sumen a todo isto, e creo que o Partido Popular ten que ir pensando moito o tema porque se vai quedar só, como o galo de Morón, sen plumas e cacarexando. Nada máis, o meu voto vai ser positivo, vai ser negativo á moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, vexo que ao final matizou, non van poder volver cometer ese delito porque seguen inhabilitados para poder exercer un cargo público, polo tanto non van poder facelo, señora Gallego.

Dicía vostede que en 2017 en canto ás contradicións de Pedro Sánchez apoiou o 155, ben, ese é un exemplo do que fai o Partido Socialista cando está na oposición, que é bastante máis responsable, apoia o 155 ou apoia negociar con ETA cando non goberna e cando goberna tamén, e a diferenza con vostedes e cando non gobernan nin apoian unha cousa nin a outra. Se todos os políticos cada vez que se contradín e din unha cousa e fan a contraria tiveran que dimitir penso que quedaría neste país un 10%. No Congreso dos Deputados seguramente moi poucos, e que tivesen responsabilidades de goberno neste país practicamente ningún. Podemos ver exemplos, non á subida do IVE e logo son o que máis o subo, como Mariano Rajoy, etcétera. Temos exemplos de sobra, temos incluso as declaracións do señor Casado cinco días antes das eleccións en Cataluña. “Casado se desmarca ahora de la gestión del 1-O del Gobierno de Rajoy y afirma que no le gustaron las cargas policiales, a cinco días de las elecciones en Cataluña el líder del PP asegura en una entrevista que el expresidente del Gobierno debería haber evitado el referéndum”. Iso dicíao o señor Casado cinco días antes das eleccións, despois das eleccións dicía outra cousa. É certo que o señor Casado unhas veces é de centro, outras case é de esquerdas, outras de dereitas, outras de extrema dereita..., ben, tamén hai certos bailes.

En todo caso, cando un rectifica e fai unhas afirmacións e despois fai unha cousa que é distinta ao que dixo, non quere dicir que estea enganando a ninguén, moitas veces débese a que un precisamente, como digo, rectifica, e igual entende que a súa postura non era a correcta e que para buscar unha solución ten que mudar esa postura, independentemente de que incluso non lle guste a adopción desa medida. Por iso lle dicía antes, e vostede seguiu sen contestarme, que qué medidas ten pensado adoptar o Partido Popular se goberna para acabar con esta cuestión, e fágolle a pregunta concretamente non por casualidade, senón porque nesta moción piden vostedes que se convoquen eleccións, por tanto sería bo que nos fagan saber aos demais que teñen pensado facer con esta problemática, como a pensan abordar.

E se o volven a facer estando vostedes, vai haber cargas policiais ou non?, dependendo se é o señor Casado do día 5 ou o do día 7, se se vai xestionar de mal como o Goberno de Rajoy ou doutra maneira dependendo de se o señor Casado é do día 5 ou do día 7, iso sería importante que se aclarara, porque é importante sobre todo para que entendamos un pouco cal é a alternativa que presenta o Partido Popular máis alá de dicir que iso que se está facendo se está facendo moi mal, porque non se trata só de facer de árbitro e dicir o que se fai mal e ben, senón tamén de aportar algún tipo de solución.

Neste caso, ademais diso, aquí condenouse persoas que se someteron ao imperio da lei e que non se fugaron, non é o caso do señor Puigdemont. As persoas que foron condenadas e agora indultadas son persoas que quedaron en España, que

foron detidas e que foron condenadas, polo tanto, non se pode comparar unha cuestión coa outra e entendo que aí si que poden concorrer determinados aspectos que poidan avalar ese indulto por parte do Goberno do Estado, máis aló do que dicía de que non se trata de indultar a persoas, senón de buscar un entendemento con miles ou centenares de miles ou millóns de cataláns que non se senten cómodos en España e que queren marchar, e polo tanto empezamos a abordalo dende a concordia e o diálogo, perdoando todos, ou vai ser moi difícil chegar a algún tipo de entendemento. E neste país afortunadamente, eu que son dos que defenden ese réxime do 78 que dicía vostede, e mire que aínda non nacera naquela época, penso que se chegou á situación na que estamos agora porque houbo entendemento, porque houbo concordia e porque houbo perdón, entre eles *a posteriori* a un golpista como foi o señor Armada sen que ningún grupo do espectro político naquel momento, polo menos do centro, centro dereita, dixera nada ao respecto. Polo tanto, vamos ser un pouco máis xenerosos para intentar buscar solucións a problemas tan graves como o que nos afecta neste momento.

Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 12 deputados/as
Votan en contra: 15 deputados/as
Abstéñense: 1 deputado

Sr. Presidente

Seguinte moción, que presenta o Grupo Provincial Popular, para que ceda a titularidade a Deputación da Coruña aos concellos da provincia nos tramos que así o soliciten ás estradas de titularidade provincial que discorran polos seus municipios.

4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para que ceda a titularidade aos concellos da provincia nos tramos que así o soliciten, as estradas de titularidade provincial que discorran polos seus municipios

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Defínese estrada como a vía de dominio e uso público (propiedade das administracións públicas e de libre acceso) proxectada e construída para a circulación de vehículos automóbiles.

A rede viaria dun Municipio é esencial para o seu desenvolvemento e crecemento porque é o único medio que permite o transporte de persoas. Grazas á rede viaria, é posible satisfacer as necesidades básicas de educación, traballo, alimentos, saúde, etc. Por este motivo, para que un Concello sexa estratéxico, é preciso ter un sistema

viario adecuado, porque é a única maneira de garantir a mobilidade plena, satisfacendo así as necesidades esenciais da poboación.

Os investimentos insuficientes ou a mala administración da rede viaria municipal terán consecuencias graves para a economía e o benestar social do municipio.

Engadida a esta cuestión, a do diferente estado das estradas provinciais atendendo á relación de identidade ou non entre a cor política dos diversos gobernos municipais e o goberno da Deputación ao longo da historia, atopamos a cuestión da propiedade das vías.

Así, na maioría dos Concellos da provincia, o trazado das estradas provinciais cruza, a modo de travesía, polo centro do centro urbano, tornando complexa, cando non imposible, a vontade do goberno municipal de dotala de equipamentos e mesmo ornatos específicos acordes coa súa localización.

Outras veces atopamos que a mesma estrada pasa sucesivamente de ser de competencia provincial, a estatal ou local sen que sexa posible discernir as razóns desa distribución ou, tamén, cando os motivos para os seus sucesivos cambios de titularidade cambiaron hai tempo, coa expansión e diseminación dos núcleos urbanos, e perderon hoxe a súa razón de ser orixinal.

Polo exposto, co obxecto de racionalizar e homoxeneizar a titularidade, o estado de conservación e dotación de servizos das vías provinciais, faise necesario a formalización do cambio de titularidade dos viais a favor dos Concellos da Provincia que así o soliciten, en perfecto estado de uso, mediante a subscrición da correspondente acta de entrega parte da Deputación provincial da Coruña, xunto coa documentación técnica e administrativa que especifique os seus singulares características, as instalacións auxiliares de que dispoñan e o estado de conservación e mantemento dos tramos de estrada que sexan obxecto de cesión entre as citadas administracións.

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación, ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Instar á Deputación da Coruña, a que proceda á cesión da titularidade das estradas provinciais a favor dos Concellos nos tramos que así o soliciten, en perfecto estado de uso, é dicir, unha vez realice as obras correspondentes de reparación, conservación e adaptación á normativa de circulación actual e accesibilidade dos peóns que utilicen ditas vías.

Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo, gracias, presidente.

Vamos a ver, la moción que traemos esta es una moción a raíz de lo que hemos ido hablando con nuestros alcaldes, que evidentemente, y portavoces en las distintas zonas, que entendemos que es razonable que en unas vías provinciales que

en su momento se hicieron para comunicar territorios entre zonas pobladas A y zona poblada B a día de hoy digamos que la planta de este diseño urbano y de diseño urbanístico en Galicia y en la provincia de A Coruña ha ido cambiando y estas pistas que inicialmente conectaban zonas pobladas sin haber población en la misma, a día de hoy nos encontramos con núcleos o zonas importantes que son meramente urbanas. Lo lógico y lo razonable sería que estableciéramos un plan y un proyecto para ir cediendo las vías de los ayuntamientos que así lo soliciten, para que en estos tramos urbanos, previa solicitud, se vaya haciendo la cesión de estos tramos urbanos a los propios ayuntamientos y, evidentemente, dárselas en unas condiciones aceptables.

Esto sería bueno por dos cosas: primera porque, evidentemente, se harían cargo después de este mantenimiento y la vía, la seguridad vial de los ciudadanos y demás, y, segundo, porque también tendríamos nosotros muchos menos kilómetros de vías que mantener y conservar, lo cual está siendo un problema a lo largo del tiempo que vemos que nos está costando esta cuestión.

He procurado ser muy rápido y ya no sé ni cómo empezar, porque entiendo que deberíamos tener la capacidad de presentar más mociones posiblemente en este Pleno, pero limitar el uso del tiempo. Lo que no se puede estar es 25 minutos hablando sobre un tema, o 30 o 35 minutos, repitiendo los argumentos de forma constante. He pretendido y he procurado ser lo más didáctico posible, creo que las vías provinciales tienen que ser cedidas en los tramos urbanas porque así lo demandan los alcaldes, porque luego a la hora de tramitación de licencias y cesiones y demás hay un contacto mucho más directo de los vecinos con su Administración y creo que esto es razonable y pido el voto favorable para esta moción.

Gracias.

Sr. Lema Suárez

Si, nós imos apoiar esta moción, trouxemos unha dun contido moi semellante en febreiro do 2020, se non me equivoco, que foi aprobada; hoxe, entre os asuntos que resolvemos, que aprobamos estaba unha cesión de vías ao Concello da Coruña, un dos motivos que se acaban de expoñer porque as vías provinciais, coa evolución da urbanización, pasan por tramos urbanos pasa a ser travesías e polo tanto teñen outras necesidades que non contempla o mantemento mínimo ou o mantemento que lle fai a Deputación.

Polo tanto, por todos eses motivos nós imos apoiar esta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, eu estendereime na miña exposición o que considere oportuno, tendo en conta que cobramos case 600 € por estar aquí sentados, como se teño que estar ata as 6 da tarde. Por tanto cada un, o que queira ser máis conciso na súa intervención, que o sexa loxicamente, algúns efectivamente ás veces repetimos as argumentacións para que queden suficientemente claras, pero, en todo caso, aquí non hai límite de

tempo para estar e eu non teño présa ningunha, páganme para estar aquí, polo tanto, o tempo que sexa necesario.

Dito isto, sobre esta moción que presentan vostedes, intentarei ser moi breve, e precisamente se intentamos ser breves xa nin sequera tiña que haber moción, porque xa no último Pleno se explicou o que ía pasar con este asunto, que a Deputación está a favor de ceder esas estradas pero de facelo sempre que se cumpran as condicións, porque ninguén pide estradas tal e como están. As peticións de estradas que hai, excepto algunha, que levanta a man o señor Calvelo, das pouquiñas, solicítanse melloradas, solicítanse ampliadas, solicítanse pavimentadas, etcétera, etcétera. Entón, o que se acordou foi que, tendo en conta que estamos a favor de cedelas, estudaríase caso a caso, porque hai peticións de distintos concellos que non é igual unha a outra, son moi distintas, e polo tanto fai falta unha análise pormenorizada de cada unha desas peticións.

Tamén é importante lembrar que a Deputación Provincial trasladou aos concellos un escrito hai uns meses para que aqueles que estiveran interesados en ceder estradas provinciais, na cesión de estradas provinciais ao seu municipio, que o trasladaran. Penso que houbo 7 concellos de 90 que fixeron esa petición, por tanto tampouco é unha necesidade tan imperiosa que afecte a toda a provincia, porque hai 83 concellos que non pediron absolutamente nada. É certo que despois algún alcalde de palabra púidoo trasladar aquí, pero xa repito cada un deles cunhas consideracións moi concretas para esas estradas, e iso fai que se teña que asumir esa cesión da que estamos a favor dunha en unha.

Por tanto, como iso xa se explicou no anterior Pleno, xa saben vostedes que é así, hoxe acabamos de votar, isto xa é de repanocha, todos os que estamos aquí sentados, a cesión de varias estradas nun punto, xa ven que non hai ningún tipo de intención por parte deste Goberno de non cedelas, pero queremos facelo dunha determinada forma. Entón, en aras de aforrar ese tempo, igual era mellor non ter presentado esta moción porque xa sabía vostedes cal é a resposta, xa saben vostedes que se están a ceder estradas e saben vostedes cal é o criterio desta Deputación, porque cedelas todas xuntas obrigaría a reformular todo o capítulo de investimentos do Departamento de Vías e Obras, porque loxicamente os cartos non van aparecer por arte de maxia. E se temos que amañar todas as estradas que se piden xuntas para cedelas todas xuntas, pois teremos que detraer os fondos doutras partidas; seguramente aí xa non estarían vostedes tan de acordo e serían os primeiros en sentarse no salón de plenos a dicir que estamos quitando cartos doutros sitios que tamén son moi necesarios. Por tanto, a mellor forma de facelo entendemos que é esta que lles acabo de explicar.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Yo no tengo prisa, nunca, cuando hablo de política yo nunca tengo prisa. Yo lo que digo es que, en vez de limitar a dos mociones, podemos hablar de 6 temas pues ajustando el tiempo, como se ajusta en todos los sitios, y no que un día venga aquí

uno con ganas de hacer un Aló Presidente y esté 50 minutos. No pasa nada, todos lo podemos hacer, no hay ningún problema, simplemente es una sugerencia. Tampoco me refería a usted, no sé por qué se dio por aludido, en todo caso.

Bien, respecto a este tema, en esta explicación que usted ha dado yo tengo aquí una petición del Concello de Boqueixón del año 2020 que no ha sido contestada a día de hoy, supongo que la habrán vuelto a pedir. Pero en todo caso hay una contradicción; dice: solo ha habido 7 peticiones, y no vamos a poder abordar el alud de peticiones. Es una propia contradicción. Yo es que con usted tengo un problema, señor Fernández, se lo digo, eh, con todo el aprecio y la estima que le tengo, y creo que usted utiliza una táctica que yo le he ido ya siguiendo al principio que me tocaba más verlo, ahora que me toca más compartirlo, por no decir padecerlo, que no pretendo decirlo, yo entiendo que usted utiliza sus cuatro primeros minutos para argumentar y lo suele hacer en virtud de su ideología pues razonablemente bien, y a partir del minuto 4, minuto 5 empieza usted a hacer una mezcla de cuestiones de una cosa a otra, medias verdades, vuelve sobre el asunto, pretendiendo despistar, distraer o dormir al que tiene que debatir con usted. Por lo que tengo entendido, le funciona razonablemente bien. Yo he llegado a la conclusión de que a partir del minuto 5 desconecto y me pongo en modo *off*, espero a que acabe y luego vuelvo a mis argumentos porque, si no, caería en su trampa, que es debatir de lo que usted quiere que debata, no de lo que yo quiero debatir. Yo cuando traigo una propuesta quiero debatir sobre mi propuesta, no sobre sus comentarios a mi propuesta.

En todo caso, yo creo que esta es una iniciativa interesante. Si hay pocas solicitudes de vías, deberían ser tenidas en cuenta, aquí hay una de Boqueixón, hoy se trajeron varias de la ciudad de A Coruña, aquí en Pleno se ha hablado de una cesión a Oleiros, que no sé ni si estaba pedida, en una gracia del presidente al señor, y yo lo que pretendo es que esto no sea una cuestión de gracias o de decisiones personales, que sea algo que esté reglado para que todos los ayuntamientos, independientemente de quién gobierne en esta casa e independientemente de quién gobierne en cada ayuntamiento, sepan cuál es el sistema de solicitud de la cesión de las vías, eso es lo único que pretendo, igualdad.

Nada más, muchas gracias.

Sr. García Seoane

Imos ver, eu expreseime en diversas ocasións sobre este tema e expuxen o que pensaba, non? É certo que non hai moitos concellos, acábase de dicir agora que 7 pediron simplemente algún tramo de estrada, non vai haber moitos concellos que piden as estradas porque despois hai que mantelas, non é no momento no que pidas o tramo determinado, despois a partir dese momento teno que manter e os concellos non son parvos, moitos, os que teñan experiencia, e non van aceptar que lles entreguen unha rúa coa carga de mantela, excepto que sexa un tramo, como dicía o Sr. Ben, dunha vila importante, eu que sei, o centro de Arzúa, casos como Boimorto, que cando pasas polo centro da localidade aquel tramo debe ser, eu entendo que debe ser, son travesías, e que deben ser entregados aos concellos se o solicitan. Eu creo que ata os concellos estarían obrigados a solicitar eses tramos porque aliviaría

un montón de trámites aos veciños desa localidades por onde foran travesías nos núcleos urbanos. Por tanto, eu estou de acordo en que hai que facelo. Outro tema é que, non, vamos solicitalas e entréganmas todas arranxadas, está claro que habería que facer uns prazos porque é imposible, se houbera unha demanda moi grande sería imposible abordalo pola Deputación *ipso facto.* Pero xa digo, abertos a iso, eu estaría totalmente e de feito vou votar a moción.

(Abandona a sesión a Sra. Muiño Filgueira).

E, respecto ao tempo de exposición, volvo á carga outra vez. Eu non vin aquí a durmir, eu veño aquí a debater se teño que debater, a escoitar e a aprobar, eu veño aprobar eu non veño denegar cousas aquí. O meu voto sempre vai ser positivo para que se leven cousas adiante. Pero, por favor, en calquera Parlamento deste Estado, en calquera Parlamento dos concellos hai uns tempos para falar e non podemos repetirnos e estar 35 minutos ou 4 intervencións sobre o mesmo tema porque, se isto pasa no futuro, eu voume a ausentar dos plenos, quero avisalo, voume ausentar. Cando chegue o momento das mocións e ocorra iso voume levantar e voume ao meu municipio. Cumprín o meu cometido aquí, vin aprobar as cousas das comisións informativas e do que pasa ao Goberno, e cando empecen estes debates tan odiosos eu voume ausentar, quero que quede claro, quero que quede claro, por se fai falta o meu voto, nada máis que para iso, quero que quede claro. Eu vin aquí aprobar pero non veño aquí a durmir, porque se me sacan a foto durmindo, manda carallo!, manda carallo! E, claro, pódome chegar a durmir, porque ás veces é tremendo, é soporífero o tema...

Señor presidente

Pero cando falas ti tamén, non creas que es a alegría da horta.

Sr. García Seoane

Non, non eu non deixo durmir a ninguén, eu non deixo durmir a ninguén, comigo ninguén dorme, comigo ninguén dorme. Ben, o dito, vou aprobar a moción e, por favor, por favor no futuro sexamos máis...

Sr. Presidente

Si, Sr. Fernández Piñeiro. Sé breve por favor.

Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente, e sen ánimo de durmir a ninguén. De todos modos, señor Ben, está vostede moi errado na miña estratexia porque se fora de durmir ao contrario a verdade é que pouco éxito tiven ata o de agora, que nunca vin durmir a ningún de vostedes no seu sillón, así que penso que nese aspecto, nesa apreciación está vostede equivocado. Sobre se vimos aquí a durmir ou non, a min as intervencións merécenme todas o maior dos respectos e intento seguilas todas con atención, ou polo menos escoitalas con atención independentemente de que duren máis ou

menos.

Dicía vostede que se hai un estado de graza que se lle concede unha a Oleiros a outro non, non é que non se trata diso. Aquí aprobouse en abril un catálogo de estradas da Deputación Provincial e hai unha lei autonómica, que é a Lei 8/2013, de estradas de Galicia, que establece os supostos nos que se poden realizar as transferencias. Non é algo que decida o presidente, alá aí toma, aí che vai, non é así. Iso establece que unha travesía urbana adquire a condición de vía urbana, é un dos motivos, caso no que será entregado ao concello correspondente, que exista un previo acordo entre as administracións sobre o cambio de titularidade dunha estrada, dito cambio deberá ser aprobado por Decreto do Consello da Xunta, no caso das autonómicas, ou que exista un previo acordo entre as administracións sobre o cambio de titularidade dun tramo dunha estrada. Nese caso o regulamento de estradas establece no seu artigo 18.11 tal tal. Ben, está perfectamente xestionado isto, é dicir, non é discrecional, non se lle dá unha estrada ao señor Seoane en Oleiros por gusto do presidente.

O que estaba dicindo antes e entendo que vostede intentou aí, ben, a ver se pillaba o asunto, pero non é así. Eu dixen que só se pediron 7 transferencias, non dixen que non podiamos asumir o aluvión de transferencias, digo que facer as transferencias todas xuntas implica detraer fondos doutras partidas, porque aquí hai estradas que para entregalas tal e como están custan millóns de euros, que haberá que sacalos dalgún sitio, porque eu creo que non os traerá aquí nin o grupo do Partido Popular nin o van poñer os alcaldes. Por tanto, se queremos transferilas todas xuntas, hai que poñer cartos, moitos, e hai que sacalos dalgún sitio, porque non aparecen por xeración espontánea, iso é o que estaba dicindo. Non manipule vostede a miña intervención dicindo que non imos poder asumir o aluvión, non; digo que as peticións para poder asumilas hai que sacar os cartos dalgún lado. Entón o normal é, utilizando ese catálogo de estradas da Deputación, utilizando a normativa ou lexislación aprobada pola Xunta de Galicia e tendo en conta as posibilidades presupostarias, este Goberno irá cedendo estradas, como xa se demostrou hoxe aquí. Por iso entendemos que non ten ningún sentido esta moción, porque pide algo que xa se está a facer, a única diferenza é que pide que se faga todo xunto, e nós o que dicimos é que hai que facelo estudando caso a caso, porque as peticións, se imos máis aló desa que poñía vostede exemplo e analizamos unha a unha, non son iguais en todos os casos. Nalgunha xa dixen antes, pídese que se ceda pero que se poñan os pasos de peóns antes ou que se corrixa unha curva ou que se amplíe ou que se poña unha senda. Por tanto, non se poden aceptar todas xuntas e cumprir todas xuntas, temos que ir pouco a pouco analizando caso a caso, que é o que se está facendo.

Por tanto, sacando a parte positiva de todo este asunto, estamos todos os aquí presentes de acordo en que se cedan as estradas aqueles que o pidan, pero vaiámolo facer con certa orde.

Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (13 do PP, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados/as (9 do PSOE e 3 do BNG)

Abstéñense: 1 deputada (BNG - en virtude do art. 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para que ceda a titularidade aos concellos da provincia nos tramos que así o soliciten, as estradas de titularidade provincial que discorran polos seus municipios

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Defínese estrada como a vía de dominio e uso público (propiedade das administracións públicas e de libre acceso) proxectada e construída para a circulación de vehículos automóbiles.

A rede viaria dun Municipio é esencial para o seu desenvolvemento e crecemento porque é o único medio que permite o transporte de persoas. Grazas á rede viaria, é posible satisfacer as necesidades básicas de educación, traballo, alimentos, saúde, etc. Por este motivo, para que un Concello sexa estratéxico, é preciso ter un sistema viario adecuado, porque é a única maneira de garantir a mobilidade plena, satisfacendo así as necesidades esenciais da poboación.

Os investimentos insuficientes ou a mala administración da rede viaria municipal terán consecuencias graves para a economía e o benestar social do municipio.

Engadida a esta cuestión, a do diferente estado das estradas provinciais atendendo á relación de identidade ou non entre a cor política dos diversos gobernos municipais e o goberno da Deputación ao longo da historia, atopamos a cuestión da propiedade das vías.

Así, na maioría dos Concellos da provincia, o trazado das estradas provinciais cruza, a modo de travesía, polo centro do centro urbano, tornando complexa, cando non imposible, a vontade do goberno municipal de dotala de equipamentos e mesmo ornatos específicos acordes coa súa localización.

Outras veces atopamos que a mesma estrada pasa sucesivamente de ser de competencia provincial, a estatal ou local sen que sexa posible discernir as razóns desa distribución ou, tamén, cando os motivos para os seus sucesivos cambios de titularidade cambiaron hai tempo, coa expansión e diseminación dos núcleos urbanos, e perderon hoxe a súa razón de ser orixinal.

Polo exposto, co obxecto de racionalizar e homoxeneizar a titularidade, o estado de conservación e dotación de servizos das vías provinciais, faise necesario a formalización do cambio de titularidade dos viais a favor dos Concellos da Provincia que así o soliciten, en perfecto estado de uso, mediante a subscrición da

correspondente acta de entrega parte da Deputación provincial da Coruña, xunto coa documentación técnica e administrativa que especifique os seus singulares características, as instalacións auxiliares de que dispoñan e o estado de conservación e mantemento dos tramos de estrada que sexan obxecto de cesión entre as citadas administracións.

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación, ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Instar á Deputación da Coruña, a que proceda á cesión da titularidade das estradas provinciais a favor dos Concellos nos tramos que así o soliciten, en perfecto estado de uso, é dicir, unha vez realice as obras correspondentes de reparación, conservación e adaptación á normativa de circulación actual e accesibilidade dos peóns que utilicen ditas vías."

Sr. Presidente

A seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para instar a Xunta de Galicia a que cumpra co pacto do Fondo de Cooperación Local.

5.Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia, hai 12 anos, as políticas desenvolvidas polo Partido Popular téñense caracterizado polo desprezo das administracións locais. Nestes anos, o goberno autonómico ven incumprindo dun xeito sistemático os acordos incluídos no Pacto Local, desatendendo as peticións da FEGAMP, ignorando as necesidades das facendas locais, e sobrecargando aos concellos con competencias impropias. Dáse o paradoxo de que os cidadáns reclaman aos concellos servizos públicos que son competencia da Xunta de Galicia.

A Xunta, que lle nega fondos aos concellos coa escusa de que polo seu pequeno tamaño non poden xestionalos, non dubida en deixar nas súas mans tarefas de tanto calado como a loita contra a pandemia, sen traspasar aos concellos nin un euro dos máis de 1.100 millóns de fondos Covid transferidos pola UE e polo goberno do Estado. Dun xeito conveniente para a Xunta, os concellos son administración de segunda categoría cando esixen que se actualice o seu financiamento, pero pasan a ser responsables cando se trata de dar resposta inmediata aos cidadáns.

Lonxe de apostar polas administracións locais, a Xunta de Galicia, nos seus orzamentos do 2021 reduciu nun 6,4% as transferencias directas aos concellos, nun ano no que as facendas locais afrontaron non só os gastos derivados da Covid, senón a un incremento de 17.000 novas solicitudes de axudas que incrementaron o gasto dos servizos sociais municipais nuns 6 millóns de euros mensuais, segundo constatou

a FEGAMP.

E non é so que se reduzan as transferencias, é que estas se reparten con criterios partidistas, optando de xeito preferente polo réxime de concorrencia non competitiva.

Polo anteriormente exposto, e como firmes defensores da necesidade de abordar unha actualización da lei das facendas locais que permita aos concellos asumir o custo real da oferta de servizos públicos que demandan os galegos e as galegas, propoñemos ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia:

1. Que respecte o Pacto Local así como todos os acordos firmados coa FEGAMP e as entidades locais.

2. Que comece a elaborar unha Lei autonómica de participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.

3. Que mentres a devandita Lei non se aproba, incremente a contía do Fondo de Cooperación Local, fondo que non medrou nos 12 anos de goberno de Feijóo, e que se teña en conta ás deputacións provinciais.

4. Que suprima o actual sistema de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva que favorece aos concellos de cor política afín ao goberno da Xunta e adopte un sistema de reparto de fondos con criterios obxectivos e transparentes, semellantes aos aplicados no Plan Único posto en marcha pola Deputación Provincial da Coruña.

Sr. Fernández Piñeiro

Xa comentabamos na Xunta de Voceiros a motivación pola que hoxe traïamos a Pleno esta moción que está directamente vinculada co municipalismo e que é un sentir xeral de moitos alcaldes e alcaldesas, xa non son este provincia senón de toda Galicia, que vén dado polo incumprimento, ata certo punto, por parte da Xunta de Galicia do que son as súas obrigas cos concellos aos que nos obrigan, valla a redundancia, a asumir competencias impropias e os gastos derivados destas sen acompañalo dos fondos necesarios, xa non é dicir que esteamos a asumir esas competencias impropias, senón que tampouco, a pesar de facelo, nos dan os fondos para poder custealas.

É algo no que vimos incidindo xa ao longo desta lexislatura e da pasada lexislatura porque, como repito, así nolo teñen trasladado moitos alcaldes e moitos dos aquí presentes, incluídos os do Partido Popular saben perfectamente do que estamos a falar.

Os acordos desta moción que son aos que vou dar lectura, a exposición de motivos non ten sentido, todos xa a temos, xa a vimos, é:

- En primeiro lugar instar a Xunta a que respecte o Pacto Local, así como todos os acordos firmados coa Fegamp e as entidades locais.

- Segundo, que comece a elaborar unha lei autonómica de participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.

- Terceiro, que mentres a devandita lei non se aproba incrementa a contía do Fondo de Cooperación Local, fondo que non medrou nos 12 anos de Goberno de Feijóo e que se teña en conta as deputacións provinciais.

- E cuarto, que suprima o actual sistema de subvencións e en réxime de concorrencia non competitiva que favorece os concellos da cor política afín ao Goberno da Xunta e adopte un sistema de reparto de fondos con criterios obxectivos e transparentes, semellantes aos aplicados no Plan único da Deputación Provincial da Coruña.

Ben, sobre este último punto, Plan único, entendemos que agora que o Partido Popular xa defende o Plan único, sería bo que trasladásemos de aquí aos seus compañeiros da Xunta de Galicia que hai un modelo que se pode emular de reparto de fondos públicos que é moito máis xusto que ese modelo sacado da manga por orde de chegada. Xa falamos en varias ocasións do que iso supoñía e era que viamos as concesións, o 99% cando non o 100% dos beneficiarios eran concellos do Partido Popular, a pesar de que non son a maioría nesta provincia, é curioso.

Na última das convocatorias, unha subvención de mellora da creación de infraestruturas nos concellos de Galicia convocada pola Consellería de Medio Ambiente, o 9 de marzo deste ano 2021, en 9 minutos esgotáronse os fondos, pero non 9 minutos ás 12 da mañá cando todos os concellos temos funcionarios e persoal para traballar, non, 9 minutos 43 segundos ás 12 da noite. Ben, pois é bastante curioso que eses concellos tiveran persoal a esas horas mentres os demais non o temos; ademais de que este tipo de sistema de concesión de subvencións, igual non sendo tan desconfiado como o señor Lema, pero quedando nun punto intermedio, home, pode parecer que alguén desfruta dunha información privilexiada da que non desfrutamos os demais, porque é tan sinxelo como chamar ao amigo de quenda e dicirlle oe que saibas que o día tal sae esta subvención, ten preparado o proxecto e así lévala, e iso é o que está pasando, porque, se non, non ten sentido que sexan todos do Partido Popular e no peor dos casos o 99%. Non sei se aos representantes do Partido Popular que tanto bramaban contra este Plan único, aínda que, repito, noutras lexislaturas e agora xa aceptan, lles parece xusto ese sistema de reparto; ou se lles parece xusto, se lles parece ben que mudemos as bases do Plan único e repartamos os fondos así, pois os 80, 90 ou 100 millóns dalgún ano que repartimos a través do Plan único se lles parece ben aos membros do Partido Popular que os repartamos por orde de chegada, seguramente algúns teriamos moitos máis cartos ou tocaríannos bastantes máis cartos dos que nos tocan. E se aínda encima de facelo así avisamos antes os compañeiros, xa lle digo que iso ía ser un maná. Pero nós entendemos que a Administración ten que funcionar dunha forma distinta, por iso traemos hoxe aquí esta moción.

Sobre o Fondo Galego de Cooperación, xa non é que non se vexa incrementado como se pon na moción, que é verdade, senón que nos últimos tempos detraeron ata un total de 14 millóns de euros dese fondo. A verdade é que a estratexia

da Xunta de Galicia nese aspecto é ata certo punto semiintelixente, porque, que facemos os concellos?, oia, obrígannos a nós a retirar os niños de velutina, non temos competencias e cústanos diñeiro, e di a Xunta, ben, pois despois de tanto solicitar por parte dos concellos que a Xunta asuma o que é a súa competencia, non hai problema, vámolo facer nós. En principio todos dicimos, benvido sexa, aplaudimos. Ai si, pero despois que fan? Pois bírlannos 3, 4 ou 5 millóns de euros do Fondo de Cooperación para financiar ese servizo. E a través do Fondo de Cooperación financiamos cousas, ou dos fondos que se detraeron dese fondo, tan curiosas como as achegas que se dan aos concellos que teñen cárceres, que xa me dirán por que os demais concellos temos que pagar por iso. Polo tanto, que fai a Xunta nesa estratexia? O que acaba de dicir, vai quitando cartos, por non ser redundante, do Fondo de Cooperación, e con iso paga aquelas cuestións que son da súa competencia. Por tanto, ao final de contas seguímolo pagando igual os concellos. Ou o pagamos de forma directa, asumindo esa competencia impropia e poñendo cartos do propio Concello, ou a asumimos de forma indirecta cando nos quitan os cartos do Fondo de Cooperación.

E se realmente, como temos escoitado en moitas ocasións aquí, defendemos o municipalismo, a independencia dos concellos e un reparto xusto dos fondos públicos que saen dos petos dos cidadáns, que non saen de ningún político, de ningún xestor público, deberiamos estar a favor desta moción que hoxe se presenta, porque os datos que aquí se aportan son perfectamente contrastables, aquí non hai ningunha mentira, non hai ningún tipo de manipulación. Os datos que veñen aquí son datos que todos temos claro que son así, incluso como digo alcaldes e concelleiros do Partido Popular que hoxe están sentados neste Pleno representando os seus veciños.

Polo tanto, pedimos o apoio dos distintos grupos desta Corporación para sacar adiante esta moción, que o único interese que ten e que persegue, como digo, é mellorar o financiamento dos concellos, que é tan necesario nestes tempos que corren.

Nada máis e moitas grazas.

(Incorpórase a sesión a Sra. Muiño Filgueira).

Sr. Lema Suárez

Ben, nós imos apoiar a moción, pensamos que efectivamente ten unha dotación insuficiente o Fondo de Cooperación e tamén que o método de asignación de concorrencia competitiva non é o que procede para a asignación de fondos nos concellos. Ao mellor para cuestións como venda de entradas a un concerto ou outro tipo de cuestións, si tería sentido, pero para a asignación de fondos públicos ao Concello ten que ser concorrencia competitiva, ten unha tramitación máis dificultosa, pero é moito máis xusto que esta maneira de estar a media noite introducindo os datos na plataforma, que realmente é unha forma bastante estraña de proceder.

Nada máis e grazas.

Sr. Regueira Varela

Ben, como María quedou lesionada doutros debates previos, tócame a min defender os próximos dous puntos. Vamos a ver, eu creo que ogallá nalgún momento sexamos tan vehementes á hora de debater algo tan importante como é o financiamento local, porque eu creo que é unha das grandes materias pendentes a nivel estatal e a nivel galego sen dúbida. Ogallá, insisto, en que os grupos teñamos iso, tanta vehemencia e tanto desexo de chegar a acordos e de convencer como estamos dispostos noutro tipo de puntos.

Nós non somos moi favorables a que a Administración galega financie as deputacións provinciais, pero cremos que mentres as deputacións provinciais teñan que asumir competencias impropias que neste caso son competencias propias da Comunidade autónoma, tamén deberían entrar dentro dun hipotético fondo ou mecanismo de reparto ou de financiamento local.

Estamos absolutamente a favor da moción e cremos que a Xunta de Galicia, a Administración autonómica, debería ter un instrumento parecido ao Plan único, ou pode ser outro instrumento calquera, con criterios obxectivos e transparentes onde, como ben defendía o señor Ben tamén no tema das estradas, sen depender da cor política, todos tiveramos polo menos un horizonte económico para traballar nos nosos orzamentos municipais. Polo tanto, eu creo que é unha materia urxente non só a nivel galego, xa digo, tamén a nivel estatal.

Eu acabo de chegar de representar a Deputación nunha cidade do Estado, neste caso Málaga, pódese dicir, que por ter máis de 500.000 habitantes tiña 900 millóns de euros de orzamento para este ano. Ben, pois a realidade galega é diferente, e eu creo que esa realidade diferente tamén se debería contemplar a nivel de Estado en mecanismos de financiamento, e polo tanto eu tamén deixo claro que o noso grupo defenderá, e defenderá con toda a contundencia, que dende a Xunta, a través do Fondo de Cooperación Local ou de calquera outro, pois dalgunha maneira se instale algún mecanismo que nos dea máis solvencia ás administracións locais, porque ao final defendemos todos que somos as corporacións locais, os gobernos das administracións locais, pero tamén a oposición, quen temos que solucionar os primeiros problemas que teñen a nosa veciñanza e a nosa cidadanía.

E logo xa aproveito tamén para entrar un pouco no debate anterior, o señor Ben dicía que debería haber unha fórmula de amañar e transferir estradas sen depender da cor política, coa que eu estou de acordo, aquí temos estradas tamén dentro deste ámbito que ao mellor, porque el dicía que conectaban, ben, que cando foron deseñadas eran para conectar municipios diferentes. Ben, aquí temos estradas que eu creo que pola tipoloxía da estrada e polo que conectan, como é cabeceiras de comarca con cidades, a capital de Galiza, a capital da provincia, pois tamén deberían ser de titularidade autonómica, estámolas pagando dende a Deputación da Coruña. A min cónstame que o último presidente do Partido Popular que tivo a Deputación da Coruña, o último presidente do Partido Popular que tivo a Deputación da Coruña fixo esforzos co Goberno galego da súa mesma cor política para que lle aceptaran transferencias e non lla aceptou, porque non todo o mundo está disposto a aceptar

transferencias que despois ocasionan gasto corrente.

Polo tanto, o debate do financiamento é urxente, necesario e eu creo que é imperioso de cara ao futuro, onde seguramente a actual crise nos vai pasar factura. E xa digo, aínda que nós no tema das deputacións, de que a Xunta teña que financiar as deputacións non estamos moi de acordo, cremos que, mentres a Deputación da Coruña e as outras deputacións teñan que financiar competencias que son da Comunidade Autónoma, si se debería ter un mecanismo de axuda moito máis potente porque aquí estamos financiando servizos de competencia autonómica nos que nós aportamos ata o 80%, polo tanto, en fin, aínda que temos ese matiz imos apoiar a moción sen ningún tipo de cuestión.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días de nuevo a todos.

Hoy es un día bastante complicado para estos debates porque hace un rato, viendo la prensa, nos encontramos con que los ayuntamientos de España van a tener que devolver 3.000 millones al Estado, la ministra así lo ha dicho, 3.000 millones al Estado sin haber recibido 1 € del Estado para la lucha frente a los efectos de la pandemia.

Bueno, esto son situaciones que también nos pueden dar lugar a muchos comentarios que pueden dar lugar a otro tipo de moción, que, bueno, más adelante igual habrá que profundizar en esto.

Dicho lo cual, como esta moción efectivamente trae bastantes cuestiones y ya no es una cuestión tanto de debate ideológico, de sensaciones o sentimientos políticos, pues yo voy a ceñirme a la lectura de las notas que hemos preparado, para no entrar en otros debates y así también limito mi tiempo, porque voy a ser bastante extenso, no tanto como algún otro, pero voy a ser algo extenso en este tema.

Muy bien, pues la Xunta de Galicia defiende la autonomía local y la suficiencia de las haciendas municipales. Compartimos desde luego la necesidad de avanzar en un nuevo modelo de financiación autonómica y local. Desde la Xunta se hizo un importante esfuerzo durante los peores años de la crisis económica para mantener la financiación de los ayuntamientos independientemente de la recaudación, y en la actualidad se sigue trabajando de la mano de las entidades locales para seguir avanzando en la coordinación entre ambas administraciones para prestar más y mejores servicios a la ciudadanía. El actual Gobierno actuó de forma ejemplar en la búsqueda de la mejora de la situación financiera para los ayuntamientos.

Hay que recordar que Galicia fue una Comunidad Autónoma pionera en fijar un modelo de participación estable en las entidades locales en los tributos autonómicos en 2011, con una garantía de mínimos, una verdadera participación de ingresos, ya que está vinculado en la recaudación tributaria de la hacienda autonómica, objetivo e incondicionado en su aplicación, haciendo por tanto una firme defensa de la suficiencia financiera de las entidades locales que consagra la Constitución.

El Fondo de Cooperación Local se contempla como un fondo incondicionado, de manera que el importe recibido por los ayuntamientos gallegos opera como un recurso propio y puede ser destinado a lo que ellos quieran sin tener que justificar los gastos.

Se trata de un fondo garantizado, puesto que su importe no puede ser inferior en ningún ejercicio a lo que recibió cada ayuntamiento en el año 2010. Previamente la participación de los ayuntamientos en los tributos de la Comunidad Autónoma no garantizaba una cantidad mínima, cosa que ahora sí. Así, la Xunta distribuye cada año más de 120 millones de euros a través del Fondo de Cooperación Local, 122 millones de euros este año. Concretamente, para este año 2021, el fondo base de 102,9 millones es un fondo adicional de cerca de 9 millones de los que 268.907 euros se destinarán a la Fegamp y los restantes a financiar necesidades específicas acordadas entre la Xunta y los ayuntamientos en el seno de la Subcomisión de Régimen Financiero y Económico.

Pero las ayudas de la Xunta de Galicia a los ayuntamientos no se limitan únicamente al Fondo de Cooperación Local, sino que, teniendo en cuenta las demás transferencias a entidades locales que figuran recogidas en los presupuestos para el año 21, recibirán más de 400 millones de euros, en concreto 401.373.909, esto es 10,5 millones de euros más que el año pasado.

Desde la Xunta siempre se reclamó al Gobierno central que en estos momentos de máxima necesidad para los ayuntamientos las entidades locales deberían poder hacer uso del superávit y de los remanentes, unos ingresos que le corresponden y más en estos momentos donde es preciso tomar medidas de inmediato para atajar la crisis económica, y esto ya es una realidad a iniciativa del Partido Popular. Se pueden gastar parte de los remanentes de tesorería generados en los últimos años por tener superávit.

Hace falta insistir además en que los ayuntamientos tengan recursos a disposición, como el Fondo de Cooperación Local, a través del cual, esto ya hicimos mención antes de los 120 millones de euros, y para el año 21 el total de las transferencias a entidades locales superará los 400 millones de euros. Además no entendemos esta demanda de recursos adicionales a la Administración autonómica a la que apenas nos llegaron los recursos del sistema de financiación para atender el importante gasto sanitario y mantener el déficit en los parámetros acordados en el Consejo de Política Fiscal y Financiera, y tendrá que hacer frente a una cuantiosa liquidación negativa en el año 22 al amparo de las reglas de funcionamiento del antedicho sistema.

Por lo tanto, cabe recordar que Galicia recibe 220 millones menos de ayudas del Gobierno para autónomos y empresas por el impacto de la pandemia; es decir, menos de lo que le correspondería en una situación de reparto ordinario. En un momento difícil para el sector de la hostelería y el comercio, el Gobierno establece medidas con criterios territoriales, lo que perjudica a Galicia, que debería recibir 330 millones por el sistema de reparto de financiación autonómica.

Lamentablemente, el Gobierno central está penalizando tanto la hostelería como el comercio de Galicia porque aplica unos criterios de reparto distintos a los habituales. Así, una vez más, el bipartito PSOE-Podemos toma una decisión arbitraria que no responde a criterios objetivos, ya que se basa en esa subjetividad unas decisiones que van a penalizar a Galicia, pero bueno también comprobamos cuál es el posicionamiento o cuál va a ser el posicionamiento del BNG en esta cuestión, o cuál viene siendo últimamente, es decir, que el Gobierno sigue unos criterios distintos a los acordados en el seno del Consejo de Política Fiscal y Financiera al apostar por una subjetividad que no responde a una situación de pandemia. Otra medida en la que el BNG y la Marea apoyan al Gobierno de España en detrimento de los gallegos es que el Consejo de Ministros aprobó el Decreto de medidas urgentes para garantizar la solvencia de las empresas, que contará con un fondo de 7.000 millones de euros en ayudas directas, 2.000 millones de euros solo para Canarias y Baleares, y no prima a Galicia en plena celebración de los dos años Xacobeos.

En relación con los Presupuestos Generales del Estado, convendrán conmigo en que fue una muy mala noticia la inversión prevista para Galicia, ya que fue un 11% menos que en las últimas cuentas aprobadas en el año 18, es decir, es más, es la cifra más baja de los últimos 15 años, curiosamente cuando el gasto en la comunidad sube más de un 5% en Galicia.

En contraste con lo que sucede en otras comunidades autónomas, como Cataluña, donde la inversión crece un 67%, o en la Comunidad Valenciana, donde la inversión sube un 61%. Lamentablemente los números son así de claros y lo que es medible no es opinable. Además, Galicia también baja la inversión regeneralizable al 6,6, cuando se estaba en el 9% en el año 2018. Esto es incuestionable. Y qué decir de los fondos europeos. La distribución de los primeros 10.000 millones de las ayudas REACT-EU, la comunidad gallega no sale favorecida. El reparto que se ha hecho sirve exclusivamente para mantener la mayoría parlamentaria del Gobierno. Nos perjudicaron con los fondos covid, con los presupuestos y ahora nos quieren perjudicar con los fondos europeos para servicios públicos. El reparto de los REACT-EU es una decisión unilateral que perjudica a Galicia, siempre gana Cataluña y perdemos los mismos, lo curioso es que no se ha escuchado a ningún Grupo, salvo al Partido Popular, en esta Corporación hacer algún comentario respecto a este asunto.

A algunas comunidades les ha tocado el gordo y a nosotros nos toca pagar las participaciones y los décimos para pagar ese gordo que le ha tocado a algunos. El reparto que se ha hecho sirve exclusivamente, repito, para mantener la mayoría parlamentaria del Gobierno, perjudicando a las comunidades cumplidoras como Galicia.

Si miran qué comunidad gana, siempre es la misma, o son las mismas; las que pierden siempre indefectiblemente es Galicia y casi siempre Castilla y León. No tiene ningún sentido, llueve sobre mojado y que los criterios empleados para el reparto responden a los intereses del Gobierno de coalición para mantener un Gobierno que lo está pasando muy mal y que tiene que aguantar dos años más, sea como sea. Los recursos procedentes de la Unión Europea son una pieza fundamental y una gran oportunidad si realmente el Ejecutivo central cuenta con las comunidades autónomas y permite el acceso a esos fondos en igualdad de condiciones, pero no todas las

comunidades están siendo tratadas por igual, repito.

Todo esto contrasta con esa necesidad de una cogobernanza real entre el Gobierno de España y las comunidades autónomas, que siempre manifiesta el señor Sánchez en sus alocuciones televisivas. Es lamentable que el Gobierno central lleve muchos meses perjudicando a Galicia en el reparto de los fondos que se habilitan para la lucha contra la pandemia y sea solo el PP el único que sigue en la pelea reivindicándolo.

Tampoco les hemos escuchado o hacer reivindicación alguna en esta moción relativo a la devolución del IVA para Galicia y para los gallegos, pues desde aquí les recuerdo que el Tribunal Supremo ha obligado al Estado a abonar a Galicia una parte de la recaudación pendiente del IVA de 2017 con una cuantía estimada en 204 millones de euros, 204 millones de euros, repito.

Una vez más, el Partido Socialista y sus socios nacionalistas nos vuelven a perjudicar. La Xunta y los gallegos teníamos razón, porque no tiene sentido que el IVA recaudado en la comunidad no repercuta en la hacienda pública autonómica. Una vez más el Gobierno de Pedro Sánchez hizo lo que le dio la gana y usó el dinero de los gallegos destinado a la sanidad y a los servicios sociales para financiar sus decisiones y mantenerse en el Gobierno, porque, ojo, el Tribunal Supremo sentencia: “De lo recaudado en Galicia, el 50% del IVA y del IRPF corresponde a los gallegos”. Por lo tanto, el alto tribunal reconoce una vez más que Galicia tenía razón y que las gallegas y gallegos tenemos que recuperar el dinero que se nos debe. Pero no solo eso, como bien saben y por iniciativa del PP en el Parlamento de Galicia, la Cámara gallega pidió devolver de inmediato el IVA a Galicia y que esta devolución del IVA se haga extensiva a todos los ayuntamientos y a las diputaciones provinciales por una cantidad que se estima en torno a los 40 millones de euros.

Tampoco nos podemos olvidar, y también se ha hablado aquí en alguna otra ocasión de la Ley de dependencia, porque la falta de compromiso presupuestario por parte del Gobierno central se contrapone con la voluntad de la Xunta, ya que actualmente en Galicia se está invirtiendo en la Ley de dependencia un total de 400 millones de euros, de los cuales el 76% están originados en las arcas de la Xunta de Galicia, es decir, de todos los gallegos, y a los que solo un 24% aporta el Estado, cuando la ley claramente estipula que tiene que ser una aportación del 50% el Estado y del 50% la Xunta. De eso tampoco les hemos escuchado decir nada.

Y me llama la atención que solicitan ustedes mayores transferencias de la Xunta para la Diputación y a día de hoy disponen de 246.895.678,21 céntimos en la cuenta de esta institución de fondos líquidos de entidades bancarias en vez de realizar aquellas competencias que la Ley de régimen local le encomienda a esta Diputación. Es decir, ayudar a aquellos ayuntamientos con menos capacidad, a aquellos ayuntamientos que no tienen la capacidad de preparar o de tener un abastecimiento como es pedido en otras ocasiones o demás. Bueno, pues eso es la realidad de lo que hay.

Señor presidente, el gasto extraordinario derivado del covid, de la pandemia,

supuso en 2020 un gasto extraordinario para la Xunta de 629 millones de euros, 629 millones de euros, con un esfuerzo adicional para la Administración autonómica de 100 millones, ya que tuvo que gastar esa cantidad por encima de los recursos recibidos. En cuanto al desglose por área de estos 629 millones de euros, 270,3 millones, la mayor parte se destinaron lógicamente a sanidad, 115 a educación y 70,2 fueron para el refuerzo de las políticas sociales, y finalmente 53,7 se destinaron a políticas de empleo.

El año 2020 fue un año excepcional en el que el Ejecutivo gallego tuvo que tomar medidas presupuestarias con una triple prioridad: la sanitaria, la económica y la social. A día de hoy somos líderes en el esfuerzo inversor y en el pago a proveedores en un año excepcional Galicia, y en eso también esta institución, hay que reconocerlo, es ejemplar en la hora del pago y en el plazo de pago a proveedores, no cabe duda, pero yo no me voy a extender ya mucho más, pero, repito, no me parece procedente su iniciativa creo que sí deberíamos hacer una serie de reivindicaciones conjuntamente a las que he hecho alusión aquí en esta larga intervención, y yo creo que sí tenemos que reclamar al Gobierno del Estado que nos trate a los gallegos como merecemos, como Galicia merece, no como Galicia merece, como le toca, como le corresponde, y no seguir sufriendo estos agravios que al final evidentemente corresponden en menores recursos para la Administración autonómica que indefectiblemente suponen menos recursos para todos los gallegos.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Regueira Varela

O señor Ben dicía antes que escoitaba o portavoz do PSOE 5 minutos e despois os 15 restantes deixábao porque, se non, condicionáballe o debate, e eu vou facer o seu consello meu, e tamén prestei atención aos 5 minutos e despois no de España nos roba xa deixei de escoitar, porque falamos do Estado, da Comunidade Económica Europea, de Podemos, da hostalaría, de Cataluña, sobre todo de Cataluña, dos fondos europeos, da hostalaría, ben... E despois que gañan sempre os mesmos. Eu simplemente por un chascarrillo: Lineker, un excelente dianteiro centro inglés, dicía que o fútbol era un deporte que xogaban 11 contra 11 e sempre gañaba Alemaña, Alemaña perdeu contra Suíza, entón algún día ha de nos tocar tamén gañar a nós, eu espero co voto favorable do Partido Popular, incluso se é necesario contra a súa forza política no Estado.

Mire, falou vostede do Fondo de Cooperación Local, e dicía vostede para este ano 122 millóns de máis de 11.400, 122 millóns a repartir entre 313 concellos. Esta Administración, sen chegar aos 190 millóns de euros, 84 para 93, eu creo que ese é o camiño, e creo que podemos todos chegar a un acordo, todos podemos chegar a un acordo, porque no fondo se lle preguntaramos aos alcaldes e alcaldesas da provincia da Coruña e de Galiza todos desexarían ter unha especie de Plan único da Xunta claramente coñecido por todos, que funcionara dunha maneira transparente e que non dependera da forza política que gobernara. E creo que iamos estar todos de acordo, iso é o que realmente se pide na moción, non se piden outras cousas. O resto é retórica política, é evadir o debate. Realmente aquí do que estamos falando é dunha

urxencia, dunha urxencia na que coincidimos todos, pero que queremos afrontar todos de diferente maneira segundo nos toque. E hai materia pendente a nivel do Estado e hai materia pendente a nivel da Xunta, e estaría ben recoñecer, como se recoñece o de o Estado, tamén estaría ben recoñecer o déficit da Xunta porque é moito e coa boca pequena, ao mellor tomando un café, algún alcalde ou algunha alcaldesa do Partido Popular tamén o recoñecería.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, a verdade é que o señor Ben para facer esa pequena crítica que me fixo hai escasos 15 minutos vexo que asumiu vostede e aplica a maneira rigorosa esta suposta estratexia que me adxudicaba a min, que era a de falar moito tempo de cousas que non teñen que ver co que se estaba a tratar para ver se durmía o contrario. Ben, neste caso non tivo vostede éxito, non conseguiu durmirme, pero a verdade é que a estratexia quedou bastante clara porque falou de todo menos do que se fala na moción.

Entón eu, como tampouco me quedou moi claro o que van facer, eu pregúntolle se a van votar a favor ou en contra, porque, claro, escoitándoo a vostede dicindo todo o que hai que pedir para Galicia e que é de xustiza, un podería pensar, ben, pois dá a impresión de que a van votar a favor, porque aplicarán a mesma reflexión aos concellos e, por tanto, como é de xustiza que teñamos un mellor financiamento, votarán a favor. Pero, claro, non me queda moi claro a verdade porque, como nomea tanto o señor Sánchez, xa me fai desconfiar, e digo eu, ben pois igual nomea tanto ao señor Sánchez para intentar botarlle a culpa tamén deste problema e unha vez máis non exixirlle ou solicitarlle nada á Xunta de Galicia. Por tanto, non teño claro aínda o que van votar vostedes aínda que desconfío que seguramente voten que non.

En todo caso, e por facer o chiste, faltaba rematar a intervención con aquilo do camarote dos irmáns Marx: e tres ovos duros, porque falou de todo aquilo que ten que ver con financiamento de todo o Estado da Xunta de Galicia, pero nada co que estamos a falar aquí. E non me contestou vostede á segunda pregunta, que lle volvo a reiterar: están vostedes de acordo en que os fondos se repartan por orde de chegada, en concorrencia non competitiva? Porque igual, se están vostedes de acordo, non estaría de máis traer unha moción a este Pleno para que a Deputación modifique ese sistema e o faga como o da Xunta de Galicia, porque non se poden defender os dous, ou defendemos un ou defendemos o outro, os dous é imposible.

Entón, ao final o que deixa en evidencia ese tostón que escribiron aí, con todo o respecto, é que non hai argumentos para contraargumentar, valla a redundancia, contra esta moción. Entón falamos de Pedro Sánchez, que é como o demo, o culpable da morte de Manolete, hai uns anos era Zapatero, e hai algúns anos e de vez en cando era o bipartito, agora xa din que hai un segundo bipartito malicioso, que é o de Podemos e o Partido Socialista, antes era Partido Socialista e BNG; hai outro bipartito tamén que é bastante malicioso que é o de PP-Vox, pero dese nunca falan. En todo caso, como non queremos falar de cuestións que non teñen que ver co que traemos a Pleno, é importante que me aclare estas dúas cuestións que lle acabo de preguntar, e

o que dicía o señor Regueira, que é importante facer, pararnos un momento sobre esa cuestión.

Hoxe acabamos de aprobar un Plan único, uns investimentos nun plan único por importe de 83 millóns de euros con criterios obxectivos para 90 concellos, e vostede vanaglóriase de que a Xunta de Galicia reparte 122, 102 porque este ano hai unha redución, entre 315 concellos para toda Galicia. Nosoutros 180 millóns de orzamento, a Xunta de Galicia 11.000.

E o que xa é de traca porque é a guinda do pastel do indefendible é que volvan outra vez vostedes co tema dos 200 millóns na conta. Pero que non son nosos, que son dos concellos! E, se non, eu non teño ningún inconveniente en que traian vostedes unha moción no seguinte Pleno pedindo que eses 200 millóns que hai en conta se repartan entre os 90 concellos, a ver que di algún alcalde seu que os ten sen gastar. Porque, oe, repíteno como se fora unha especie de mantra, hai 200 millóns sen gastar, como se nós fósemos uns mesquiños que temos os cartos aí e pouco máis que a xente anda escribindo cun pizarrillo na Deputación. É que é unha cousa surrealista, e mire que nos cansamos de insistir e mire que lle demos argumentos para que quede claro, pois non, pois vostede segue cos 200 millóns, ben, pois home, cada louco co seu tema, non hai problema. Pero, se tanto caso fan vostedes dos informes de Intervención desta institución, sería ben tamén que se leran informes cando falan deses 200 millóns, a ver se só vai valer o de Vías e Obras, porque, home, buscou vostede argumentos de todo tipo, non sei que lle faltou por dicir a verdade, estou intentando incluso buscar algo para facer un chiste pero nin me sae, porque, home, son tantas cousas que non teñen que ver co que estamos aquí a falar.

Entón, repito e para acabar e ser breve, van votar ou non a favor da moción e comparten vostedes que o criterio de reparto de fondos públicos sexa por orde de chegada e concorrencia non competitiva ou como facemos aquí con criterios obxectivos?

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Señor Fernández, el sentido del voto respecto a su moción es un no rotundo. Y, repito, hay varias cuestiones, la Xunta de Galicia este año ha gastado 629 millones de euros para hacer frente a esta pandemia. Ha incrementado su gasto y ha hecho un tratamiento de una situación complicadísima en la historia de este país, la más complicada, que se ha determinado como ejemplar en todos los datos, los datos objetivos y los datos subjetivos. Así se ve reflejado en los datos sanitarios, etcétera, etcétera; en el sentimiento que los ciudadanos establecieron en julio pasado y que a día de hoy, por lo que se percibe en todas las encuestas, siguen percibiendo. Aquí no está esa cuestión, ustedes tienen un problema de gestión, ustedes aquí tienen un problema de gestión y ese problema de gestión que tienen reflejan esos datos bancarios, que les molestan, c...!, con perdón, cómo no les van a molestar, cómo no les van a molestar. La única duda es si les molesta o les avergüenza, porque es la única cuestión que tiene que estar en dirimirse, si les avergüenza o les molesta tener

esa cantidad de dinero en el banco con las necesidades que hay en esta provincia con un problema de gestión y, si ustedes no son capaces de gestionar, dejen pasar a quienes sepan. Evidentemente no es mi caso concreto particular, pero sí tengo compañeros que seguramente podrían demostrarle cómo se gestiona una Administración pública, no tengo ninguna duda.

Porque normalmente usted en su Ayuntamiento, en Pontedeume, tendrá un problema de recursos, seguramente, y muchos compañeros, y lo que no tienen muchos compañeros es un problema de incapacidad de gestionar y ejecutar los recursos que tienen, y no nos podemos resignar y decir “no, podemos”; no, no podemos no; no, no saben, ese es el problema que tienen ustedes. Y entonces vienen aquí con estas cuestiones, que la Xunta me dé más, pero ¿para qué?, para en vez de tener 249 millones de euros tener 259, tienen un problema, un problema serio.

Y luego hay una cuestión que le voy a decir aquí ahora que me gustaría que me dijera un ayuntamiento, uno, o una Comunidad autónoma, una, donde el Partido Popular comparta gobierno con Vox, un ayuntamiento o una comunidad autónoma donde el Partido Popular comparta responsabilidades de gobierno con Vox, como ustedes comparten aquí con el BNG, obviamente, o como el señor Sánchez comparte con la señora Díaz en Madrid, etcétera, etcétera. Dígame usted una comunidad autónoma o ayuntamiento donde Vox esté en el gobierno con el Partido Popular, por favor, porque necesito saberlo, porque lo repiten permanentemente como un mantra sabiendo que es absolutamente falso, absolutamente falso. El Partido Popular no gobierna con Vox en ninguna institución y esto tiene que quedar muy claro, porque es así, nada más. Evidentemente el voto es negativo y lo que me pasé en el primer turno lo he descontado en este segundo.

Gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

A min non me molesta, señor Ben, que cite vostede 200 millóns, eu simplemente non me cansarei, porque non teño tampouco maior esforzo por facelo, en repetirlle que eses cartos non son nosos. De feito, mire, hoxe traemos o punto número 9 neste Pleno que di: “aprobación da prórroga da vixencia do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación da Coruña provincial e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento de obras de mellora ambiental do campo de fútbol”. Ben, neses 200 millóns están os cartos do Concello de Carnota, non hai problema, podemos dicirlle ao señor interventor que collan eses cartos, que anulen ese convenio e que nos dean aos demais. Pero se quere sácolle outra máis, temos aquí outro Concell,o se mal no recordo que vén algo similar... Non, non, "Aprobación do proxecto modificado da obra denominada Pav. V.P. de Nantón no concello da Baña", incluído no Plan Provincial. Se quere, deses 200 millóns que están estes cartos do concellos da Baña aí metidos, quitámolos e repartímolos entre os demais. É que é absurdo, é dicir, non hai 200 millóns sen gastar no banco da Deputación, porque non é verdade, e non é que non saibamos gastalos, é que igual algún alcalde non xestiona ben ou tamén hai moitos informes sectoriais que complican a tramitación dos expedientes, a min pásame no

meu Concello, que ás veces teño 7 ou 8, algúns deles por certo da Xunta de Galicia que ten 3 meses e tarda un ano en contestar. Entón sexamos un pouco serios.

E unha vez máis vostede amosa o que é a súa contradición, é dicir, pedimos para Galicia o que lle corresponde porque é o Estado que non goberna o PP, porque cando goberna o PP non pedimos nada, pero cando se trata dos concellos de pedirlle á Xunta o que nos corresponde, non o votan vostedes a favor, e todo iso na mesma exposición de motivos, eh. Ten vostede unha facilidade para dicir unha cousa e a contraria a continuación, dependendo de a quen se lle pida, que é pasmosa.

A min en todo caso aféctame pouco que o que poidan dicir vostedes a este respecto porque sei que o 90% ou o 100% dos alcaldes de Galicia opinan igual ca min. Que pasa?, hai algúns que loxicamente o seu partido os beneficia máis con este tipo de subvencións de concorrencia competitiva e, polo tanto, pois compénsase dalgunha maneira, e outros que non. Pero todos en *petit comité* que falamos entre nós, señor Ben, opinan coma min, non encontrei ningún que dixera o contrario, e non vou citar polo respecto que merecen, ningún, de ningún partido, nin do seu.

Entón que vostede defende isto aquí, perfecto, a min non me vai convencer nin aos que estamos aquí sentados, e nin sequera creo que se convenza a vostede mesmo, fíxese o que lle digo. Outra cousa de feito, o feito de que o lea e non mo diga penso que é bastante significativo a ese respecto, porque non o ten moi interiorizado seguramente, se non non lle faría bastante falta a vostede ler, porque é bo orador e non ten esa necesidade nunca.

Por tanto, vostedes que o queren votar en contra, pois voten en contra, nós seguimos defendendo o municipalismo e coa mesma coherencia que defendemos o municipalismo sempre, goberne quen goberne. Se mañá queren vostedes traer outra moción para solicitarlle ao Estado que mellore o financiamento da autonomía, nós tamén o votaremos a favor porque xa as temos votado nalgunha ocasión. Non coma vostedes, que só as votan cando gobernan os demais.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Rapidísimo, é simplemente unha cuestión informativa: en El Espinar o Partido Popular goberna con Vox. Provincia de Segovia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: 13 deputados/as (PP)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia, hai 12 anos, as políticas desenvolvidas polo Partido Popular téñense caracterizado polo desprezo das administracións locais. Nestes anos, o goberno autonómico ven incumprindo dun xeito sistemático os acordos incluídos no Pacto Local, desatendendo as peticións da FEGAMP, ignorando as necesidades das facendas locais, e sobrecargando aos concellos con competencias impropias. Dáse o paradoxo de que os cidadáns reclaman aos concellos servizos públicos que son competencia da Xunta de Galicia.

A Xunta, que lle nega fondos aos concellos coa escusa de que polo seu pequeno tamaño non poden xestionalos, non dubida en deixar nas súas mans tarefas de tanto calado como a loita contra a pandemia, sen traspasar aos concellos nin un euro dos máis de 1.100 millóns de fondos Covid transferidos pola UE e polo goberno do Estado. Dun xeito conveniente para a Xunta, os concellos son administración de segunda categoría cando esixen que se actualice o seu financiamento, pero pasan a ser responsables cando se trata de dar resposta inmediata aos cidadáns.

Lonxe de apostar polas administracións locais, a Xunta de Galicia, nos seus orzamentos do 2021 reduciu nun 6,4% as transferencias directas aos concellos, nun ano no que as facendas locais afrontaron non só os gastos derivados da Covid, senón a un incremento de 17.000 novas solicitudes de axudas que incrementaron o gasto dos servizos sociais municipais nuns 6 millóns de euros mensuais, segundo constatou a FEGAMP.

E non é so que se reduzan as transferencias, é que estas se reparten con criterios partidistas, optando de xeito preferente polo réxime de concorrencia non competitiva.

Polo anteriormente exposto, e como firmes defensores da necesidade de abordar unha actualización da lei das facendas locais que permita aos concellos asumir o custo real da oferta de servizos públicos que demandan os galegos e as galegas, propoñemos ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia:

1. Que respecte o Pacto Local así como todos os acordos firmados coa FEGAMP e as entidades locais.

2. Que comece a elaborar unha Lei autonómica de participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.

3. Que mentres a devandita Lei non se aproba, incremente a contía do Fondo de Cooperación Local, fondo que non medrou nos 12 anos de goberno de Feijóo, e que se teña en conta ás deputacións provinciais.

4. Que suprima o actual sistema de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva que favorece aos concellos de cor política afín ao goberno da Xunta e

adopte un sistema de reparto de fondos con criterios obxectivos e transparentes, semellantes aos aplicados no Plan Único posto en marcha pola Deputación Provincial da Coruña."

Sr. Presidente

Hai unha última moción presentada polo BNG sobre a situación de Ferroatlántica.

I.Moción do BNG sobre a situación da planta de ferroatlántica

O Comité de empresa XEAL Cee-Dumbría-Centrais Hidroeléctricas (antes Ferroatlántica), en representación dos traballadores e traballadoras, vén denunciando desde xuño do 2019 e a operaciónfraudulenta de cambio de titularidade de Ferroatlántica, xa que na práctica as plantas de Cee eDumbría funcionan como maquilas de Ferroglobe, sendo este o proveedor exclusivo e o comprador único de toda a produción destas e que pode considerarse como unha segregación encuberta das ferroaliaxes e a enerxía. Nin Ferroatlántica nin o fondo americano comprador, xestionado por Ithaka, adquiriron ningún compromiso por escrito do futuro funcionamento destas factorías nin fixeron entrega do contrato de compra-venda ou dos acordos da mesma. O tempo volve dar a razón ao comité de empresa, xa que desde o proceso de cambio de titularidade estase poñendo en perigo a viabilidade das fábricas e o mantemento dos postos de traballo, requisitos recollidos no título concesional e en distintas sentenzas xudiciais. Toda esta situación encadénase con outras semellantes que amosa a situación de abandono desta factoría, dado que desde a chegada do Fondo de Investimento Ithaka o complexo non deixa de degradarse, reducindo actividade produtiva nos fornos, destruíndo emprego en forma de 30 postos directos e 80 eventuais. Este contexto vese agravado co recente anuncio por parte da dirección de máis despedimentos exemplificados no cese dun traballador do departamento de administración que está a motivar protestas por parte dos traballadores nos últimos días. Por todo isto, os grupos políticos que conformamos a corporación da Deputación Provincial daCoruña reclamamos:

1.- A posta en marcha dos fornos e a cobertura dos postos de traballo destruídos no plantel, noemprego eventual e nas auxiliares desde xullo de 2019, así como a readmisión do traballador do departamento administrativo recentemente despedido.

2.- O apoio ás reivincidacións e acción legais postas en marcha polo Comité de Empresa ante a Xunta de Galiza e ante os tribunais para que se recoñeza a nulidade da operación de venda realizada por Ferroatlántica (Ferroglobe) a Ihaka por non terse requerido autorización administrativa previa como si se fixera no Ano 1992.

Sr. Regueira Varela

Hai que votar a urxencia. Vou intentar defender a urxencia brevemente. Chegounos a todos os grupos políticos este texto emitido polo Comité de Empresa, nós cremos que calquera problema relacionado coa industrialización da provincia é

urxente e, polo tanto, pedimos que se teña en conta a urxencia da moción que simplemente vou referirme a ela lendo textualmente o texto que nos chegou aos grupos para despois que cada grupo actúe e vote en consecuencia, claro.

Sr. Presidente

Votamos a urxencia entón.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Regueira Varela

(Da lectura á moción).

Sr. Lema Suárez

Ben antes de pasar a comentar está moción, un breve comentario sobre a moción anterior, que xa foi abondo extensa pero é curioso que 40 anos despois da inauguración do réxime do 78, aínda non exista un sistema de financiamento autonómico obxectivo, máis ou menos acordado, e eu creo que a ninguén se lles escapa que é porque os dous partidos gobernantes usaron sempre politicamente esa ferramenta, e máis ou menos cos mesmos apoios sempre, máis ou menos; con Pujol, o Majestic, agora como sexa, pero máis ou menos vén ser o mesmo, co cal non deixa de ser eu creo que tamén unha acusación un pouco banal, porque podía estar resolto e obxectivado, pero non se quere facer, porque é necesario contar con esas ferramentas cando chega o momento.

Ben, agora indo á cuestión da antiga Ferroatlántica, eu tamén teño agora certa curiosidade por saber de que xeito o Partido Popular vai eludir a súa responsabilidade do que acontece alí, tamén estou seguro de que serán capaces de facelo, pero a verdade é que non deixa de ser tamén un desafío polo seguinte: cando se acorda a nova concesión de mantemento da planta, iso está vinculado coa explotación de novos saltos de auga, non só novos saltos de auga, da repotenciación, en realidade úsase unha figura xurídica que camufla a realidade no encoro da Fervenza do Xallas; iso está vinculado co mantemento da actividade económica; é dicir, a cambio de que se repotencie, de que se lle conceda a esta empresa da propiedade de Villar Mir, enténdese que ten que haber un mantemento dos postos de traballo. O certo é que non está habendo o mantemento dos postos de traballo, que se pasou de 290 a 270 postos de traballo, que se perderon 20 postos de traballo nos últimos 2 anos, e isto vén sendo denunciado polo Comité de Empresa.

Tampouco se lle deu acceso ao Comité de Empresa, cando se vende esta empresa a Itaca, tampouco se lle deu acceso ao plan de viabilidade, como así o solicitaron. E tampouco se está garantindo o mantemento da actividade económica, de feito, Ferroatlántica convértese nunha unidade interna desta empresa, que é a única provedora e a única cliente, e ten que ser unha vez máis unha instancia xurídica, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a que lles dea a razón o Comité de Empresa, dicindo que no espírito da concesión se establece que ten que haber un mantemento do emprego en condicións semellantes ás que había inicialmente, pero non é o que está sucedendo agora, está habendo unha situación de perda de emprego.

Entón, eu creo que a denuncia da empresa é inapelable, é difícil non estar de acordo con ela. Ten ademais sustento xurídico e, desde logo, tamén unha vez máis a política industrial da Xunta de Galicia é invisible ou difícil de detectar, ou o señor ou a responsable actual da Consellería pois segue sendo unha descoñecida das afastadas terras da Fisterra galega. Polo tanto, nós visitamos tamén esta fábrica o pasado 22 deste mes e, como xa comentamos, pois transmitímoslle todo o noso apoio ao Comité de Empresa nestas reclamacións que entendemos que son xustas.

Sr. Ben Otero

Vamos a ver, buenos días otra vez.

Esto hay que decirlo como es, lo de Ferroatlántica en su inicio, no es que ahora haya en la última venta un condicionamiento a que se mantenga la actividad y que no se permita la segregación. No, no es ahora, no; esto es una cuestión es un ingenio, hay que decirlo así y hay que reconocerlo porque es así, es un ingenio en su momento del presidente Fraga que vincula esa cláusula en su momento concesional, en su momento, y sigue vigente hoy, porque cuando recurrió Ferroatlántica judicialmente para poder segregar los saltos de agua y venderlos perdió porque la cláusula la dejó perfectamente atornillada, perfectamente agarrada el presidente Fraga, que tantas cosas ha hecho por Galicia al que yo admiro con total entusiasmo, que no tengo ninguna duda. Es así, y esto es uno de los más de sus aciertos, hay que reconocerlo hoy aquí. O sea, Ferroatlántica sigue existiendo con mayor o menor éxito a día de hoy porque el presidente Fraga en su momento condiciona las concesiones de los saltos de agua con la actividad industrial, y la actividad industrial se sigue manteniendo, sí señor, es una cuestión del presidente Fraga en su momento, pero la actividad empresarial se sigue manteniendo.

¿Nosotros estamos de acuerdo en que haya menos gente trabajando y que no estén funcionando todos los hornos?, evidentemente que no estamos de acuerdo, claro que nos gustaría que estuvieran trabajando todos los hornos, pero a lo mejor algo tiene que ver en eso también el precio de la electricidad para una empresa de este tipo, de eso no te paraste a pensarlo ni un momento, ¿verdad? Pues sí, seguramente tenga algo que ver el precio de tal, claro que sí.

¿Nos gustaría que volvieran a trabajar todas las personas que han perdido su puesto de trabajo? Por supuesto, igual que me gustaría, porque esta moción

inicialmente la ibas a presentar tú, Lema, que finalmente nos ha llegado a todos los grupos, Regueira la ha presentado perfectamente, aquí nadie ha hablado de los 1.500 puestos de trabajo que se van a perder en el Sepe, en el Servicio Público de Empleo estatal; es que de estas cosas no hablamos, pero hablamos de un trabajador de Ferroatlántica, que a mí me disgusta tremendamente que pierda este chico su puesto de trabajo, o que haya gente que pierde su puesto de trabajo, ojalá lo recuperen todos. Pero es que nosotros desde aquí no podemos obligar a una empresa a que contrate a todo el mundo, porque no tenemos esa obligación, ni somos tampoco somos, como institución, las que digamos "o apoio das reivindicacións de accións legais postas en marcha polo Comité de Empresa ante a Xunta de Galiza e ante os tribunais para que recoñeza a nulidade da operación de venda". Pues tendrán que ser los tribunales lod que diriman esta cuestión. Es que no vale de nada venir aquí con todo tipo de temas y a ver cómo podemos atacar o hacerle daño al conselleiro de Economía. Es que es absurdo este tema. Pero es importante, sobre esto, que sepas con claridad que Ferroatlantica a día de hoy se sigue manteniendo y sigue funcionando porque en su momento el presidente Fraga Iribarne tuvo la genialidad de imponer esa cláusula ,que condiciona la concesión de los saltos de agua con la actividad industrial, y la actividad industrial nos guste o no nos guste, sigue habiéndola la fábrica, la factoría sigue funcionando y es lo que establece en la cláusula, evidentemente no a toda su capacidad, por supuesto que no y ojalá lo hagan, pero la realidad es esa no hay ningún incumplimiento, entendemos nosotros, aunque también nos disgusta lo que está pasando, pero esta moción tal cual la presentan nosotros no la podemos apoyar, porque nosotros no somos competentes como institución provincial para obligar a nadie a readmitir a trabajadores o para obligar a nadie a que... Será la justicia la que dirima si la venta fue correcta o no.

Nada más, gracias.

(Abandona a sesión a Sra. Muiño Filgueira)

Sr. Fernández Piñeiro

Nós hai cuestións desta moción que compartimos e hai outras que, sobre todo neste último que comentabamos, nin a Deputación nin ningunha Administración pode exixirlle a unha empresa que contrate unha persoa. Ademais que se ese tipo de acordos abren unha porta un pouco perigosa para unha Administración, porque cada vez que hai un despedimento nos veriamos con mocións presentadas aquí por distintos sindicatos para exixirlle á empresa que contrate. Eu non sei cal é o motivo do despedimento, a verdade, non me puiden enterar, pero entendo que nós non podemos solicitar que se contrate ou que se readmita unha persoa dende unha Administración pública porque, ademais de que moralmente ten as súas dúbidas, non sei ata que punto legalmente poderiamos facelo.

Ademais diso, si que entendemos e compartimos a apertura do tema dos fornos e demais; é certo que no segundo punto nós poderiamos apoiar accións legais que presente o comité para esclarecer por vía xudicial se houbo algún caso de nulidade, pero non dar por feito que houbo nulidade porque non temos datos que así

o acrediten nin hai unha sentenza firme que o ditamine. Por tanto, nese aspecto habería que matizar ese acordo.

En todo caso, como estamos a favor do fondo pero non dalgunha das cuestións que se fan como propostas de acordo concretamente, pois a nosa postura nesta moción vai ser a abstención.

Sr. Regueira Varela

Ben, simplemente un par de aclaracións. Non se está falando dun traballador, dise que dende o cambio de titularidade en 2019, é dicir, en 2 anos escasos, perdéronse 110 postos de traballo entre directos e eventuais. Polo tanto, non é un traballador. Estase poñendo de manifesto unha situación, eu creo que non se está pedindo que exixamos a ninguén nada porque non podemos exixir evidentemente, que apoiemos unha reclamación sobre a empresa.

A min non me doen prendas en recoñecer as cousas que fixo ben Fraga ou calquera outra persoa que tivo nas súas mans decidir cousas importantes para Galiza. Evidentemente, foi unha postura intelixente, ao mellor temos que aprender e cos planos eólicos e algún punto que tratamos hoxe aquí nesta sesión, evidentemente tamén fai falta ligar a explotación de recursos ao mantemento de postos de traballo. Aquí estamos vendo como mentres Gamesa se deslocaliza queremos poñer máis aeroxeradores no territorio, ao mellor hai que seguir a postura de Fraga nesta cuestión.

Nós imos a votar que si porque entendemos que hai que facer todos os esforzos posibles para manter a industrialización que temos agora mesmo, xa non podemos perder máis capilaridade industrial, e creo que, aínda que sirva para pouco, deberiamos reclamar que a actividade se manteña no cento por cento que se viña mantendo antes do cambio de titularidade. Polo tanto, o voto do BNG vai ser favorable.

Sr. Lema Suárez

Non debo de ser eu, non me corresponde a min ser quen defenda a política económica ou a concepción económica industrial de Fraga, pero é evidente que non é a mesma que agora; Fraga non era exactamente un neoliberal, non cría que o Estado se autorregula automaticamente e que hai que privatizalo todo, viña doutra tradición onde entendían que tiña que haber una a participación do Estado nos asuntos públicos, iso non é patrimonio unicamente da esquerda, non é patrimonio unicamente da esquerda, e supoño que debedes coñecer a teóricos desta liña, da liña da protección ou da intervención do Estado na economía da propia corda política que representades vós. E Fraga encaixa dentro desa liña ideolóxica, que desgrazadamente direi que non permanece no Partido Popular de hoxe, tamén escasamente realmente no PSOE, debo dicir, pero creo que é un debate excesivo para o que se trata aquí.

Pero o que é certo é que non se está cumprindo ese acordo, que

efectivamente vén dese momento, dese momento histórico, que é cando se liquida parte do SEPI e Villar Mir faise cargo da antiga Ferroatlántica, non? E cando non se cumpre o acordo pois hai unha obriga de fiscalización do contrato, que por suposto vai moito máis alá da instancia xurídica á que apelamos sempre. Entón eu creo que tamén xa chega de apelar a agocharse sempre detrás das instancias xurídicas; non, a Xunta ten unha obriga de fiscalización do contrato e ten unha iniciativa política que ten que cumprir, e ten ferramentas de presión e moitas outras, e ten que darlle acceso aos traballadores, ao plan de viabilidade industrial que están reclamando eles dese contrato de compravenda e que non se lles está outorgando. Isto vai moito máis alá dunha cuestión de índole laboral e atinxe a aquela Administración que non digo que teña simplemente teña unha Consellería de Industria, non, non, que é responsable digamos da fiscalización desa concesión e dos saltos de auga da Fervenza do Xallas coa que está relacionada e que vén sendo que en datas anteriores, ampliándolle esa concesión, que despois posteriormente foi vendida a esta empresa estranxeira, aínda que non fose segregada grazas á iniciativa do comité de empresa que impediu que se segregase a actividade industrial da actividade enerxética. Si, si, outra cousa é que despois tamén a Xunta se sumase, pero tamén foi unha iniciativa do propio comité de empresa; home, é así, é así. Por tanto, non é unha cuestión meramente de índole laboral, é moito máis relevante con todos os respectos para o traballador que foi despedido que esta causa persoal e atinxe ao incumprimento do que vén contido nos pregos da concesión. Así de simple, e eu entendo que esta Administración igual que non pinta nada opinando sobre a cuestión dos indultos aos presos políticos cataláns, pois este caso coa mesma lóxica e como é unha fábrica que está instalada nesta provincia e nunha comarca moi degradada e moi recuada, que carece ademais case de actividade, de tecido económico industrial, pois creo que debe manifestar o seu apoio ao comité de empresa por suposto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 deputados/as (3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: 10 deputados/as (9 do PSOE e 1 do BNG - en virtude do art. 74.1 do Regulamento Orgánico)

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:14 horas.

Levantada a sesión, o Sr. Ben Otero solicita que se remita o Plan de Actuacións sobre as datas e lugares nos que se van levar a cabo os sucesivos desbroces nas vías provinciais para coñecemento e previsión dos concellos e tamén dos Grupos políticos.